

# Detrás da máscara: o poder dunha muller

Louisa May Alcott

Tradución de Antía Veres Gesto



I  
JEAN MUIR

—Chegou?

—Non, mamá, aínda non.

—Quen me dera que xa pasase todo. Só de pensalo, desacóugome e altérome. Tráeme un coxín para os cadrís, Bella.

A pobre e amuada señora Coventry afundiuse nunha poltrona cun suspiro nervioso e co aire dunha mártir, namentres que a súa fermosa filla rebulía ao seu redor, solícita e cariñosa.

—De quen falan, Lucia? —preguntou o lánquido mozo que descansaba reclinado nun diván preto da súa curmá, inclinada sobre o seu labor de tapizaría cun sorriso alegre na súa cara de natural altiva.

—Da nova institutriz, a señorita Muir. Queres que che fale dela?

—Non, grazas. Sempre me repugnou toda esa casta. Cantas veces lle agradecín ao ceo non ter máis ca unha irmá, e que fose unha consentida, para así evitar eu a imposición dunha institutriz durante tanto tempo.

—E como farás para aturalo? —preguntou Lucia.

—Marcharei cando ela estea na casa.

—Non tal. Es demasiado nugallán, Gerald —gritou un mozo máis novo e enérxico dende o recullo onde andaba a encirrar os seus cans.

—Doulle tres días de proba: se resulta soportable, nin me vou molestar, pero se, como estou convencido, é un fastío, marcho para algures, a calquera lugar lonxe dela.

—Prégovos que non faledes desa maneira tan deprimente, rapaces. Arrepíame que veña alguén de fóra moi-tísimo máis do que a vós, pero non podemos descoidar a Bella, así que eu collín folgos para aturar esta muller e Lucia tivo a bondade de ofrecerse a ocuparse dela despois desta noite.

—Non te preocupes, mamá. Seguro que é boa persoa e, tan pronto como nos afagamos a ela, non me cabe ningunha dúbida de que nos aledará tela connosco. Isto anda moi aburrido. A señora Sydney comentou que era unha rapaza tranquila, xeitosa e amable que precisaba un fogar e que me sería de axuda, así que procura que che guste pola parva e coitada da túa filla.

—Procurareino, filla, pero non se está facendo tarde? Espero que non pasase nada. Mandaches unha carruaxe á estación para recollela, Gerald?

—Esquecume, pero non está lonxe, non lle ha facer mal andar —respondeu el con languidez.

—Foi preguiza, non esquecemento, que ben o sei eu. Canto o lamento. Seguro que pensa que é unha desconsideración que deixemos que se amañe ela soa para chegar aquí a estas horas. Encárgate ti, Ned.

—Tarde piaches, Bella... O tren chegou hai un anaco. A próxima vez dáme a min as debidas instrucións. Madre e mais eu aseguráronos de que se cumbran —dixo Edward.

—Ned anda na idade de poñerse en ridículo por calquera rapaza coa que bata. Vixía ben a institutriz, Lucia, que aínda nolo vai seducir.

Gerald falara nun murmurio retranqueiro, pero o seu irmán oíuno e respondeu cunha risa xovial.

—Oxalá quedase algunha esperanza de que ti te puxeses así en ridículo, meu irmanciño. Dáme bo exemplo e prométoche seguilo. Canto á institutriz, é unha muller e debe tratarse coa cortesía usual, pero tampouco non creo que pase nada por mostrarlle un pouco máis de amabilidade, porque é pobre e non é da casa.

—Que bo corazón ten este Ned meu! Imos darlle o noso apoio á pobre rapariga, va que si? —Bella correu cara ao seu irmán e púxose na punta dos pés para ofrecerlle un bico que el non puido rexeitar, ante a invitación duns beizos rosados que se pregaban cara a arriba e aqueles ollos brillantes cheos de agarimo fraternal.

—Espero que viñese, pois, cando fago un esforzo para ver alguén, detesto que sexa en balde. A puntualidade é unha virtude importantísima e sei que esta muller non a posúe, porque prometeu estar aquí ás sete e onde van... —lamentouse a señora Coventry, cun ton doído.

Antes de que tomase alento para manifestar outra queixa, o reloxo deu as sete e soou o timbre.

—Velaí a está! —berrou Bella, que se virou cara á porta con ademán de se achegar para coñecer a muller que acababa de presentarse.

Non obstante, Lucia detívoo e ordenoulle cun ton autoritario:

—Agarda aquí, nena. Debe vir ela onda ti, e non ir ti onda ela.

—A señorita Muir —anunciou unha serventa, e na porta apareceu unha figura miúda vestida de negro.

Durante uns intres, ninguén se moveu, de xeito que a institutriz tivo tempo de ver e de ser vista antes de falaren. Todos miraron para ela e ela dedicoulles aos integrantes do grupo unha penetrante mirada que lles causou un estraño interese. Despois abaixou o ollar e entrou, cunha pequena reverencia. Edward adiantouse e recibiu-na con esa franca cordialidade que non se deixaría intimidar nin disuadir por nada.

—Madre, esta é a muller que agardaba. Señorita Muir, permita que me desculpe polo evidente descoido que tivemos ao non mandar a ninguén a recollela. Houbo un engano coa carruaxe; ou, máis ben, o nugallán ao que se lle pediu que se encargase, esqueceuno. Bella, ven aquí.

—Grazas, non fai falla que se desculpen. Non esperaba que ninguén viñese recollerme.

A institutriz sentou con submisión e sen erguer os ollos.

—Alégrome de vela. Permita que lle colla as cousas —interveu Bella, con bastante timidez, pois Gerald, aínda reclinado, observaba o grupo que estaba ao pé do lar con escaso interese, e Lucia nunca movía un dedo.

A señora Coventry escolcou de segundas e comezou a falar:

—Foi vostede puntual, señorita Muir, o cal me complace. Son unha infeliz eivada, como espero que lle comentase a señora Sydney, así que será a miña sobriña a que dirixa as leccións da señorita Coventry e, polo tanto, a quen lle deberá pedir vostede as indicacións pertinentes, xa que ela sabe o que eu quero. Co seu permiso, voulle facer unhas cantas preguntas, pois a nota da señora Sydney era moi breve e eu deixeiño todo ao seu criterio.

—Pregunte o que queira, señora —respondeu aquela voz suave e tristeira.

—Coido que é vostede escocesa.

—Si, señora.

—Vívenlle os pais?

—Non teño parente ningún neste mundo.

—Vaia, que triste! Diríame cantos anos ten?

—Dezanove.

Os beizos da señorita Muir debuxaron un sorriso mentres cruzaba as mans con aire de resignación; estaba claro que o catecismo ía durar o seu.

—Que nova! Coido que a señora Sydney dixera vinte e cinco, non é, Bella?

—Non tal, mamá, só dixo que lle parecía que tiña esa idade. Non fagas esas preguntas. Non é agradable diante de todos nós —murmurou Bella.

En Bella reflectiuse o brillo da mirada rápida e agradecida procedente dos ollos da señorita Muir, que se ergueran de súpeto, mentres engadía en voz baixa:

—Oxalá tivese trinta, pero, como non é o caso, fago o que podoo para aparentar máis vella.

Como é natural, todos miraron para ela e sentiron unha punzada de mágoa ante aquela rapaza de rostro pálido aviada cun sinxelo vestido negro, sen adorno ningún alén dunha cruz pequena de prata no pescozo. Era miúda, fraca e esbrancuxada, de cabelo louro, ollos grises e trazos afiados, irregulares pero moi expresivos. Semellaba marcada pola pobreza e que a vida lle dera máis invernía ca estío. Con todo, tiña algo nas comisuras da boca que revelaba fortaleza, e aquela súa voz clara e suave posuía unha curiosa mestura de mando e súplica nos seus variados tons. Non era unha muller atractiva, mais tampouco non era corrente, e, en estando alí sentada, coas delicadas mans no colo, coa cabeza inclinada e cun ollar amargo naquela cara magra, resultaba máis interesante ca moitas

outras mulleres despreocupadas e radiantes. Bella, cuxo corazón deseguida quedou marabillado con ela, arrastrou o asento para estar máis preto, en tanto que Edward volvía onda os cans para que a súa presenza non a incomodase.

—Teño entendido que estivo enferma —proseguiu a señora Coventry, que consideraba este feito o máis interesante de canto escoitara en relación coa institutriz.

—Si, señora, apenas hai unha semana que abandonei o hospital.

—Está completamente segura de que é sensato que se poña a dar clases tan axiña?

—Non teño tempo que perder. Collerei forzas aquí, no campo, se queren que quede.

—Está preparada para ensinar música, francés e debuxo?

—Gana de demostralo non me falta.

—Teña a amabilidade de interpretar un par de pezas para nós. Podo xulgala pola súa técnica: de cativa, eu tocaba que daba gloria.

A señorita Muir levantouse, mirou ao seu redor na procura do instrumento e, tras descubri-lo no outro extremo da estancia, dirixiuse cara a el, pasando por diante de Gerald e de Lucia coma se non os vise. Bella seguiuna e decontado quedou tan admirada que esqueceu todo o demais.

A señorita Muir tocaba coma unha amante da música e dominaba á perfección a súa arte. Engaiolounos a todos coa maxia daquel feitizo: até o desleixado de Gerald se incorporou para escoitar, Lucia deixou a agulla e Ned observaba atento como voaban aqueles dedos brancos e delgados, sorprendido pola súa forza e pola habelencia que posuían.

—Cante, por favor —suplicou Bella, ao que a intérprete rematou de executar unha abertura brillante.

A señorita Muir obedeceu submisamente e entoou unha breve melodía escocesa, tan doce e tristeira que os ollos da rapaza se encheron de bágoas e a señora Coventry tivo que procurar un dos seus moitos panos de man. Pero a música parou de socato, pois, tras un intento en balde de sosterse, a cantante escorregou do asento e quedou deitada en fronte dos abraiados oíntes, tan pálida e ríxida coma se estivese para morrer. Edward colleuna e mandoulle ao irmán deixar libre o diván, onde a deitou, mentres Bella lle quentaba as mans cunhas fregas e a nai chamaba pola doncela. Lucia mollou as tempas da pobre moza e Gerald, cunha insólita enerxía, chegou cun vaso de viño. Ao cabo dun anaco, os beizos da señorita Muir tremeron, suspirou e logo musitou, chea de tenrura e cun bonito acento escocés, coma se tivese a cabeza no pasado:

—Quede comigo, madre, estoulle moi enferma e triste aquí soa.

—Tome un gulapo. Halle facer ben, querida —aconselloulle a señora Coventry, conmovida polas queixosas palabras.

Aquela voz estraña pareceu revitalizala. Incorporouse, mirou un momento derredor, unha miga axitada, e logo repúxose e escusouse cun ollar e cun ton tráxicos:

—Descúlpenme. Levo todo o día de pé e, coa ansia de acudir á cita, esquecín comer dende pola mañá. Xa estou mellor. Remato a canción?

—Diso nada. Veña e tome un pouco de té —ofreceu Bella, chea de compaixón e de remorsos.

—Primeira escena, moi ben executada —murmuroulle Gerald á súa curmá.



A señorita Muir estaba xusto diante deles, facendo coma quen que escoitaba as observacións da señora Coventry sobre os esvaecementos, pero oíunos e mirou por riba do ombreiro cun xesto que evocaba a Rachel<sup>1</sup>. Tiña os ollos grises, pero naquel momento semellaban negros por mor de algo equiparable á carraxe, ao orgullo ou ao desafío. Un curioso sorriso percorreu o seu rostro mentres facía unha reverencia e falaba coa súa voz penetrante:

—Grazas. A última escena será aínda mellor.

O fillo dos Coventry era un home frío e desleixado, rara vez consciente das emocións e das paixóns, fosen ou non pracenteiras, pero, ante o ollar e o ton da institutriz, experimentou unha nova sensación, indefinible pero intensa. Arroibou e, por vez primeira na súa vida, pareceu avergoñado. Lucia viuño e aborreceu a señorita Muir cun odio súbito; en todos os anos que pasara canda o seu curmán, nin unha soa das súas miradas ou palabras produciran aquel efecto. Coventry recompúxose nun amén, sen deixar rastro ningún daquel cambio pasaxeiro, a non ser pola súa mirada, que desta vez denotaba interese malia a súa habitual indiferenza, e polo ton irado da súa sarcástica voz.

—Que mocíña máis melodramática! Mañá marchou.

Lucia riu e quedou compracida cando el, paseniño, foi buscarlle unha cunca de té á mesa onde se desenvolvía unha pequena escena. A señora Coventry volvera afundirse na cadeira, esgotada pola exaltación do esvaecemento. Bella bulía ao seu redor, e Edward, ansioso por ofrecerlle alimento á pálida institutriz, trataba de preparar o té sen

---

<sup>1</sup>Élisabeth Rachel Félix (Argovia, 1821-Cannet, 1858) foi unha actriz de teatro trágico. Malia á súa orixe humilde, debutou en 1837 e xa ao ano seguinte, á idade de 17 anos, deu o salto á Comédie-Française. Axiña se converteu nunha das mulleres máis célebres e admiradas do seu século grazas ás súas interpretacións nas traxedias clásicas francesas.

maña ningunha, despois de lle lanzar unha mirada implorante á curmá, que ela decidiu non corresponder. Cando o mozo tirou coa caixa de té e soltou unha exclamación de desespero, a señorita Muir ocupou con discreción o seu lugar detrás da teteira e dixo cun sorriso, mentres lle dirixía unha tímida mirada ao rapaz:

—Déixeme que asuma as miñas obrigas e que os sirva decontado. Así entendo eu que se logra que a xente se sinta cómoda. A culler, por favor. Xa me amaño soa para recoller, se ten a amabilidade de me dicir como lle gusta o té á súa nai.

Edward achegou unha cadeira á mesa e riu dos seus contratemplos, en tanto que a señorita Muir desempeñaba a súa pequena tarefa con tal habelencia e graza que daba xenio mirar para ela. Coventry demorouse un anaco despois de que ela lle dese unha cunca fumegante, para observala máis de preto, mentres lle formulaba un par de preguntas ao seu irmán. Ela fíxolle o mesmo caso que lle faría a unha estatua e, no medio do único comentario que el lle dirixiu, ergueuse para lle levar o azucreiro á señora Coventry, que caera rendida perante a graza modesta e familiar da nova institutriz.

—Querida, é vostede un tesouro. Non probaba un té tan bo des que faleceu a miña pobre doncela Ellis. Bella nunca o fai ao xeito e a señorita Lucia sempre esquece a crema. Disque o fai todo ben, e iso é un alivio grandísimo.

—Daquela, permítame que llo sirva sempre. Será un pracer, señora.

A señorita Muir regresou ao seu asento cunha cor tenue e favorecedora nas meixelas.

—O meu irmán preguntou se o fillo dos Sydney estaba na casa cando marchou vostede —interveu Edward, pois Gerald non ía molestarse en repetir a cuestión.

A señorita Muir cravou os ollos en Coventry e respondeu cun leve tremor nos beizos:

—Non, el marchou da casa hai unhas semanas.

O mozo volveu cabo da curmá e comentou, mentres se tiraba ao seu carón:

—Non vou marchar mañá. Agardarei até que pasen os tres días.

—E logo? —inquiriu Lucia.

El contestou polo baixo, sinalando a institutriz cun expresivo xesto da cabeza:

—Porque me dá que está detrás do misterio de Sydney. Leva un tempo algo raro, e agora vai e marcha sen dicir nada. Gústanne bastante as novelas de amor na vida real, se non son demasiado longas nin difíciles de ler.

—Paréceche bonita?

—Todo o contrario, coido que é unha clase de muller bastante rara.

—Daquela, por que che dá a impresión de que Sydney está namorado dela?

—El é moi de seu, e gústalle esa sorte de sentimentos e requilorios.

—Que queres dicir, Gerald?

—Deixa que Muir te fite como me fitou a min, xa verás como entendes. Queres outra cunca, encanto?

—Si, por favor.

Gustáballe que el lla servise, pois non o facía con ningunha outra muller, agás coa súa nai.

Antes de que Gerald se erguese, a señorita Muir, si-xilosa, achegouse con outra cunca na bandexa, e cando Lucia a colleu, abaneando a cabeza con frialdade, a rapaza cuscubiñou:

—Penso que é honrado avisalos de que teño moi bo oído e de que non podo evitar sentir o que se di en calque-

ra lugar da estancia. De min tanto ten o que digan, pero se cadra falan de cousas que prefiren que eu non escoite, así que permítanme que os advirta —e volveu marchar, igual de silandeira.

—Que che parece? —bisbou Coventry, mentres a súa curmá seguía a rapaza coa vista dende o seu asento, cunha expresión agoniada.

—Que criatura tan desagradable para termos na casa! Moito me pesa ser a que a recomendou, pois agora a túa nai está encantada con ela e vai ser difícil quitala do medio —lamentou Lucia, entre anoxada e entretida.

—Cala, cala, que oe todo o que dis. Seino pola expresión da súa cara, porque Ned está a falarlle de cabalos e ela ten unha pose máis fachendosa aínda ca as que pos ti, que xa é dicir. Teñamos fe. Isto está a se poñer interesante.

—Atende, está a falar. Quero escoitar —dixo Lucia, e puxo a man nos beizos do seu curmán. El bicouna e logo entretívose distraidamente fedellando nos aneis daqueles delgados dedos.

—Pasei varios anos en Francia, pero o meu amigo faleceu e regresei para estar coa señora Sydney, até que... —Muir quedou en silencio por un instante e logo engadiu, amodo—: até que enfermei. Tratábase dunha febre contaxiosa, de maneira que fun por iniciativa propia ao hospital, pois non quería poñela a ela en perigo.

—Moi ben, pero está segura de que xa non hai perigo de contaxio? —inquiriu a señora Coventry, preocupada.

—Ningún, palabra. Levo un tempo ben, pero non me fun porque prefería estar alí antes que volver á casa da señora Sydney.

—Non discutirían, non? Non terían algún problema?

—Non discutimos, señora, pero... En fin, por que non?

Teñen dereito a sabelo e non quero que unha lilaina se converta nun misterio absurdo. Como só está aquí a súa familia, contareilles a verdade. Non regresei polo señorito. Por favor, non pregunten máis.

—Ah, entendo. Moi prudente e apropiado, señorita Muir. Non volverei mencionar o asunto. Agradezo a súa franqueza. Bella, ten tino de non mencionarlles isto ás túas amigas. Por desgraza, ás mozas gústalles moito laretar, e que se andase a falar disto amolaría a señora Sydney máis ca nada no mundo.

—Moi atento pola parte da señora Sydney o de mandar a moza perigosa para aquí, onde, a falta dun, hai dous señoritos que cativar. Pregúntome por que non quedaría con Sydney, unha vez que conseguira apreixalo —murmuroulle Coventry á súa curmá.

—Porque sentía sumo desprezo por aquel parvo cun título nobiliario —a señorita Muir ceiboulle estas palabras case dentro da orella, namentres se inclinaba para coller o chal dun recullo do sofá.

—Como raio chegou aquí? —exclamou Coventry, que parecía que levara outra sorpresa—. Así a todo, é unha muller con xenio, e de verdade que me compadezo de Sydney se chegou a tentar impresionala, porque estou seguro de que obtivo unha negativa de moito pendello.

—Ven xogar ao billar. Prometéchesmo. Espero que cumpras coa palabra dada —pediulle Lucia, que se erxueu con decisión, pois Gerald estaba a amosar demasiado interese noutra para o gusto da señorita Beaufort.

—Son, coma sempre, o teu devoto número un. A miña nai é unha muller encantadora, pero as nosas xuntanzas das noites resultan algo aburridas cando só está a miña familia. Boa noite, mamá —dixo, e estreitoulle a man á súa nai, cuxo orgullo e ídolo era el, e, facéndolles aos de-

mais un amplo xesto coa cabeza, botou a camiñar detrás da curmá.

—Agora que marcharon, podemos poñernos cómodas e falar sen cancelas, porque que estea Ned tanto me ten, igual que tanto me dá que estean os seus cans —indicou Bella, mentres se acomodaba no repousapés da súa nai.

—Señorita Muir, tan só queredo dicirle que a miña filla nunca tivo institutriz e que, por desgraza, vai atrasada para unha nena de dezaseis anos. Quero que pase as mañás con ela e que a faga avanzar o máis axiña posible. Polas tardes, irá pasear ou dar unha volta na carruaxe con ela e, tras a anoitecida, pode sentar aquí connosco, se quere, ou entreterse como lle praza. Cando estamos no campo, andamos moi tranquilos, pois eu non estou para aturar moitas visitas e, cando os meus fillos queren algo de diversión, van buscala fóra. A señorita Beaufort supervisa os serventes e substitúeme na medida do posible. Eu ando algo delicada, e fico no cuarto até o serán, agás ao mediodía, momento no que saio a que me dea o aire. Imos probar durante un mes e espero que nos entendamos sen ningún problema.

—Farei canto estea na miña man, señora.

Ninguén diría que a voz submisiva e apoucada que pronunciara aquelas palabras era a mesma que uns minutos antes desconcertara a Coventry, nin que aquel rostro pálido e paciente se puidera acender cun lume tan inesperado coma cando a señorita Muir mirara por enriba do ombreiro para responder ao comentario do seu novo anfitrión.

Edward pensou para os seus adentros: «Pobre moza! Tivo unha vida ben difícil. Trataremos de facerlla máis doada mentres estea aquí». Comezou entón a súa obra benéfica suxerindo que se cadra estaba cansa. Ela reco-

ñeceu que si, de tal modo que Bella a conduciu a un cuarto luminoso e acolledor, onde a deixou tras dirixirle unhas bonitas palabras e darlle un bico de boas noites.

Cando quedou a soas, a conduta da señorita Muir foi sen dúbida peculiar. O primeiro que fixo foi apertar as mans e rosmar con paixón:

—Non volverei fracasar, se hai poder no enxeño e na vontade dunha muller! —ficou de pé, inmóbil, cunha expresión de case feroz desdén, e logo deu en sacudir os puños crispados coma se estivese a ameazar algún inimigo invisible. Acto seguido, botouse a rir e encolleu os ombros cun auténtico xesto de displicencia, mentres borboriñaba—: Xaora que a última escena vai ser mellor ca a primeira. *Mon dieu*, que cansazo e que fame teño!

Axeonllouse diante do único maletín que gardaba as súas pertenzas mundanas; abriuno, sacou del unha petaca e preparou un vaso dun licor ardoroso, do que gozou sentada na alfombra, meditabunda, namentres os seus ollos espelidos abesouraban cada recuncho do cuarto.

—Non está mal! Será un bo campo de traballo para min e, canto máis difícil sexa a tarefa, máis me ha gustar. *Merci*, vello amigo. Dásme azos e coraxe cando todo o demais non serve. Veña, o pano xa está baixado, así que podo ser eu mesma durante unhas horas, se é que as actrices son elas mesmas nalgún momento.

Aínda sentada no chan, desatou e quitou as longas e abondosas trenzas da cabeza, limpou o rosado da cara, extraeu varios dentes de perla e, ao sacar o vestido, apareceu tal e como era: unha muller macilenta, consumida e temperamental de, como pouco, trinta anos. A metamorfose resultou marabillosa, pero o disfrace estaba máis na expresión que adoptaba ca nos traxes ou nos falsos atavíos. Agora estaba soa e os seus cambiantes

trazos regresaron á súa expresión natural, fatigosa, seria e amarga. Noutroora fora adorable, feliz, inocente e tenra, pero nada diso quedaba na lúgubre muller que repousaba namentres lle daba voltas a algún erro, perda ou decepción que escurecera toda a súa vida. Permaneceu así sentada durante unha hora: ás veces xogaba distraída cos escasos cabelos que lle caían pola faciana, ás veces levantaba o vaso cara aos beizos, coma se o grolo ardente quentase o seu sangue frío, e, nunha ocasión, destapou un pouco o peito para observar cunha ollada terrible a cicatriz dunha ferida que non había moito que sandara. Á fin, ergueuse e foi amodo para a cama, coma se estivese rendida pola fatiga e pola extenuación mental.





## II

### UN BO COMEZO

Á mañá seguinte, cando a señorita Muir abandonou o seu cuarto e foi con sixilo até o xardín, só acordaran as asistentas. Mentres camiñaba, finxindo estar abstraída nas flores, os seus ollos áxiles esculcaron a mansión, vella e elegante, e o seu pintoresco eido.

—Non está mal —dixo para si, e engadiu, mentres pasaba ao xardín contiguo—: Pero poida que o outro sexa máis xeitoso, e eu hei conseguir o mellor.

Con paso vagaroso, chegou por fin á ampla campeira verde que se estendía ante o antigo pazo no que *sir* John Coventry vivía en solitario esplendor. Tratábase dun lugar vetusto e maxestoso, con moreas de carballos, sebes coidadas, xardíns alegres, pórticos solleiros, pinches tallados, estancias amplas, serventes con librea e todos os luxos que corresponderían á casa patrucial dunha liñaxe rica e honorable. Os ollos da señorita Muir ilumináronse ao observar todo aquilo; o seu paso tornou máis firme, o seu porte, máis orgulloso; e na face esbozou un sorriso: o de quen se complace ante a perspectiva do logro dunha cobizada esperanza. Deseguida, mudou a súa aparencia, empurrou o sombreiro cara a atrás, xuntou con

delicadeza as mans por diante do van e adoptou o aire dunha inocente rapariga absorta na admiración daquela bela escena, ante cuxo engado non podería resistirse ningún ollo amante da fermosura.

Axiña se presentou a causa daquel repentino cambio. Un home robusto e ben parecido, de entre cincuenta e sesenta anos, apareceu pola pequena cancela que daba ao xardín e, ao reparar naquela rapaza estraña, detívose para examinala. Con todo, só lle deu tempo a lle botar unha ollada fugaz. Ela pareceu decatarse da súa presenza, virouse con expresión sobresaltada, soltou unha exclamación de sorpresa e fixo coma se dubidase entre falar e fuxir. O galante *sír* John sacou o sombreiro e dixo, con aquela anticuada cortesía que tanto lle acaía:

—Desculpe que a moleste, señorita. Déixeme compensala convidándoa a pasear por onde lle praza e a coller as flores que queira. Vexo que lle encantan, así que lle rogo que dispoña ao seu antollo destas que ten derredor.

A señorita Muir, cunha actitude encantadora de modesta timidez e inxenuidade, respondeu:

—Oh, grazas, señor! Pero son eu a que teño que pedir desculpas por entrar sen permiso. Non se me ocorrería facelo de non saber que *sír* John está fóra. Sempre quixen ver este vello lugar tan elegante, así que o primeiro que fixen foi vir nunha carreira, para deleitarme.

—E deleitouse? —preguntou el, cun sorriso.

—Iso e máis: quedei engaiolada. Este é o sitio máis fermoso que vin na vida, e mire que xa lle teño visto moitas casas señoriais de renome, aquí e tamén no estranxeiro —respondeu ela con entusiasmo.

—É todo un eloxio para o pazo, e tamén o había ser para o señor, se a escoitase —sinalou o home, cunha expresión particular.

—Non o gabaría diante del... Polo menos, non coa liberdade coa que lle falei a vostede, señor —confesou a rapaza, aínda coa mirada fixa noutro punto.

—E logo? —inquiriu o seu interlocutor, que parecía moi entretido.

—Tería medo. Non é que me arrepié *sir* John, pero teño oído tantas cousas fermosas e nobres sobre el, e profésolle tanto respecto, que non me atrevería a falar gran cousa por temor a que soubese canto o admiro e...

—E que, señorita? Remate, por favor.

—Canto o amo, ía dicir. Si, amar é a palabra, pois o home ten xa unha idade, e resulta inevitable amar a virtude e o valor.

A señorita Muir semellaba expresarse con franqueza e resultaba atractiva; estaba de pé, e as raiolas reflectíanse no seu cabelo louro, no seu delicado rostro e nos seus ollos abaixados. *Sir* John non era un home vaidoso, pero agradoulle escoitar como aquela descoñecida lle falaba de si mesmo, e sentía unha curiosidade redobrada por saber con quen estaba a tratar. Dado que era demasiado educado para preguntar ou para avergoñala confesándolle aquilo que a moza parecía descoñecer, deixou ambos os descubrimentos ao azar e, cando ela se virou, como para desandar o camiño, el ofreceulle a presa de flores de invernoiro da que termaba, e apuntou, cunha galante reverencia:

—En nome de *sir* John, permítame ofrecerlle o meu pequeno ramallete e agradecerlle a boa opinión, que lle aseguro que non é de todo merecida, pois eu coñezoo ben.

A señorita Muir levantou rápido a vista, esculcouno durante un instante, e logo apartou a mirada e tatexou, ruborizada:

—Non sabía... Descúlpeme. É moi amable, *sir* John.

El botou a rir coma un neno e preguntoulle, con picardía:

—Por que me chama *sir* John? Como sabe que non son o xardineiro ou o mordomo?

—Até agora non reparara no seu rostro, e ninguén máis ca vostede diría que as gabanzas eran desmerecidas —musitou a señorita Muir, aínda cativa da inocente confusión.

—Vaia, vaia, deixémolo correr. A próxima vez que veña por aquí, presentarannos como é debido. Bella sempre trae as amigas ao pazo, porque a min me gusta moito a xente nova.

—Eu non son amiga dela. Son a institutriz da señorita Coventry.

A señorita Muir inclinouse con submisión. O comportamento de *sir* John sufriu un leve cambio. Poucos repararían nel, pero a señorita Muir notouno deseguida e mordeu os beizos cun sentimento de anoxo no corazón. Cun curioso aire de orgullo, mesturado con respecto, aceptou o ramo de flores que aínda se lle ofrecía, devolveulle a *sir* John a reverencia de despedida e marchou; o vello cabaleiro quedou alí, preguntándose onde atoparía a señora Coventry aquela miúda institutriz tan interesante.

—Listo, non estivo nada mal para ser a primeira aproximación —comentou ela para si mentres se aproximaba á mansión.

Nunha pradaría próxima, pacía un elegante cabalo, que ergueu a cabeza e a espreitou inquisitivo, como agardando un saúdo. Seguindo un súbito impulso, a muller entrou no cercado, apañou un feixe de trevos e convidou a criatura a achegarse para comer. Estaba claro que aquel era un proceder novo por parte dunha dama, e o cabalo botou a correr a lume de biqueira, coma se esti-

vese empeñado en escorrentar a muller que acababa de chegar.

—Xa vexo —falou ela en voz alta mentres ría para si—. Non son a túa dona e rebélaste. Con todo e iso, voute conquistar, miña fermosa besta.

Sentou na herba e púxose a arrincar margaridas, cantaruxando con aire distraído, coma se non reparase nos enérxicos caracoleos do cabalo. O animal achegouse enseguida, olfateou con curiosidade e escrutouna sorprendido. Ela non lle fixo caso, senón que se puxo a entrenzar as margaridas sen deixar de cantar, coma se el non estivese. Aquilo pareceu ofender a consentida criatura, pois foi aproximándose devagar até que por fin estivo tan preto da muller como para cheirarlle o seu pequeno pé e adentrarlle o vestido. Entón, ela ofreceulle os trevos, ao tempo que pronunciaba palabras cariñosas e balbucía sons relaxantes, até que, aos poucos e con moito coqueteo, o cabalo permitiu que lle aloumiñase o lustroso pescozo e lle pasase a man pola crina.

Era un espectáculo fermoso: a delgada figura na herba e o fogoso cabalo inclinando a cabeza orgullosa cara á man dela. Edward Coventry, que contemplaba a escena, non se deu contido e saltou por riba do valado para se reunir con eles; saudou, cunha mestura de admiración e de abraio na faciana e no timbre de voz:

—Bo día, señorita Muir. Se non vise cos meus propios ollos a súa destreza e coraxe, alarmaríame por causa da súa seguridade. Hector é un animal salvaxe, incontrolable; xa mancou máis dun mozo que trataba de domealo.

—Bo día, señor Coventry. Non conte mentiras desta nobre criatura, que non defraudou a fe que lle teño. Os seus mozos non sabían como gañar o seu corazón a fin de dominar o seu xenio sen quebrantalo.

A señorita Muir erguérase mentres falaba. Pousara a man no pescozo de Hector, en tanto o animal comía na herba que ela lle apañara nas faldras do vestido.

—Vostede ten o segredo e agora Hector é súbdito seu, pero até este momento non quixo amigar a non ser co dono. Quere darlle o seu banquete matutino? Sempre lle traio pan e xogo con el denantes do almorzo.

—Daquela, non é vostede celoso? —dixo ela, e mirou para el cunha expresión tan brillante e fermosa nos ollos que o mozo se sorprendeu de non os valorar até aquel instante.

—Eu non. Déalle todos os mecos que queira. Hanlle facer ben. É un solitario; despreza os seus e vive só, coma o seu amo —engadiu, medio para si.

—Só, cun fogar tan ben aviado, señor Coventry?

Os ollos brillantes dela mirárono de esguello, con doce compaixón.

—Expreseme con ingratidade, é certo. Retiro as miñas palabras, pois Bella non as merece. Os fillos máis novos non teñen máis lugar ca aquel que gañan co seu esforzo, xa me entende... E eu aínda non tiveron a oportunidade de tentalo.

—Os fillos máis novos! Eu pensaba que... Descúlpeme —a señorita Muir detívose, coma se lembrase que non tiña dereito a facer preguntas.

Edward sorriu e contestou con franqueza:

—Non, por min non se preocupe. Talvez pensou que eu era o herdeiro. E logo quen creu que era o meu irmán onte pola noite?

—Un invitado que admiraba a señorita Beaufort. Non oín o seu nome nin o observei dabondo como para descubrir quen era. Só me fixei na súa amable nai, na súa encantadora irmá pequena e...

Calou de socato. Lanzoulle ao mozo unha mirada entre tímida e agradecida que concluía a frase mellor ca palabra ningunha. El aínda era un rapaz, malia os seus vinte e un anos, e as súas fazulas morenas tingúronse cun lixeiro rubor cando aqueles ollos elocuentes se atoparon cos seus e se abaixaron ante eles.

—Si, Bella é unha rapaza extraordinaria e é inevitable querela. Sei que vai avanzar con vostede, pois é evidente que se trata da rapariga máis torpe e adorable coa que se vai atopar. A enfermidade da miña nai e a devoción de Bella por ela impedíronnos prestarlle atención á súa educación até agora. O próximo inverno, cando vaiamos á cidade, celebraremos a súa presentación en sociedade e terá que estar preparada para un acontecemento dese calibre, xa sabe... —explicou, escollendo un tema nada polémico.

—Farei o que estea na miña man. E iso recórdame que debería ir onda ela, en vez de andar aquí a divertirme. Cando unha bota moito tempo enferma e encerrada, o campo resúltalle tan estupendo que é capaz de esquecer as obrigas en favor do pracer. Fágame saber se peco de negligente, señor Coventry.

—Ese é o nome de Gerald. Aquí eu son simplemente o señor Ned —indicoulle el cando botaron a andar cara á mansión, mentres que o cabalo Hector os seguía até o valado e rinchaba un sonoro adeus.

Bella chegou ás carreiras para se reunir con eles e saudou a señorita Muir coma se estivese decidida a querela de corazón.

—Que ramo tan estupendo ten! Eu nunca dou colocado as flores con graza, e enfastíame, porque a mamá lle gustan moito, e ela non pode saír. Ten vostede un gusto exquisito —exclamou ao tempo que examinaba o elegan-



te ramallete que a señorita Muir mellorara ao lles engadir aos exemplares exóticos de *sir* John unhas herbas avelaíñas, uns delicados feitos e mais unhas recedentes flores silvestres.

Púxollas a Bella na man e díxolle, cun aquel gaioleiro:

—Lévellas pois á súa nai e pregúntelle se me concederá o gusto de lle preparar un ramallete decotío; sería para min un pracer, se ela o tivese a ben.

—Que amable é! Claro que quererá. Voullas levar antes de que lles marche o orballo.

Bella marchou voando, ansiosa por trasladarlle as flores e as cándidas palabras á pobre eivada.

Edward parou para falar co xardineiro e a señorita Muir subiu as escaleiras soa. O longo vestíbulo estaba ateigado de retratos. Ela percorreuno amodo, examinándoos con interese. Houbo un que lle chamou a atención sobre os demais, de modo que se detivo diante del e o apreciou con curiosidade. Tratábase do rostro dunha muller fermosa e nova, pero moi fachendosa. A señorita Muir sospeitou deseguida quen era, e fixo un xesto decidido coa cabeza, coma se o azar lle puxese diante unha oportunidade inesperada. Un suave frufrú atrás dela fixo que mirase derredor e, así que viu a Lucia, inclinouse nunha reverencia, medio xirada, para lle botar outra ollada ao cadro. Exclamou, cun xesto pretendidamente involuntario:

—Que fermoso! Podo preguntarlle se é unha devanceira súa, señorita Beaufort?

—Pode, é a imaxe da miña nai —respondeu ela, cunha voz lene e cuns ollos que miraban cara a arriba con tenrura.

—Ah, debín imaxinalo, pola semellanza, pero apenas me fixei en vostede onte á noite. Escuse a miña liberdade,

pero a señora Sydney tratoume como a unha amiga, e esquezo cal é o meu lugar. Permítame.

E ao que dicía esas palabras, a señorita Muir agachouse para lle devolver a Lucia o pano que lle caera da man; fíxoo cunha humildade que lle chegou á súa interlocutora ao corazón, o cal, malia que orgulloso, era magnánimo.

—Grazas. Atópase mellor esta mañá? —interesouse, con xentileza. Tras recibir unha resposta afirmativa, engadiu, proseguindo o seu camiño—: En vista de que Bella non está, voulle amosar eu a sala do almorzo. É unha comida moi informal para nós, porque a miña tía nunca baixa e os meus curmáns non viven conforme a un horario fixo. Vostede almorce cando queira, non ten que agardar por nós, no caso de que adoite erguerse cedo.

Bella e Edward apareceron antes de que elas sentasen, e a señorita Muir tomou o almorzo con discreción, moi satisfeita con aquel novo traballo. Ned relatou a fazaña dela con Hector, Bella transmitiulle o agradecemento da súa nai polas flores e Lucia rememorou, máis dunha vez e cunha vaidade perdoable, que a institutriz a comparara coa súa adorable nai e que expresara cunha mirada tanta admiración pola imaxe viva coma pola pintada. Todos se esforzaban por lograr que a pálida rapaza se sentise coma na casa, e aquel comportamento cordial pareceu conseguir que se animase e que se soltase, pois axiña abandonou o seu aire tristeiro e submisivo e comezou a amenizar a xuntanza con alegres anécdotas da súa vida en París, as súas viaxes a Rusia de cando era institutriz na familia do príncipe Jermadoff e toda clase de entretidas historias que captaron o seu interese e os mantiveron de bo humor até ben despois de remataren de almorzar.

No medio dunha fascinante aventura, entrou Coventry, fixo un xesto nugallán coa cabeza, ergueu as cellas,

como sorprendido por ver alí a institutriz, e tomou o almorzo, ensumido no tedio dun novo día. A señorita Muir parou en seco e ningún rogo a persuadiu para continuar.

—O final contareino noutro momento, se queren. Agora a señorita Bella e mais eu deberíamos poñernos cos nosos libros.

Saíu da sala, seguida da súa alumna, sen dedicarlle máis atención ao señorito da casa ca unha cortés reverencia en resposta ao seu xesto despreocupado.

—Vaia criatura máis misericordiosa! Marcha cando eu chego e non me fai a vida insufrible paseando diante dos meus fociños como alma en pena. E que, Ned, que tipo de muller é? É das morais, das melancólicas, das románticas ou das finas? —preguntou Gerald, reclinado sobre o café, como facía sobre calquera cousa que tivese entre mans.

—De ningunha desas: é unha moza extraordinaria. Oxalá vises como dominou a Hector esta mañá.

Edward repetiu a historia.

—Non é unha mala xogada pola súa parte —respondeu Coventry—. Debe de ser unha moza observadora e tamén enérxica para descubrir as túas maiores debilidades e atacalas tan pronto. Primeiro amansa o cabalo e despois o dono. Resultará entretido observar o xogo; o malo é que me verei na dolorosa necesidade de sentenciarvos cun xaque mate así que a cousa se poña seria.

—Non te vaias fatigar por min, compañeiro. Se pensa-se mal dunha rapaza inofensiva, diría que ti es o premio que máis paga a pena gañar, e aconsellaríache que tiveses coidado co teu propio corazón, se é que o tes, algo que dubido bastante.

—Eu mesmo tamén o dubido seguido. Con todo, teño para min que a escocesa esta non ha ser capaz de convencernos a ningún de nós nese aspecto. Que opinión

lle merece á Súa Alteza? —preguntoulle Coventry á súa curmá, sentada ao seu carón.

—Gústame máis do que pensei que me gustaría. É educada, sinxela e moi amena, cando quere. Había tempo que non escoitaba historias tan graciosas coma as que nos relatou. Non te espertaron as nosas risas? —respondeu Lucia.

—Espertaron, si. Así que agora compensádeme entrendome.

—É imposible: a metade do engado radica no seu acento e no xeito que lles imprime ao contalas —explicou Ned—. Ben puidiches demorarte outros dez minutos... A túa aparición estragou a mellor historia de todas.

—Por que non seguiu? —quixo saber Coventry, cunha miga de curiosidade.

—Esqueces que nos oíu onte á noite e que debe de pensar que a consideras un fastío. Ten o seu orgullo, e ningunha muller esquece palabras coma as que saíron da túa boca —contestou Lucia.

—Nin tampouco as perdoa, penso eu. Vaia, daquela terei que resignarme a esmorecer co seu desagrado. Sydney fixo que espertase en min algo de curiosidade por ela. Non é que espere que me vaia contar algo, pois unha muller cunha boca así nunca confía nin confesa nada. Pero teño o antollo de saber que foi o que o cativou, porque cativado estaba, diso non hai dúbida, e non era por ningunha dama da alta sociedade que coñecese. A ti chegouche aos oídos algo diso, Ned? —inquiriu Gerald.

—Non me gusta andar con chismes nin con dixomedixomes, así que nunca lles fago caso.

Dito iso, Edward saíu da sala.

Xusto despois, a ama de chaves chamou por Lucia e Coventry quedou coa compañía que máis fatigosa lle

resultaba: a de si mesmo. Ao que entrara, oíra parte da historia que a señorita Muir estaba a contar e espertáralle tanta curiosidade que, ansioso, se preguntaba cal sería o final.

«Por que raio escaparía cando entrei eu?», pensou. «Se é entretida, terá que facer algo de utilidade, pois eu recoñezo que é sumamente aburrido estar aquí, a pesar de Lucia. Ei, que é iso?»

Sentíase unha voz cálida e doce, que cantaba unha brillante aria italiana e que o facía con tal expresividade que a música resultaba o dobre de deliciosa.

Coventry saíu pola cristaleira e deu en pasear polo solleiro pórtico, gozando da canción co entusiasmo dun entendido. Despois desa viñeron outras, e el seguía a camiñar e a escoitar, sen reparar na fatiga nin no ton. Ao finalizar unha aria exquisita, aplaudiu de forma involuntaria. O rostro da señorita Muir apareceu para decontado esvaecerse, e xa non houbo máis música, aínda que Coventry se demorou, esperando volver gozar daquela voz.

A música era o único do que nunca cansaba, pero nin Lucia nin Bella tiñan a suficiente habelencia para agradarlle. Botou unha hora lacazaneando no pórtico e no céspede, tomando o sol, con demasiado desleixo para buscar ocupación ou compañía. Á fin saíu Bella, co sombreiro na man, e pouco lle faltou para tropezar co irmán, que estaba deitado na herba.

—Serás nugallán! Levas todo este tempo aquí folgando? —preguntoulle ela, baixando a mirada cara a el.

—Non, andei moi ocupado. Ven contarme como te levas con esa pequena bruxa.

—Non podo parar. Mandoume ir correr despois de Francés, para estar lista para Debuxo, e iso debo facer.

—Vai demasiada calor. Senta e entretén un pouco o teu irmán, que anda abandonado e leva unha hora sen máis compañía ca a das abellas e os lagartos.

Turrou por ela mentres falaba. Bella obedeceu, pois, malia o seu desleixo, el era unha persoa ante a cal todos cedían sen remisión.

—Que fixestes? Désteslle ao caletre e maquinastes toda clase de disparates refinados?

—Non, paseino de marabilla. Jean é interesantísima, moi amable e intelixente. Non me enfatiou coa maldita gramática, senón que se limitou a falar-me nun francés tan bonito que xa fixen progresos importantes, e nunca pensei que me fose gustar tanto, despois do xeito tan aburrido que ten Lucia de ensinalo.

—De que falastes?

—Oh, de cousas varias. Facíame preguntas, eu contestáballas e ela corríxíame.

—Preguntas sobre os nosos asuntos, non é?

—Nada diso. Non ten interese ningún en nós nin nos nosos asuntos. Eu pensei que lle gustaría saber que clase de xente somos, así que lle falei sobre a morte repentina de papá, sobre o tío John e sobre ti e Ned, pero no medio diso díxome, con esa tranquilidade súa: «Está a tocar temas demasiado persoais, querida. Non é o máis conveniente comentar con demasiada liberdade os asuntos propios con persoas estrañas. Falemos doutra cousa».

—De que falabades cando che dixo iso, Bella?

—De ti.

—Daquela non me estraña que se aburrisse.

—Estaba farta da miña cháchara e non escoitou nin a metade do que dixer, porque andaba ocupada bosquejando algo para que eu copie e cismando en algo máis interesante ca nos Coventry.

—Como o sabes?

—Pola expresión do seu rostro. Gustouche a súa música, Gerald?

—Gustoume. Anoxouse cando aplaudín?

—Parecía sorprendida, e logo orgullosa; pero pechou o piano deseguida, malia que lle supliquei que continuase. Non che parece que Jean é un nome precioso?

—Non está mal, pero por que non lle chamas señorita Muir?

—Pediume que non o fixese. Detéstao. E encántalle que lle chamen Jean, sen máis. Imaxinei un pequeno amorío moi bonito arredor dela e penso contarlló algún día, porque estou segura de que tivo algún enredo amoroso.

—Que non se che metan esas andrómenas na cabeza. Ti sigue o exemplo de boa educación da señorita Muir e non andes a meter o fociño nas vidas dos máis. Pídelle que cante hoxe pola noite. Distráeme.

—Coido que non vai baixar. Tiñamos pensado ir ler e traballar ao meu toucador, que agora vai ser o noso estudio. Mamá quedará no seu cuarto, de modo que ti e Lucia teredes o salón enteiro para vós.

—Grazas. Que vai facer Ned?

—Di que vai ir entreter a mamá. Coitado Ned! Oxalá te espelises e lle conseguises o nomeamento no exército. Anda o home impaciente por facer algo, pero é tan orgulloso que non cho vai volver pedir, despois de que desatendeses o asunto tantas veces e de que rexeitases a axuda do tío.

—Ocupareime diso moi pronto. Non me poñas nervioso, nena. Non lle vai pasar nada por quedar aquí connosco un tempo, con tranquilidade.

—Sempre dis o mesmo, pero sabes que o enerva depender de ti e que o contrista. A mamá e a min tanto nos

dá, pero el é un home; e é algo que o desacouga. Xa comentou que non tardará en coller as rendas e logo talvez lamentes e túa lentitude á hora de lle botar unha man.

—A señorita Muir está a mirar pola fiestra. Mellor será que vaias correr, porque, se non, vaiche rifar.

—Non tal. Non me pon medo ningún. É moi doce e agarimosa. Xa lle collín cariño. Vaste poñer tan moreno coma Ned, aquí deitado ao sol. Por certo, a señorita Muir está de acordo comigo en que el é máis guapo ca ti.

—Admiro o seu gusto e estou de acordo con ela.

—Dixo que era máis masculino e que iso nun home era máis atractivo ca a beleza. Ten moito xeito para expresar as cousas. Ben, marchó.

Bella foise bailando e cantaruxando o refrán da máis doce canción da señorita Muir.

—«Nun home a enerxía é máis atractiva ca a beleza». Leva razón, pero como diante vai ser enérxico un home, sen nada no que gastar as enerxías? —reflexionaba Coventry, co sombreiro sobre os ollos.

Uns intres despois, sentiu o ruído dun vestido rozando no chan. Sen moverse, mirou de esguello e viu a señorita Muir cruzando o pórtico, como para ir onda Bella.

Dous chanzos de pedra descendían até o céspede. El estaba deitado preto deles e a señorita Muir non o viu até que case estaba enriba del. Asustouse e esvarou no último chanzo, recuperou o equilibrio e continuou con sixilo o seu camiño, cunha mirada de desprezo inconfundible ao pasar a carón da figura xacente do mozo, que finxía durmir. Aguilloáranos varias cousas das que lle contara Bella, pero aquel ollar anoxouno, aínda que el non o recoñecería nin ante si mesmo.

—Gerald, ven aquí, bule! —chamou Bella de alí a un anaco, dende o asento rústico onde se atopaba xunto á



súa institutriz, sentada coa man na faciana, coma se lle doese algo.

Coventry ergueuse e dispúxose a obedecer con parsimonia, pero apurou o paso de xeito involuntario cando escoitou que a señorita Muir dicía: «Non o chames, el non pode facer ren», pois a énfase que lle deu á palabra *el* foi moi significativa.

—Que pasa, Bella? —preguntou, cun aspecto ben máis esperto do habitual.

—Asustaches a señorita Muir e provocaches que escordase o nocello. Agora axúdaa a ir para a casa, que lle doe moito, e deixa de andar por aí deitado a asustar na xente facendo a gata morta —espetoulle a súa irmá, con soberbia.

—Descúlpeme. Podo axudala? —Coventry ofreceulle o brazo.

A señorita Muir levantou a vista con aquela expresión que tanto o amolaba e respondeu con frialdade:

—Grazas, pero a señorita Bella pode facelo igual de ben.

—Permítame dubidalo.

Cun xesto demasiado decidido para lle opoñer resistencia, Coventry colleuna de ganchete e conduciuna ao interior da mansión. Ela cedeu con tranquilidade, comentou que a dor logo había pasar e, así que estivo acomodada no diván do cuarto de Bella, despediuno cun agradecemento conciso. El considerou que, tendo en conta o insólito esforzo que fixera, ela ben podía ser algo máis agradecida, e marchou onda Lucia, que sempre se alegraba coa súa presenza.

A señorita Muir non se volveu deixar ver até a hora da cea. Cando a familia estaba naquel retiro, ceaban cedo e non recibían visitas. A institutriz pedira permiso

para marchar durante a comida, pero baixou pola noite, algo máis pálida do habitual e coxeando un pouco. *Sir* John estaba alí, de leria co sobriño; os dous cinguíronse a saudala con esa especie de reverencia que os señores lles dedican ás institutrices. En tanto que ela se dirixía amodo cara ao seu sitio, detrás da teteira, Coventry díxolle ao seu irmán:

—Ned, lévalle un repousapés e preguntalle como se atopa.

Logo, coma se fose necesario xustificar aquela cortesía ante o seu tío, explicou que el fora a causa do accidente.

—Si, si. Entendo. Dáme a impresión de que é boa persoa. Non é o que se di unha beleza, pero si parece xeitosa e educada, que é mellor para alguén da súa clase.

—Un pouco de té, *sir* John? —preguntou unha suave voz ao seu lado, onde apareceu a señorita Muir, ofrecéndolles cuncas aos señores.

—Grazas —respondeu *sir* John, cun desexo franco de que as súas palabras chegasen até ela.

Cando Coventry colleu o té, apuntou con xentileza:

—Señorita Muir, é vostede moi indulxente ao vir servirme despois da dor que tivo que aturar pola miña culpa.

—É a miña obriga, señor —contestou, nun ton que estaba claro que dicía: «pero non o meu pracer». Acto seguido, regresou ao seu sitio, para sorrir, parolar e amosarse encantadora con Bella e co seu irmán.

Lucia, que andaba a deambular preto do tío e de Gerald, tíñaos para ela soa, pero agoníouse cando reparou en que a súa mirada se desviaba adoito cara ao alborozado grupo que arrodeaba a mesa, e tamén porque notou que a súa atención semellaba distraída polas frecuentes risadas e polos pedazos da animada conversa que lles chegaban. No medio da narración dun asunto tráxico que ela

se esforzaba por que soase o máis interesante e patético posible, *sir* John soltou unha gargallada que lle saíu do corazón, que revelaba que estivera a atender a unha historia máis divertida ca a dela. Moi amolada, comentou:

—Xa sabía eu que pasaría isto! Bella non ten nin idea de cal é a forma adecuada de tratar unha institutriz. Ela e Ned esquecen a diferenza de rango e consenten esa persoa polo seu traballo. De seu, ten tendencia a ser atrevida, e se a miña tía non se preocupa por lanzarlle unha indirecta a tempo, fareino eu.

—Agarda até que acabe de contar a historia, por favor —pediulle Coventry, pois *sir* John xa marchara de alí.

—Se che parecen tan amenas as andrómenas esas, por que non segues o exemplo do tío? Non te necesito.

—Grazas, tes razón.

Así, Lucia quedou soa.

Con todo, a señorita Muir acabara, de modo que chamou a Bella cun aceno e marchou da sala, coma se non se dese de conta dos honores que se lle rendían nin da monotonía que deixaba tras de si.

Ned subiu onda a nai, Gerald volveu para facer as paces con Lucia e *sir* John deulles as boas noites e encamiñouse cara á súa casa. Púxose a andar devagar polo pórtico até que chegou á fiestra iluminada do estudio de Bella e, con ánimo de falar con ela un anaco, apartou un pouco a cortina e mirou dentro. Atopouse cunha pequena e agradable escena: Bella traballaba con afán e, ao seu carón, sentada nunha cadeira baixa, coa luz reflectida no seu cabelo claro e na delicada silueta, a señorita Muir lía en alto.

«Novelas!», pensou *sir* John, e sorriu, tomándoas por un par de románticas. Así a todo, quedou escoitando un momento antes de falar e decatouse de que non eran

novelas, senón historia, lida cunha fluidez que facía que todos os feitos resultasen interesantes e que todos os bosquexos de personaxes resultasen memorables, polo efecto dramático que lles imprimía. A *sir* John gustáballe a historia, pero a miúdo vía limitado o seu entretemento favorito por mor da súa vista cansa. Probara a pedirlle a alguén que lese para el, pero ninguén era do seu agrado, polo que desbotara o plan. Naquel intre, mentres escoitaba, pensou no agradable que faría o discorrer dos seus seráns aquela voz que fluía con tanta suavidade, e enve-xou a Bella pola súa nova adquisición.

Soou entón unha campaña, e Bella ergueuse dun chimpó e explicou:

—Agarde por min un minuto. Teño que ir onda mamá e logo seguimos con este príncipe tan encantador.

Marchou e, xusto cando *sir* John estaba a piques de se retirar co mesmo sixilo co que chegara, o peculiar comportamento da señorita Muir provocou que se detivese un bocado. Ela deixou caer o libro, puxo os brazos riba da mesa, pousou a cabeza neles e desfíxose en bágoas, coma se non puidese conterse máis. Desconcertado e abraiado, *sir* John escapuliuse, pero aquel home bondadoso botou toda a noite espremendo os miolos con conxecturas sobre a nova e interesante institutriz da súa sobriña, sen se decatarse sequera de que iso era o que ela pretendía.



### III

#### PAIXÓN E RESENTIMENTO

Cas dos Coventry pareceu reinar durante varias semanas unha quietude do máis monótona, pero, na realidade, asexaba unha tormenta, invisible e insospeitada. Semellaba que a chegada da señorita Muir provocara un cambio en todos, aínda que ninguén podía explicar nin como nin por que.

As súas maneiras non podían ser máis discretas e retraídas. Dedicouse en corpo e alma a Bella, que non tardou en adorala e que só estaba feliz na súa compañía. Cubriu de atencións a señora Coventry para que estivese cómoda, e a muller asegurou que non había mellor enfermeira ca ela. Entretivo a Edward, captou o seu interese e conquistouno co seu enxeño e a súa empatía feminina. Conseguiu que Lucia a respectase e a envexase polos seus talentos e fixo que o desleixado de Gerald se resentise ante a persistencia coa que o evitaba, namentres que *sir* John estaba encantado coa súa cortés deferencia e coas elegantes atencións que ela lle prestaba cun aquel honesto e inxenuo que resultaba realmente gaioleiro para o vello solitario. Até lles gustaba aos serventes e, no canto de ser unha muller melancólica que anda a deam-

bular entre os superiores e os inferiores, coma a maioría das institutrices, Jean Muir era a alma da casa e amigara con todos, salvante dous.

Lucia tíñalle manía e Coventry non confiaba nela. Ningún deles podía explicar exactamente por que; ningún recoñecía aquel sentimento, nin sequera para si. Ambos os dous a espreitaban de forma encuberta, pero non eran quen de lle atopar defectos. Submisa, modesta, leal e sempre cun carácter doce: non tiñan queixa de nada e sorprendíanse ante as súas propias dúbidas, aínda que non as daban disipado.

A familia axiña se dividiu, ou máis ben dous membros quedaron apartados. Alegando timidez, Jean Muir non saía moito do estudio de Bella e moi pronto o converteu nun pequeno recanto tan agradable que Ned e a súa nai, e moitas veces *sir* John, se instalaban nel para gozar da música, da lectura ou da animada conversa que tanto admiraba os seráns.

Ao principio, Lucia estaba encantada de ter o seu curmán para ela, e Coventry era demasiado nugallán para se preocupar do que ocorría ao seu redor. Así e todo, el cansou enseguida de alternar con ela, pois non era unha rapaza brillante e posuía poucas desas artes cativadoras que enfeitizan un home e conseguen penetrar pouco e pouco no seu corazón. Aos seus oídos chegaron rumores das gandainas que se montaban, e entroulle gana de participar nelas. Por toda a casa resoaban ecos dunha música refinada, en tanto que el andaba a zangonear no salón baleiro e sentía risadas mentres escoitaba o discurso serio de Lucia.

Pola súa parte, ela axiña descubriu que a súa compañía perdera o engado, pero, canta máis ansia poñía en tentar compracelo, máis notable era o seu fracaso. Coven-

try non tardou en coller o hábito de pasear polo pórtico á noite e entretíñase pasando unha e outra vez por diante da fiestra do cuarto de Bella, albiscando cadora e cando o que acontecía e informando do resultado das súas observacións a Lucia, que era demasiado orgullosa para pedir permiso para entrar naquel círculo feliz ou deixar ver que devecía por facelo.

—Lucia, mañá marcho a Londres —anunciou Gerald unha noite, cando volvía de facer o que el chamaba «unha inspección», cun aspecto moi amolado.

—A Londres? —sorprendeuse a súa curmá.

—Si, teño que me poñer mans á obra e conseguir o nomeamento de Ned; se non, vai rematar mal a cousa.

—A que te refires?

—Nunca antes un rapaz se namorou tan rápido como o está a facer el. Esa rapaza seduciuno, e o timorato del non ha tardar en poñerse en ridículo, a menos que eu acabe con iso.

—Xa receba eu de que intentaría facerlle as beiras a alguén. Esta clase de persoas anda seguido con esas lilainas; son retorcidas.

—No que respecta á rapariga, engánaste. Ela non lle fai as beiras, e ademais Ned ten siso abondo para non se cegar por unha estúpida coqueta. Ela trátao coma se fose a súa irmá máis vella e mestura unha cordialidade do máis atractiva cunha dignidade discreta que o ten cativado. Observeinos, e velaí o tes a el, devorándoa cos ollos mentres ela le unha novela fascinante cun estilo do máis gaioleiro. Bella e mamá están absortas no conto e non se decatan de nada, pero Ned transfórmase no heroe, converte a señorita Muir na heroína e vive a escena de amor co ardor dun home cuxo corazón acaba de despertar. Que mágoa! Pobre rapaz!



Lucia miraba para o seu curmán, abraida pola enerxía coa que falaba e pola inquedanza do seu rostro, decote desganado. Aquel cambio acaíalle ben, pois amosaba o que podía chegar a ser, o cal espertaba aínda máis pena polo que era. Antes de que ela abrise a boca, Gerald xa volvera marchar... para regresar de alí a un anaco, rindo, aínda que malencarado.

—Agora que foi? —preguntou Lucia.

—Non che hai refrán máis atinado ca ese que di que «o que escoita, mal de si oe». Parei alí un momento para ver que facía Ned e escoitei estes comentarios tan eloxiosos. Mamá marchou, e Ned pedíalle á rapariga que cantase a exquisita barcarola coa que nos deleitou o outro día.

»—Agora non, aquí non —respondeulle ela.

»—E logo? Cantáchela no salón de moi boa gana —suplicoulle Ned.

»—Iso é distinto —ela mirouno e sacudiu lixeiramente a cabeza, porque el estaba coas mans cruzadas, facendo o número do patético apaixonado.

»—Entón vaia cantala alí —dixo a inocente Bella—. A Gerald gústalle moito a súa voz e quéixase de que nunca canta diante del.

»—Nunca mo pide —retrucou Muir, cun particular sorriso.

»—É demasiado nugallán, pero quere escoitala.

»—Cando mo pida, cantarei... se me apetece —encolleu os ombros cun xesto de indiferenza irritante.

»—Pero así entretense, que aquí abaixo se aburre moi-to —insistiu a parva de Bella—. Veña, Jean, non sexa tímida nin orgullosa e amenice o meu pobre irmán.

»—Non, grazas. Comprometinme a darlle clase á señorita Coventry, non a deleitar o señor Coventry —respondeulle, sen máis.

»—Se entretén a Ned, por que non a Gerald? Tenlle medo? —preguntou Bella.

»A señorita Muir soltou unha risada desprezativa e dixo, con ese ton tan de seu:

»—Non me cabe na cabeza que haxa alguén que poida terlle medo ao seu irmán máis vello.

»—Eu téñollo, moitas veces, e vostede tamén llo tería, de velo anoxado.

»Nese momento, daba a impresión de que eu batera nalgunha ocasión en Bella.

»—Acaso algunha vez está esperto abondo como para se anoxar? —preguntou a rapaza esa, como sorprendida.

»Entón vai Ned e escacha coa risa, e dáme a min que con esas andan agora, polo barullo.

—Non paga a pena alporizarse por eses absurdos rumores, pero eu despacharía a Ned, sen dúbida. Non ten sentido ningún que tratemos de desfacernos da «rapaza esa», como dis ti, pois a miña tía está tan enganada con ela coma Ned e Bella; a verdade, vaille de marabilla coa nena. Que marche Ned e así non poderá facer mal ningún —aconselloulle Lucia, mentres observaba o rostro conturbado de Coventry, que estaba de pé á luz da lúa, xusto do lado de fóra da fiestra diante da que ela sentaba.

—Ti non me tes medo? —preguntoulle el, sorrindo, coma se se avergoñase daquel episodio de soberbia.

—Non, telo ti de ti mesmo?

Unha sombra de inquedaanza percorreu o rostro dela.

—Desafío esa meiga escocesa a que me enfeitice, pero con algo que non sexa a súa música —engadiu, antes de botar a camiñar de novo polo pórtico, posto que Jean cantaba nese intre coma un reiseñor.

Ao rematar a canción, el apartou a cortina e preguntou, de golpe:

—Alguén quere algo de Londres? Irei mañá.

—Eu quero que teñas boa viaxe —desexoulle Ned, despreocupado, a pesar de que normalmente lle interesaban en extremo os movementos do seu irmán.

—Eu, unha chea de cousas, pero antes debo preguntarlle a mamá.

Dito isto, Bella púxose a elaborar unha lista.

—Importaríalle levarme unha carta, señor Coventry?

Jean Muir xirouse na banquetta do piano e mirouno con aquela mirada intensa e fría que sempre conseguía desconcertalo.

El asentiu coa cabeza e, como dirixíndose a todos eles, anunciou:

—Sairei no primeiro tren da mañá, así que os encargos deberedes facermos esta noite.

—Daquela, Ned, deixa que Jean redacte a súa carta.

Bella sacou o irmán de mala gana do cuarto.

—Dareille a carta pola mañá —apuntou a señorita Muir, cun curioso tremor na voz e coa mirada de quen se ve forzada a conter unha intensa emoción.

—Como queira.

Coventry volveu onda Lucia, preguntándose a quen lle escribiría a señorita Muir. Non lle revelou ao seu irmán o motivo que o levaba á cidade, por medo a que, ao confesarllo, se desatase a catástrofe que confiaba en evitar. Pola súa banda, Ned, que estaba a vivir nunha especie de soño, pareceu esquecer por completo a existencia de Gerald.

Á mañá seguinte, Coventry acordou ás sete, cunha enerxía insólita. Lucia preparoulle o almorzo e, cando el saía da sala para mandar que lle trouxesen a carruaxe, apareceu a señorita Muir polas escaleiras, con sixilo, moi pálida e somnolenta («Estivo chorando e non debeu de

prender no sono en toda a noite», pensou el). A rapaza entregoulle unha carta pequena e delicada, e pediulle de maneira atropelada:

—Por favor, déixea cas da señora Sydney e, se a ve, dígalle que me acordei.

O seu peculiar comportamento e a súa peculiar mensaxe estrañáronlle. Os seus ollos dirixíronse de forma involuntaria ao enderezo da carta, onde leu o nome do fillo dos Sydney. Logo, consciente do seu erro, meteu a misiva no peto e, cun «Bo día» precipitado, deixou atrás a señorita Muir, que quedou cunha man apertada contra o corazón e coa outra medio estendida, coma se quixese recuperar a carta.

Durante todo o camiño até Londres, a Coventry foille imposible esquecer a expresión case trágica do rostro da señorita Muir, que o perseguiu ao longo de dúas xornadas de moita trasfega. Encarreirou o asunto de Ned para que quedase resolto á maior brevidade, cumpriu os encomendamentos de Bella e mercou as exquisiteces preferidas da súa nai e un agasallo para Lucia, a quen a familia lle entregara como futura compañeira, visto que era demasiado preguiceiro para elixir por si só.

Non entregou a carta de Jean Muir, posto que a señora Sydney se atopaba no campo e a súa casa da cidade estaba fechada. Con curiosidade por ver como tomaría as súas noticias a moza, entrou silandeiro ao chegar á casa. Todo o mundo se dispersara co gallo de se vestir para a cea, agás a señorita Muir, que estaba no xardín, segundo dixera a serventa.

—Moi ben, teño unha mensaxe para ela.

O «señorito», como lle chamaban, deu a volta e foi na súa procura. Enxergouna sentada a soas nun recuncho arredado, inmersa nos seus pensamentos. Cando os

seu pasos a desadormentaron, debuxou unha expresión de sorpresa, logo de satisfacción; a continuación, ergueuse e chamouno cun xesto case ansioso. Abraiado, el achegóuselle e deulle a carta, ao tempo que lle explicaba con amabilidade:

—Síntoo, pero non me foi posible entregala. A señora Sydney vai no campo e non quixen enviála por correo sen o seu permiso. Fixen ben?

—Moi ben, agradézollo. É mellor así —entón, cun aire de alivio, rachou a carta en triscos e espáreseunos polo aire.

Xusto cando o mozo, pampo coma nunca, estaba a piques de deixala alí soa, ela pediulle, cunha mestura de súplica e de mando:

—Quede un momento, por favor. Desexo falar con vostede.

El detívose e esculcouna con estupefacción, xa que as fazulas da rapaza se tinguiron cun rubor inesperado e os seus beizos tremellicaron. Foi tan só un intre, pois axiña recuperou a compostura. Acenoulle para que tomase o asento que ela deixara libre e ficou de pé mentres lle explicaba, cun ton baixo e acelerado, dorido e resolto:

—Señor Coventry, dado que é o cabeza de familia, prefiro dirixirme a vostede, en vez de á súa nai, para tratar un asunto moi desafortunado que ocorreu durante a súa ausencia. O meu mes de proba remata hoxe. A súa nai quere que quede; eu, se lle son sincera, tamén quero, porque aquí son feliz, pero non debería. Lea isto e entenderá os motivos.

Púxolle na man unha nota escrita ás présas e espreitouno con atención namentres a lía. Viu como arrubiaba de carraxe, como mordía os beizos e como torcía o foción, para logo adoptar unha pose fachendosa ao tempo

que levantaba os ollos e comentaba, empregando o seu rexistro máis sarcástico:

—Non está nada mal para comezar. O rapaz posúe elocuencia. Mágoa que teña que desperdiciarse. Podo preguntarlle se respondeu vostede a esta rapsodia?

—Respondín.

—E como segue o conto? Pediulle que fuxise con el, que compartise a súa fortuna e que fose o anxo da garda da súa vida... Supoño que aceptaría, non si?

Non houbo resposta. En troques, a señorita Muir, ergueita diante del, fitouno cunha expresión de paciencia orgullosa, coma se esperase os reproches, pero aínda así fose demasiado xenerosa para se sentir aldraxada. Aquel comportamento tivo o seu efecto. Coventry abandonou o ton amargo e limitouse a preguntarlle:

—Por que mo amosa? Que podo facer eu?

—Amósollo para que comprobe a seriedade coa que «o rapaz» toma o asunto e o sincera que quero ser eu. Pode vixiar, aconsellar e consolar o seu irmán, e axudarme a min a entender cal é a miña obriga.

—Está namorada del? —preguntoulle Coventry, sen reviravoltas.

—Non! —contestou lixeira e decidida.

—Daquela por que razón fai por que el se namore de vostede?

—Nunca tal fixen. A súa irmá é testemuña de que me esforcei por evitalo do mesmo xeito que...

Foi el quen rematou a frase, cun inconsciente ton de resentimento:

—Do mesmo xeito que me evitou a min.

Ela asentiu en silencio e el continuou:

—Para ser xusto, admitirei que non hai nada máis irreprochable ca a súa conduta comigo, pero, dígame, por

que deixa que Ned lle ande detrás noite tras noite? Que esperaba dun romántico sen máis tarefa ca a de perder o corazón pola primeira muller atractiva que se lle cruce no camiño?

Un fulgor momentáneo reluciu nos ollos de cor azul agrisada de Jean Muir asemade esas últimas palabras saíron dos beizos do home, pero desapareceu decontado. A súa voz cargouse de reproche para recriminarlle, de xeito firme e impulsivo:

—Se a ese «romántico» se lle permitise levar a vida dun mozo entrego, como el arelaba, non tería tempo para andar a perder o corazón pola primeira rapaza apesurada pola que sentise mágoa. Señor Coventry, a responsabilidade é súa. Non lle bote as culpas ao seu irmán e teña a xenerosidade de recoñecer o seu propio erro e de reparalo coa maior presteza e amabilidade.

Durante un anaco, Gerald non deu unha fala. Des que lle morrera o pai, nunca ninguén lle reprochara nada, e rara vez na súa vida lle botaran as culpas de algo. Aquilo era novo para el, e a propia novidade facía que a impresión resultase máis intensa. Admitiu o seu fallo, lamentouno e admirou a afouta sinceridade que a institutriz demostrara ao dicirlle aquelas palabras. Con todo, non sabía como afrontar o caso e viuse na obriga de confesar, amais da súa neglixencia do pasado, a súa incapacidade do presente. Era tan honorable coma orgulloso, de modo que tivo que facer un grande esforzo para afirmar, con franqueza:

—Ten razón, señorita Muir. Eu son o culpable, pero así que vin o perigo tratei de evitalo. Se fun á cidade, foi por Ned. Vano nomear moi pronto no exército e así, cando marche, estará fóra de perigo. Hai algo máis que eu poida facer?

—Non, xa é demasiado tarde para que marche cun corazón libre e feliz. Deberá aturar a dor. Se cadra lle axuda a converterse nun home —sinalou ela, tristeira.

—Non tardará en lle esquecer —interveu entón Coventry, a quen lle desagradaba a idea de que o alegre Ned sufrise.

—Si, grazas a Deus. Os homes non teñen dúbida nese sentido.

A señorita Muir xuntou as mans, cunha expresión escura no rostro, sen miralo directamente. Algo no seu ton, algo no seu comportamento, commoveu a Coventry, que imaxinaba que no seu interior se abrira e sangraba algunha ferida de vello ou que espertara algunha acordanza amarga ante o achegamento dun novo amante. Debaixo daquela fría apatía, el era novo, incondicional e romántico. Aquela rapaza, na que intuía amor polo seu amigo e que namorara o seu irmán, converteuse nun obxecto do seu interese. Sentía mágoa por ela, devecía por axudala e maldicía as súas reticencias previas igual que un cabaleiro lamenta unha inxustiza cometida contra unha muller. Aquela pobre alma sen fogar era feliz alí, polo que debía quedar. Bella adorábaa, a súa presenza confortaba a súa nai e, tras a marcha de Ned, o seu aquel gaioleiro e os seus abondosos talentos non ameazarían xa a tranquilidade de ninguén. Aqueles pensamentos buligáronlle pola mente durante un breve silencio e, cando falou, foi para explicar con dozura:

—Señorita Muir, agradézolle a súa franqueza ao revelarme isto, o cal seguro que non lle resultou pracenteiro. Saiba que farei o que estea na miña man para ser merecedor da confianza que deposita en min. Foi vostede discreta e amable ao falar só comigo. Este tema preocuparía en extremo a miña nai, e de aí non había saír nada



bo. Charlarei con Ned e tratarei de emendar o meu demorado deixamento o máis axiña posible. Sei que vostede me vai axudar e, a cambio, quero pedirlle que quede, pois el non ha tardar en marchar.

Ela mirouno cos ollos arrasados e respondeu cunha voz suave na que non había traza ningunha de frialdade:

—É moi amable, pero vai ser mellor que eu marche. Non é prudente que quede.

—E logo?

O rostro dela cubriuse cun rubor que lle sentaba moi ben. Dubidou e logo explicou, coa voz clara e firme que constituía o seu maior engado:

—Se chego a saber que había homes nesta familia, non viña. A señora Sydney só mencionou a súa irmá e, cando me atopei con dous señoritos, comecei a preocuparme, porque... son tan desgraciada... ou, mellor dito, a xente é tan amable que me quere máis do que merezo. Pensei que podía quedar un mes, polo menos, porque o seu irmán falaba de marchar e vostede xa estaba prometido, pero...

—Eu non estou prometido.

Coventry non sabía por que respondera o que respondera. Secasí, as palabras saíran velozes dos seus beizos e xa non había marcha atrás. Jean Muir encaixou aquela declaración dun xeito bastante particular. Encolleu os ombros coma se aquilo a amolase en demasía e proseguiu, cun ton case groseiro:

—Pois debería. Non tardará moito. Pero iso a min tanto me ten. A señorita Beaufort quere que marche e eu son demasiado orgullosa para quedar e converterme nun motivo de desunión nunha familia feliz. Non, marchó, e deseguida.

Virouse con ímpeto, pero o brazo de Edward detívoo e a súa voz preguntoulle, con delicadeza:

—Onde vas marchar, miña Jean?

A tenrura coa que a tocou e pronunciou o seu nome semellou despoxala da súa coraxe e da súa calma; ela, apoiada no seu namorado, agochou o rostro e deixou escapar un salouco sonoro.

—Non montes unha escena, por Deus bendito... —protestou Coventry con impaciencia, mentres que o seu irmán lle cravaba unha mirada feroz e adiviñaba de inmediato o que ocorrera, dado que Gerald aínda tiña a carta na man, e as últimas palabras de Jean chegaran aos seus oídos.

—Quen che deu dereito a lela e a meterte nos meus asuntos? —preguntou Edward, acalorado.

—A señorita Muir —respondeu Coventry, mentres tiraba o papel.

—E por riba aldráxala aínda máis mandándolle marchar da casa! —berrou Ned con crecente furia.

—Ao contrario, eu pídoche que quede.

—Demo non digas! E por que?

—Porque é útil e está feliz aquí e non estou disposto a que a túa toleada a quite de estar nunha casa que lle gusta.

—Es considerado e abnegado, pero pídoche que non te molestes. No sucesivo, a felicidade e o fogar de Jean serán cousa miña.

—A ver, rapaz, sé razoable. Iso é imposible. Até a señorita Muir o ve claro. Veumo dicir. Veu preguntarme cal era a mellor forma de amañar este tema sen preocupar a nosa nai. Fun á cidade para me ocupar dos teus asuntos e é posible que marches dentro de pouco.

—Non teño nin o máis mínimo desexo de irme. O mes pasado devecía por marchar, pero agora non penso aceptar nada que veña de ti.

Dito isto, Edward, malhumorado, apartouse do seu irmán.

—Que toleada! Ned, tes que marchar da casa. Xa está todo planeado e non podes botarte atrás. O que precisas é un cambio, así faraste un home. Botarémoste en falla, xaora, pero alí onde vas terás ocasión de ver algo de mundo, e iso é ben mellor que andares aquí con enredos.

—Vai marchar, Jean? —preguntou Edward, ignorando por completo o seu irmán e inclinándose diante da rapaza, que aínda tiña a face agochada e seguía a chorar.

A institutriz non deu un chío e Gerald respondeu por ela.

—Non, por que ía ter que facelo se ti te vas?

—Ten pensado quedar? —preguntoulle congoxoso o namorado a Jean.

—Gustaríame quedar, pero... —detívose e levantou a mirada. Os seus ollos foron dun rostro ao outro, e engadiu, decidida—: Si, teño que marchar, non é asisado que quede, tampouco despois de que vostede marche.

Ningún dos dous mozos podería explicar por que aquela mirada apurada os afectara, pero a realidade é que os dous sentiron un desexo deliberado de enfrontarse entre si. De súpeto, a Edward pareceulle que o seu irmán estaba namorado da señorita Muir e decidiu que a quitaría do seu camiño. Gerald tiña a lixeira impresión de que á señorita Muir lle daba medo quedar pola súa culpa e eslumeecía por lle amosar que el non representaba perigo ningún. Os dous estaban anoxados e os dous exteriorizárono de cadansúa maneira: un, con violencia; o outro, con retranca.

—Ten razón, Jean, este non é lugar para vostede. Antes de irme, quero vela nun fogar máis seguro —espetoulle Ned, con elocuencia.

—Teño para min que este vai ser un fogar seguro tan pronto como saia do medio o teu perigo —retrucou Coventry, cun sorriso enervante de calma superioridade.

—E eu creo que deixo atrás unha persoa ben máis perigosa ca min, como a pobre Lucia pode confirmar.

—Anda con ollo co que dis, Ned, ou vereime na obriga de recordarche que o que manda nesta casa son eu. Fai o favor de deixar o nome de Lucia á marxe deste asunto tan desagradable.

—Mandas nesta casa, si, pero non en min nin nas miñas accións; non tes dereito a esperar obediencia nin respecto, pois non impós nin unha cousa nin a outra. Jean, pedínche que viñeses comigo en segredo. Agora pídoche abertamente que compartas a miña fortuna. Pídocho na presenza do meu irmán e tesme que dar unha resposta.

Agarrou a súa man con ímpeto e lanzoulle unha mirada desafiante a Coventry, que aínda sorría, coma se se tratase dun xogo de nenos, aínda que os seus ollos estaban acesos e o seu rostro ía mudando por mor dunha furia silenciosa e ardente, máis aterradora ca calquera arrouxada inesperada.

A señorita Muir semellaba asustada. Zafouse do seu amante novo e apaixonado e dedicoulle unha mirada de súplica a Gerald. Parecía que morría por reclamar a súa protección, pero que non ousaba facelo.

—Fale! —berrou Edward, desesperado—. Non mire para el, dígame a verdade, quero oíla da súa boca: ámame, pode amarme, Jean?

—Xa llo dixen unha vez. Por que me tortura obrigándome a darlle outra resposta difícil? —queixouse ela, escapando del e facendo ademán de pedirlle axuda ao seu irmán.

—Escribiume unhas poucas liñas, pero non me darei por satisfeito con tan pouca cousa. Responda. Vin amor nos seus ollos, percibino na súa voz e sei que está agochado no seu corazón. Ponlle medo recoñecelo. Non dubide máis, ninguén nos poderá separar... Fale, Jean, e satisfágame.

Ela apartou a man con decisión, achegouse un paso cara a Coventry e respondeu, con vagar e claridade, aínda que os seus beizos tremían e era evidente que a arrepiaba o efecto das súas palabras:

—Falarei. Direille a verdade. Viu amor no meu rostro. Lévoo no corazón e non dubido en recoñecelo, a pesar do cruel que é obrigarme a confesar, pero este amor non é para vostede. Satisfeito?

El mirouna cun ollar desesperado e estendeu a man cara a ela nun xesto implorante. Ela pareceu temer unha labazada, posto que se agarrou a Gerald de socato e deixou escapar un berro apagado. Aquela acción, aquela mirada de temor e o xesto protector que fixo Coventry de xeito involuntario foron demasiado para Edward, que xa estaba nervioso pola incompatibilidade das paixóns. Nun ataque de furia cega colleu unha poda grande que deixara alí o xardineiro e botouse ao seu irmán, que había recibir unha puñalada fatal se non a chegase a parar co brazo. A traxectoria do golpe descendeu; se non houbo máis, foi porque a señorita Muir, cunha coraxe e cunha forza imprevistas, lle ripou a poda a Edward e a guindou ao pequeno estanque próximo. Coventry estomballouse no asento, xa que lle golfaba o sangue dunha profunda ferida no brazo e, pola rapidez coa que fluía, parecía que cortara unha arteria. Edward ficou pampo; a furia marcháralle coa puñalada e quedara abafado polo remorso e a vergoña.

Gerald levantou a vista para miralo, esbozou un leve sorriso e díxolle, sen a menor traza de reproche nin de carraxe:

—Non ten importancia, Ned. O feito, feito está. Bótame unha man para ir para a casa e non molestes a ninguén. Malo será, para min que non é nada.

Con todo e iso, os seus beizos tornaron brancos mentres falaba e as forzas falláronlle. Edward deu un chimplo para termar del e a señorita Muir, esquecendo os seus temores, demostrou ser unha rapaza cunha habelencia e cunha coraxe moi pouco habituais.

—Axiña! Déiteo no chan. Déame o seu pano e traia algo de auga —ordenou, cun sereno ton de mando.

O pobre Ned obedeceu. Observouna nun intenso estado de incerteza mentres ataba o pano con forza ao redor do brazo do seu irmán, metía por baixo a empuñadura da súa fusta e apertaba con firmeza sobre a arteria cortada para deter a perigosa hemorraxia.

—Penso que o doutor Scott está coa súa nai. Vaia buscalo —mandoulle.

Edward marchou a fume de carozo, agradecido por poder facer algo para aliviar o abatemento que sentía.

Desapareceu durante uns minutos e, cando agardaban, Coventry observou a rapaza axeonllada á súa beira, mollándolle o rostro cunha man mentres coa outra termaba da venda con firmeza para que non se lle movese do sitio.

Estaba pálida, pero moi segura e serena; os seus ollos atentos relucían cunha estraña luminosidade. O agradecido ollar de abraio del e aquel reconfortante sorriso da moza que tan agradable a volvía, cadraron un intre. Entón Jean Muir díxolle, cun ton suave e doce que nunca antes lle dedicara:

—Tranquilo. Non hai perigo. Quedarei con vostede até que veñan.

A axuda non tardou en chegar e as primeiras palabras do doutor foron:

—Quen improvisou este torniquete?

—Ela —musitou Coventry.

—Xa llo pode agradecer; salvoulle a vida. Arre demo! Está perfecto! —o vello doutor mirou para a rapaza con tanta admiración coma curiosidade.

—Non ten importancia. Encárguese da ferida, por favor, mentres eu vou nunha carreira buscar vendas, sales e viño.

A señorita Muir marchou aínda sen acabar de falar, tan lixeira que sería en balde chamar por ela ou tentar darlle caza. Durante a súa breve ausencia, Ned, arrepenrido, contou o que ocorrera e o doutor examinou a ferida.

—Por sorte, teño comigo o meu maletín —alegrouse o doutor, ciscallando polo banco unha morea de aparellos de tortura miúdos e relucentes—. Achéguese, señor Ned, e terme así do brazo, mentres que eu ligo a arteria. Ei! Así non hai maneira. Non trema dese xeito, ho, mire para outro lado e terme ben del.

—Non dou! —o pobre do Ned púxose pálido e branco, non polo que vía, senón polo amargo pensamento de que desexara matar o seu irmán.

—Xa termo eu del.

Entón, unha delgada e alba man levantou o brazo nu e ensanguentado con tanta firmeza e seguridade que Coventry liberou un suspiro de alivio e o doutor Scott por fin puido poñerse mans á obra, facendo coa cabeza un xesto enfático de aprobación.

Remataron nun amén. Namentres Edward corría a xunta os serventes para lles pedir que tivesen coidado de

non alarmar a señora, o doutor Scott recolleu o instrumental e a señorita Muir utilizou os sales, a auga e o viño con tanta maña que Gerald foi quen de chegar andando ao seu cuarto, apoiándose no vello, mentres que a rapaza lle suxeitaba do brazo ferido, xa que fóra non lograran argallarlle unha estribeira. Ao entrar no apousento, Coventry virouse, estendeu a man esquerda e, cunha grande emoción nos seus fermosos ollos, limitouse a dicir:

—Grazas, señorita Muir.

Cando ela lle apertou a man, subiulle ás pálidas meixelas un rubor que lle sentaba moi ben e, sen dar unha fala, desapareceu do cuarto. Lucia e a ama de chaves entraron en tropel e ao eivado non lle faltou atención ningunha. Axiña se fartou e mandou saír a todo o mundo, agás a Ned, que se demoraba no apousento cheo de remorsos, evocando un Caín fermoso e novo e sentíndose un paria.

—Ven aquí, rapaz, e cóntamo todo. Fixen mal en poñerme autoritario. Perdóame e ten por seguro que me preocupo máis en serio pola túa felicidade ca pola miña.

Aquelas palabras francas e amigables derrubaron o muro que había entre ambos os dous irmáns e conquistaron a Ned, quen lle relatou de boa gana os seus lances de amor, pois non hai amante novo que canse de falar dos seus perante unha audiencia comprensiva e, naquel momento, Gerald érao. Pasou unha hora alí deitado escoitando con paciencia a historia de como fora medrando a paixón do seu irmán. A emoción dáballe elocuencia ao narrador, que pintaba a personaxe da señorita Muir con cores candentes. Ned espraíouse falando da amabilidade insospeitada da rapaza con aqueles que a arrodeaban, de todos os seus leais coidados e do seu interese fraternal por Bella, das súas agarimosas atencións coa súa nai, da



súa doce paciencia con Lucia, que non agochaba a súa aversión, e, por riba de todo, dos seus amigables consellos, afinidade e estima cara a el.

—Podería facer de min un home. Transmíteme vigor e coraxe como ninguén máis fai. É diferente de calquera das rapazas que coñecín na miña vida: non hai nada de sentimentalismo nela; é intelixente, amable e doce. Di o que pensa, mírate aos ollos e é fiel coma un can. Púxena a proba, coñézoa e... Ah, Gerald, estou perdidamente namorado dela! —o pobre rapaz apoiou a cabeza nas mans e deixou escapar un sotelo que chegou ao corazón do irmán.

—Vaia, Ned, ben que o sinto por ti. Se non houbera empezado ningún por parte dela, asegúroche que faría canto estivese na miña man por axudarte. Pero acontece que está namorada de Sydney, de tal maneira que non hai que lle facer; debes afrontar o teu destino como un home.

—Estás certo do de Sydney? Non podería ser outra persoa? —Ned esculcou o seu irmán cunha ollada receosa.

Coventry contoulle todo o que sabía e sospeitaba con respecto ao seu amigo, sen esquecer a carta. Edward reflexionou e logo semellou aliviado; confesou con franqueza:

—Alégrome de que se trate de Sydney e non de ti. Nese caso, levareino mellor.

—Eu! —exclamou Gerald, cunha gargallada.

—Si, ti. Levo un tempo atormentado co temor de que te sentises atraído por ela, ou máis ben ela por ti.

—Mira que es parvallán e celoso! Case nunca nos vemos nin nos diriximos a palabra... De onde ía saír ese interese amoroso?

—Para que andas a zangonear polo pórtico cada noite? E por que ela se alporiza cando empeza a pasar a túa sombra de aquí para acolá? —preguntou Edward.

—Gústame a música, pero a compañía da cantante non é do meu agrado, por iso ando por alí. Que se alporiza é imaxinación túa: a señorita Muir non é unha muller que se conturbe pola sombra dun home —Coventry ollou para o seu brazo inútil.

—Grazas por isto e por non chamarlle «rapariga», como adoitas facer. Se cadra foi cousa da miña imaxinación. Así e todo, nunca se mofa de ti e por iso coidei que se cadra bebía os ventos polo «señorito». Acostuma pasarlles ás mulleres, xa sabes.

—Antes poñíame en ridículo moitas veces, non si? —quixo saber Coventry, sen dedicarlle atención ás últimas palabras do seu irmán, que, a pesar de todo, tiñan bastante de verdade.

—Tampouco non tanto. Ten demasiada educación para facer algo semellante. No entanto, ás veces, cando Bella e eu nos chanceabamos de ti, ela agarraba e dicía algo tan insólito ou gracioso que resultaba imposible resistirse. Ti xa estás afeito a que che tomemos o pelo e ben sei que non che importa que o fagamos, cando é entre nós.

—Non me importa nada. Ride todo canto queirades —respondeu Coventry. Pero si que lle importaba e relou-caba por saber o que dixerá a señorita Muir, mais era demasiado orgulloso para preguntar. Virouse inquedo e emitiu un suspiro de dor.

—Estou a falar demasiado, e agora non che convén. O doutor Scott dixo que tiñas que estar tranquilo. Veña, durme, se podes.

Edward abandonou o bordo da cama, pero non o cuarto; non deixaría que ninguén ocupase o seu lugar. Coventry tentou durmir, mais en baluto; foille imposible e, despois de botar unha hora desacougado, chamou polo irmán.

—Se me afrouxasen un chisco a venda, agradeceríamo o brazo e sería quen de durmir. Podes encargarte ti, Ned?

—Eu non me atrevo a tocala. O doutor deu instrucións de deixar así a cousa até que viñese el mañá pola mañá, e vai ser peor se o intento.

—Dígocho en serio: está demasiado apertada. Ínchame o brazo e dóeme moito. Non pode ser bo que quede así. O doutor Scott vendoumo ás prásas e apertou de máis. É de sentido común —queixouse Coventry, impaciente.

—Chamarei pola señora Morris. Ela saberá o que cómpre facer.

Edward dirixiuse cara á porta, con xesto preocupado.

—Ela non, o único que vai facer é armar un rebumbio e atormentarme coa súa cháchara. Aguantarei, e igual o doutor Scott vén esta noite. Dixo que, se tiña un momento, pasaría. Ti vai cear, Ned. Podo chamar a Neal coa campaña se preciso algo. Ao mellor quedo durmido se estou só.

Edward obedeceu a contragusto e o seu irmán quedou a soas. Con todo, pouco acougo tivo, pois a dor do brazo ferido era cada vez máis insoportable, de modo que tomou unha súbita determinación e chamou polo seu servente.

—Neal, vaia ao estudio da señorita Coventry e, se está alí a señorita Muir, pídalle que teña a amabilidade de acudirme. Teño unhas dores terribles e ela entende de feridas máis ca ninguén nesta casa.

O home marchou, cunha expresión de gran sorpresa. De alí a pouco, abriuse a porta sen facer ruído e entrou a señorita Muir. Fora un día de moita calor e, por primeira vez, non puxera o seu sinxelo vestido negro. Toda de branco, sen adorno ningún alén dos seus claros cabelos e dun recendente ramallete de violetas no cinto, parecía

unha muller distinta do ser submisivo e monxila que adoitaba verse pola casa. O seu rostro estaba tan alterado coma a súa vestimenta; unha cor suave resplandecía nas súas meixelas, os seus ollos sorrían con timidez e os seus beizos xa non amosaban aquel aspecto ríspeto de alguén que reprime á forza todas as súas emocións. Semellaba unha muller nova, agarimosa e encantadora, e a Coventry pareceulle que o aburrido cuarto se iluminaba de soco coa súa presenza. Foi dereita cara a el e limitouse a dicirlle, cun ollar feliz e servizal que resultaba moi reconfortante:

—Alégrome de que me mandase chamar. Que podo facer por vostede?

El explicoulle e, antes de que rematase de queixarse, ela comezou a desapertarlle as vendas cunha decisión que deixaba ver que sabía ben o que cumpría facer e que tiña confianza en si mesma.

—Ah, que alivio, que liberación! —exclamou Coventry non ben lle afrouxou a derradeira pregadura que quedaba apertada—. Ned tiña medo de tocarme por se morría desangrado. Que nos dirá o doutor?

—Nin o sei nin me importa. Eu direille que é un mal cirurxián por vendar isto tan forte e por non deixar instrucións de afrouxalo se era necesario. Agora procederei a poñerlle a vendaxe máis solta e logo deixareino que durma, que falta lle fai. Parécelle? Permíteme?

—Se pode, faríame un favor.

Namentres lle recolocaba as vendas con habelencia, o mozo observábaa cheo de curiosidade. Ao cabo cun anaco, preguntoulle:

—Como é que sabe tanto disto?

—No hospital onde estaba ingresada, vin moitas cousas que me interesaban. Amais, cando mellorei, collín o costume de lles cantar cadora e cando aos pacientes.

—Querería cantar para min? —pediulle el, co ton submiso que os homes adoptan de xeito inconsciente cando están enfermos e baixo os cuidados dunha muller.

—Se o prefire a que lle lea en voz alta nun ton relaxante... —respondeu ela ao que ataba o último nó.

—Prefiro, si, onde vai parar! —contestou el, decidido.

—Ten febre. Voulle humedecer a fronte, xa verá que alivio —dixo ela, e comezou a moverse polo cuarto cun sixelo que facía que observala fose un pracer.

Despois de mesturar unhas pingas de colonia con auga, molloulle o rostro con tanta despreocupación coma se se tratase dun cativo. As súas dilixencias non só aliviaron, senón que tamén entretiveron a Coventry, que a comparaba mentalmente con aquela enfermeira repoluda e amiga da cervexa que gobernara nel a última vez que estivera doente.

«É unha moza ben intelixente e atenta», pensou. Sentíase coma un rei nun cesto.

Tamén ela tamén estaba a gusto.

—Ai, agora si, xa parece que é vostede —comentou Jean Muir cando rematou, asentindo.

A continuación apartoulle os cabelos morenos da fronte cunha man fría e suave, sentou nunha cadeira grande que estaba alí preto e púxose a cantar, ao tempo que enrolaba ordenadamente as vendas limpas que quedaran para a mañá seguinte. Coventry estaba deitado, coa vista fita na rapaza, iluminada pola tenue luz que alumeaba o cuarto. Ela cantaba sen parar, con tanta facilidade coma un paxaro, un arrollo relaxante nun ton baixo que acougou o oínte coma se dun feitizo se tratase.

De alí a un anaco, ao levantar a vista para comprobar o efecto da súa canción, atopouse co mozo ben esperto e fitándoa cunha mestura de pracer, interese e admiración.

—Peche os ollos, señor Coventry —ordenou, sacudindo a cabeza en sinal de reproche e esbozando un breve e particular sorriso.

El riu e obedeceu, pero non puido resistirse a lanzarlle algunha que outra mirada furtiva e ocasional por entre as pestanas a aquela delgada figura branca sentada na gran cadeira de veludo. Ela viuño e pregou o cello.

—É vostede moi desobediente, por que non dorme?

—Non podoo, quero escoitar. Gústanne moito os reiseñores.

—Daquela vou parar de cantar e probar con algo que aínda nunca fallou. Déame a man, por favor.

El deulla, marabillado, e ela tomouna entre as súas mans cativas. Entón sentou detrás da cortina e ficou muda e inmóbil coma unha estatua. Ao principio, Coventry sorriu para si e preguntouse quen se fartaría antes. Emporiso, ao pouco, as suaves palmas que encerraban a súa pareceron comezar a desprender unha calor sutil, aceleróuselle o latexo do corazón, arfou e polo seu maxín desfilaron milleiros de fantasías. Suspirou e, como extasiado, admitiu mentres xiraba o rostro cara a ela:

—Moito me gusta isto.

Ao tempo que pronunciaba esas palabras, pareceu afundirse nunha suave nube que o envolveu cunha atmosfera de perfecto repouso. A partir de aí non lembraría máis nada, pois prendeu nun sono intenso e profundo, e, cando acordou, a luz do día relucía entre as cortinas, a súa man estaba pousada solitaria sobre a colcha e a súa feiticeira de cabelo claro xa non se atopaba alí.



## IV O DESCUBRIMENTO

A pesar de que todos se esforzaban por facerlle máis levadío o seu pesado cativerio, Coventry botou varios días confinado no cuarto en contra da súa vontade. A súa nai consentíao, Bella cantáballe, Lucia líalle, Edward dedicábase a el en corpo e alma e todos os da casa, a excepción dunha persoa, estaban ansiosos por atender o señorito.

Jean Muir nunca ía onda el e semellaba que só Jean Muir posuía o poder de entretelo. Non tardou en fartarse dos demais: quería algo novo. Lembrou o interesante carácter da rapaza e comezou a matinar en canto lle gustaría que fose ela a que acudise a facerlle o tedio máis levadío. Non sen antes dubidalo, faloulle dela á súa irmá con aire despreocupado, pero non sacou nada en limpo, pois Bella só lle dixo que Jean se encontraba ben e que andaba moi ocupada argallando algo estupendo para sorprender a súa nai.

Edward queixábase de que nunca a vía, e Lucia facía coma se non existise. A única información que recibiu o eivado proveu de dúas doncelas contiñeiras que traballaban no cuarto do lado. Por elas soubo que a señorita Beaufort lle botara unha «reprimenda» á institutriz por



ir ao cuarto do señor Coventry, e que ela o tomara con moita cordialidade e poñía coidado en manterse lonxe de ambos os dous señoritos, malia que ben se vía que o señor Ned devecía por ela.

O señor Gerald entretíñase cismando nestes díxomes, e aquela distracción súa amolaba moito a súa irmá.

—Gerald, sabías que xa chegou o nomeamento de Ned?

—Moi interesante. Sigue lendo, Bella.

—Serás parvo! Non sabes nin o que dixen —e deixou o libro para repetir a nova.

—Alégrome. Temos que preparar a súa marcha o antes posible... quero dicir, supoño que el quererá marchar o antes posible.

Coventry espertou do seu ensimesmamento.

—Non tes que coutarte, xa o sei todo. Penso que Ned foi moi insensato e que a señorita Muir tivo un comportamento impecable. Nin que dicir ten que é un imposible, pero oxalá non o fose. Gústame moito observar os namorados. Lucia e ti sodes tan fríos que non resultades nada interesantes.

—Fai o favor de parar con todas esas andrómenas sobre Lucia e mais eu. Non somos namorados, e dáme a min que nunca o seremos. En todo caso, estou farto desa leria e gustárame que mamá e ti deixásedes o tema, cando menos polo de agora.

—Oh, Gerald, sabes que mamá está que adocece por vervos xuntos, e que era o desexo de papá, e ademais a pobre Lucia quérete moito. Como podes falar de que deixemos algo que nos faría a todos tan felices?

—A min non me faría feliz, así que tomarei a liberdade de pensar que algunha importancia ten isto no asunto. Non me comprometín de ningunha maneira e non teño intención de facelo até estar listo. Veña, falemos de Ned.

Bella, entristecida e sorprendida, obedeceu e entregouse en corpo e alma a Edward, que con moito siso se someteu ao seu destino e se preparou para pasar uns meses fóra da casa. Durante unha semana a mansión andou alborotada pola súa marcha e todos, agás Jean, lle dedicaban a el o seu tempo. Ela apenas aparecía: cada mañá lle daba a Bella as súas leccións, cada tarde saía dar unha volta na carruaxe coa señora Coventry e case cada serán ía ao pazo e lía para *sir* John, que viu como o seu desexo se cumpría sen saber moi ben como.

O día da partida, Edward baixou despedirse da súa nai, cun cariz moi pálido, posto que se demorara no pequeno cuarto da súa irmá coa señorita Muir até tan tarde como lle fora posible.

—Adeus, rula. Pórtate ben con Jean —murmurou cando lle deu un bico á súa irmá.

—Si, fareino —contestou Bella, cos ollos chorosos.

—Coida de mamá e acórdate de Lucia —volveu falar el, mentres tocaba a fermosa meixela da súa curmá.

—Ti non te preocupes. Heinos manter separados —rosmoulle a curmá, e Coventry escoitouno.

Edward ofreceulle a man ao seu irmán e díxolle, con elocuencia e fitándoo:

—Confío en ti, Gerald.

—E ben que podes, Ned.

Despois diso marchou e Coventry non parou de preguntarse que quería dicir Lucia. Uns días despois, entendeuno.

«Agora que Ned marchou, imaxino que a rapariga se deixará ver», dixo para si mesmo. Mais a «rapariga» non fixo tal, senón que semellaba poñer aínda máis coidado en esquivalo a el ca ao seu amante. Se resultaba que o mozo ía ao salón pola noite co desexo de escoitar algo de músi-

ca, alí só estaba Lucia. Se petaba con suavidade na porta de Bella, sempre transcorría un anaco antes de que ela a abrise, pero alí non quedaba nin rastro de Jean, aínda que se sentía a súa voz cando chamara. Se ía á biblioteca, escoitábase un frufurú precipitado e o ruído duns pés alados que abandonaban a estancia a medida que el se aproximaba. No xardín, a señorita Muir sempre conseguía evitalo e, se por casualidade se atopaban no vestíbulo ou na sala do almorzo, pasaba por diante del cos ollos abaixados e dirixíalle o saúdo máis breve e frío posible. Amolábao en extremo; canto máis o eludía, máis desexaba vela («Por levar a contra», dicía, «máis nada»). Aquilo desacougábo, pero tamén lle resultaba ameno, e descubriu unha especie de plácido pracer en frustrar as pequenas manobras da rapaza.

Á fin, acabou por esgotárselle a paciencia e decidiu descubrir o significado de tan peculiar conduta. Pechou unha porta da biblioteca, quedou coa chave e agardou até que a señorita Muir entrou para coller un libro para o seu tío. Escoitáraa falando con Bella do tema, sabía que pensaba que el estaba coa súa nai e sorriu para si cando apareceu por detrás dela con sixilo. Subira a unha cadeira cos brazos erguidos e, denantes de falar, el tivo tempo de albiscar unha delgada cintura e un bonito pé.

—Podo axudala, señorita Muir?

Ela asustouse, tirou con varios libros e acendeuse, mentres se apresuraba a contestar:

—Non, grazas. Podo coller a escada.

—Acabamos antes con este brazo longo meu. Non teño máis ca un e xa vai farto de non facer nada, así que está á súa plena disposición. Que quere coller?

—Quero... Pois... O de... Ai, co susto que me deu, esquecino.

Entón, Jean escachou de risa, nerviosa, namentres miraba ao seu redor coma se planease unha fuxida.

—Descúlpeme, tome o tempo que precise para recordalo e, entre tanto, déixeme agradecerlle o sono enmeigado que me regalou hai dez días. Aínda non tiveron a oportunidade de facelo, puxo vostede moito empeño en esquivarme.

—En realidade, tento non ser maleducada, pero... —coutouse e apartou o rostro para logo engadir, cun laio—: Non é culpa miña, señor Coventry. Cumpro ordes.

—Ordes de quen? —preguntoulle el, aínda de pé para que non fuxise.

—Non pregunte. É alguén que ten dereito a mandar no que respecta a vostede. Teña por seguro que é con boa intención, aínda que a nosoutros nos poida parecer unha toleada. Veña, non se anoxe, tómeo con humor, coma min, e déixeme marchar, por favor.

Virouse e mirou para abaixo, cara a el, con bágoas nos ollos, cun sorriso nos beizos e cunha expresión entre triste e raposeira que, no seu conxunto, resultaba encantadora. El deixou de pregar o cello, pero aínda conservaba un aire circunspecto. Espetou, decidido:

—Ninguén senón a miña nai e eu mesmo ten dereito a mandar nesta casa. Acaso foi ela quen lle mandou evitarme coma se eu fose un tolo ou un mal becho?

—Ah, non pregunte. Prometín que non o diría, e sei ben que vostede non me obrigará a faltar á miña palabra.

Entón, aínda sorrindo, fitouno cunha malicia xovial que fixo que calquera outra resposta fose innecesaria.

«Foi Lucia», pensou o mozo, que naquel preciso instante lle colleu unha profunda manía á curmá. A señorita Muir fixo ademán de baixar. El detívoo e preguntoulle, serio, mais cun sorriso:

—Considérame o señor desta casa?

—Considero —contestou ela, imprimíndolle á palabra unha entoación doce e submisiva que denotaba o respecto, a estima e a confianza que aos homes tanto lles agrada nas mulleres.

El suavizou o rostro de xeito inconsciente e levantou a vista cara á rapaza cunha mirada diferente de todas as que antes lle dirixira.

—Ben, daquela acepta obedecerme se non son tiránico ou irracional nas miñas peticións?

—Tentareino.

—Así me gusta! Agora ben, son sincero se lle digo que este tipo de cousas me resulta moi desagradable. Amólamе coartar a liberdade ou a comodidade de alguén; pré-golle que se sinta libre de andar por onde lle praza sen se preocupar polas ridiculeces de Lucia. As súas intencións son boas, pero non ten un pelo de agudeza nin de tento. Prométemo?

—Non.

—Por que non?

—Talvez sexa mellor deixar as cousas como están.

—Pero se acaba de dicir que é unha toleada.

—Parecer, pareceo, pero así a todo... —gardou silencio, cun aire de confusión e afiximento.

Coventry perdeu a paciencia e espetoulle de maneira precipitada:

—Mulleres! Son vostedes tan enigmáticas que non conto con chegar a entendelas nunca! Ben, pois eu fixen canto puiden para que se sentise cómoda, pero se prefire levar este tipo de vida, adiante.

—Non é que o prefira: paréceme odioso. Gústame ser eu mesma, ter liberdade e a confianza dos que me arrodean, pero non considero que sexa axeitado perturbar a

paz de ninguén, polo que trato de obedecer. Prometinlle a Bella que quedaría, pero antes marcho que vivir outra escena coa señorita Beaufort ou con vostede.

A señorita Muir estalara con ímpeto e permaneceu alí de pé cun fulgor inesperado nos ollos, e cunha calor e cun xenio inesperados no rostro e na voz que deixaron a Coventry abraiado. Adoptara unha pose anoxada, doída e fachendosa, mais o único que fixo aquel cambio foi aumentar o seu atractivo, pois non deixou nela traza ningunha daquel ser submisivo que fora. Coventry estaba moi alterado, e aínda se sorprendeu máis cando ela engadiu, impetuosa, facendo un xesto coma se quixese arredalo:

—Páseme ese libro e aparte. Quero marchar.

El obedeceu e até lle ofreceu a man, pero ela rexeitouna, descendeu con delicadeza e foi cara á porta. Alí, virouse e, con aquela mesma voz indignada, cos mesmos ollos acesos e as meixelas candentes, chantoulle:

—Ben sei que non teño dereito a falar así. Eu contéñome sempre que son capaz, pero cando non o dou aturado máis, desátase o meu verdadeiro ser e vou en contra de todo. Estou farta de comportarme como unha máquina fría e calma. Resúltame imposible, cunha natureza ardente coma a miña, e vou deixar de intentalo. Non podo evitar que a xente me queira. Non quero o seu amor. O único que pido é que me deixen en paz. Non son quen de ver o motivo de me atormentaren deste xeito. Non teño nin beleza, nin diñeiro, nin rango, e aínda así todos os rapaces insensatos confunden o meu franco interese con algo máis cálido. Amárganme a vida. É a miña desgraza. Pense o que queira da miña persoa, pero gárdese a tempo de min, porque lle podo facer mal en contra da miña vontade.

Falara case con ferocidade e, tras facer un aceno de advertencia, liscou da estancia e deixou atrás o mozo, que se sentía coma se un furacán inesperado arrasase a casa. Botou varios minutos sentado na cadeira que ela abandonara, meditando. Ergueuse de pronto, foi onda a súa irmá e preguntoulle, co seu ton de amabilidade desleixada:

—Bella, oín como Ned che pedía que te portases ben coa señorita Muir, non?

—Oíches ben, e eu inténtoo, pero anda moi rara ultimamente.

—Rara! A que te refires?

—Pois mira, ou ben está calma e fría coma unha estatua, ou ben inqueda e estraña. Chora polas noites, que me dou conta, e suspira apesurada cando pensa que non a escoito. Algo lle pasa.

—Talvez estea preocupada por Ned... —suxeriu Coventry.

—Ai, iso non: foi un grande alivio para ela que marchase. Dáme que lle gusta alguén moito e que a ese alguén non lle gusta ela. Pode ser que se trate do señor Sydney?

—En certa ocasión, referiuse a el como un «parvo cun título nobiliario», pero se cadra iso non quere dicir nada. Algunha vez lle preguntaches por el? —inquiriu Coventry, que, malia avergoñarse moito da súa curiosidade, era incapaz de resistirse ante a tentación de interrogar a confiada Bella.

—Si, pero o único que fixo foi fitarme con xesto dramático e dicirme cun ton lamentoso: «Espero que nunca teña que pasar polo que eu pasei, amiga miña, e que nada crebe nunca a súa paz». Despois diso xa non me atrevín a preguntar máis nada. Téñolle moito cariño e quero facela feliz, pero non sei como. Tes algunha proposta?

—Ía propoñerche que a trouxeses onda nós máis a miúdo, agora que marchou Ned. Ten que ser aburrido para ela andar por aí soa paseándose como alma en pena. Para min abofé que o é. É unha moza amena e gozo moito coa súa música. Ademais, a mamá vénlle ben ter seráns alegres, así que espílete e cavila que podes facer polo proveito da familia.

—Todo iso soa moi ben e xa o propuxen máis dunha vez, pero Lucia sempre me desbarata os plans. Ten medo de que sigas o exemplo de Ned, o cal é unha babecada.

—Lucia é unha... Non, non vou dicir que sexa unha parva, porque ben que entende cando quere, pero gustaríame que só acordases as cousas con mamá e, desesa maneira, Lucia non terá máis alternativa que ceder —proferiu Gerald, anoxado.

—Tentareino, pero xa sabes que ela vai ao pazo a lerlle ao tío e, dende que el padece da gota, queda alí até máis tarde, así que pouco a vexo polas noites. Velaí vai agora. Penso que acabará cativando o vello igual que fixo co mozo. É moi abnegada.

Coventry perseguiu coa mirada a súa delgada figura negra, que xusto desaparecía pola gran cancela, e apodrouse del un pensamento incómodo, xurdido das palabras despreocupadas de Bella. Marchou andando devagar e, tras eludir a súa curmá, que parecía estar á súa procura, encamiñouse cara ao pazo, dicindo para si: «Vou ver que pasa aí. Xa teñen pasado cousas coma esta. O tío é a alma máis sinxela que hai no mundo e, se a rapaza é ambiciosa, pode facer del un pandeiro».

Entón, chegou correndo detrás del un servente para lle entregar unha carta, que el meteu no peto sen examinar.

Cando chegou ao pazo, dirixiuse con sixilo ao estudio do seu tío. A porta estaba entreaberta e botou unha



ollada cara a dentro. Contemplou unha escena de serena tranquilidade que resultaba moi agradable. *Sir* John repousaba na súa poltrona cun pé enriba dun coxín. Ía vestido co coidado que era habitual nel e, a pesar da gota, tiña o aspecto dun cabaleiro de idade, baril e ben conservado. Sorría ao tempo que escoitaba e os seus ollos descansaban compracentes en Jean Muir, quen, sentada preto del, lía coa súa melodiosa voz namentres a luz do sol reflúxía nos seus cabelos e na delicada cor rosada das súas fazulas. Lía ben, aínda que a Coventry lle daba a impresión de que non tiña a cabeza no que estaba a facer, xa que nunha ocasión na que se detivo, mentres *sir* John falaba, os seus ollos adoptaron unha expresión ausente e apoiou a cabeza na man, cun aspecto resignado e paciente.

«Coitada! Fun moi inxusto con ela. Non ten a intención de cativar o vello, senón que o entretén por pura amabilidade. Está cansa. Voulle poñer fin ao seu labor». Logo, Coventry entrou sen chamar.

*Sir* John recibiuo cunha cortés resignación; a señorita Muir, cun rostro completamente inexpresivo.

—Saúdos da miña nai, tío. Como está hoxe?

—A gusto, pero aburrido, así que quero que traías as rapazas este serán, para entretemento deste vello cabaleiro. A señora King sacou os traxes e os ouropeis antigos, tal e como lle prometín a Bella que faría, e hoxe á noiteña daremos unha festa coma as que oficiabamos cando Ned estaba aquí.

—Está ben, tío, traereinas. Estamos de malas dende que o rapaz marchou; hanos sentar ben algo de alegría. Volve para a casa, señorita Muir? —preguntou Coventry.

—Non, quero que quede aquí para que me prepare o té e organice as cousas. Non lea máis, querida, vaia

entretense cos cadros ou co que queira —díxolle *sir* John, e ela obedeceu coma unha filla guiada e pareceu alegrarse de marchar de alí.

—É unha rapaza verdadeiramente encantadora, Gerald —comezou a falar *sir* John non ben abandonou a estancia—. Espértame gran curiosidade, tanto por ela mesma coma pola súa nai.

—A súa nai! Que sabe dela? —interesouse Coventry, moi sorprendido.

—A súa nai era a señora Grace Howard, que fuxiu cun pobre pastor escocés hai vinte anos. A familia repudiouna, de modo que viviu e morreu na clandestinidade. En consecuencia, pouco se sabe dela á parte de que deixou unha nena orfa nunha humilde pensión francesa. Esta é a nena, e vaia nena máis xeitosa. Sorpréndeme que non o soubeses.

—A min tamén, pero é típico dela non contar as cousas. É unha muller estraña e orgullosa. A filla da señora Howard! Abofé que é un gran descubrimento.

Coventry sentiu que o seu interese na institutriz da súa irmá medraba de forma considerable por ese feito, pois, como inglés ben nacido que era, valoraba o rango e o sangue nobre máis aínda do que lle gustaría recoñecer.

—Tivo unha vida dura por culpa diso, esta pobre rapaza, pero posúe un espírito afouto, e alí onde vaia saberá facerse valer —indicou *sir* John, cun ton admirativo.

—Ned sabía isto? —preguntou Gerald de súpeto.

—Non, a min non mo contou até onte. Estaba mirando no almanaque da nobreza británica e, por casualidade, púxenme a falar dos Howard. Sen darse de conta, ela fixo referencia á señora Grace como a súa nai. Logo contoume a historia enteira, pois, co soa que está, alegrouse de ter un confidente.

—Iso explica por que rexeitou a Sydney e mais a Ned: sabe que é a súa igual e non vai tentar arrebatarlles un rango que xa lle pertence por dereito propio. Non, non é unha mercenaria nin unha ambiciosa.

—Que dis? —preguntou *sir* John, pois Coventry falara máis para si mesmo que para o seu tío.

—Pregúntome se a señora Sydney estaría ao corrente disto —respondeu Gerald, sen máis.

—Non. Jean dixo que non quería que a compadecesen, así que non lle contou nada á nai. Penso que o fillo si que o sabía, pero era un tema delicado, así que non lle preguntei nada.

—Escribireille tan pronto como descubra o seu enderezo. Eramos tan íntimos que podo aventurarme a facer unhas cantas pescudas sobre a señorita Muir para comprobar a veracidade da súa historia.

—Insinúas que dúbidas da súa veracidade? —inquiriu *sir* John, molesto.

—Desculpe, tío, pero debo confesar que sinto un receo instintivo cara a esa moza. Seguro que é inxusto, pero aínda así non o dou disipado.

—Fai o favor de non me amolar. Teño algo de agudeza e de experiencia, e sinto un respecto e unha admiración sinceros pola señorita Muir. Se cadra esta aversión túa é a causa da melancolía na que anda sumida ultimamente, eh, Gerald? —*sir* John mirou reticente para o seu sobriño.

Desexoso de evitar a tormenta que se aveciñaba, Coventry apurou a dicir, mentres se afastaba:

—Non teño nin tempo nin gana de debater este asunto agora, tío, pero terei coidado para non volver ofender a ninguén. Voulle levar a súa mensaxe a Bella. Até dentro dunha hora!

Coventry atravesou o xardín, pensando para os seus adentros: «O bo do vello está a cegarse, coma o pobre Ned. Como raio fará a rapaza para conseguilo? É a filla da señora Howard, pero nunca tal nos dixo. Non o entendo».



## V

### DE COMO FIXO A RAPAZA PARA CONSEGUILO

Na casa atopouse cunha rapazada que aplaudiu compracida a posibilidade de ir de troula ao pazo. Unha hora despois, o despreocupado grupo entrou en tropel no gran salón, onde xa se levaran a cabo os preparativos para un serán teatral.

O bo de *sir* John estaba coma o peixe na auga, pois nunca tan feliz se sentía como cando tiña a casa ateigada de xente nova. Escolléronse varias persoas e axiña se retiraron as cortinas do primeiro daqueles cadros vivos improvisados. Un home moreno e con barba escura durmía deitado sobre unha pel de tigre, á sombra dunha tenda. Arrodeábano armas e colgaduras orientais. Unha antiga lámpada prateada desprendía unha luz tenue dende unha mesa con froita amoreada en pratos suntuosos, e o viño refulxía cun brillo vermello en copas medio baleiras. Inclínada sobre o home durmido estaba unha muller vestida cun esplendor bárbaro. Unha man dobraba a manga bordada do brazo que termaba dunha cimitarra; baixo a túnica branca albiscábase un pé delgado nunha sandalia escarlata; a capa púrpura escorregáballe polos ombros,

brancos coma a neve; unhas fitas de ouro suxeitábanlle o cabelo e lucía xoias no pescozo e nos brazos. Ollaba por enriba do ombreiro cara á entrada da tenda, cunha mirada firme mais cautelosa, tan lograda que, durante uns intres, os espectadores contiveron o alento, coma se tamén escoitasen o ruído duns pasos.

—Quen é? —murmurou Lucia, pois aquel rostro era novo para ela.

—Jean Muir —contestou Coventry, cunha mirada de aglaio.

—Non pode ser! Ela é cativa, de pelo claro —retrucou Lucia, pero o seu curmán fíxolle pechar a boca deseguida cun: «Está calada, déixame ver!».

Por imposible que parecece, el estaba no certo: tratábase de Jean Muir. Escurecera a pel, pintara as cellas, puxera mechas escuras e revoltas sobre o cabelo claro e proxectara unha expresión tan intensa nos ollos que se lle ensombreceron e dilataron até acadaren tanta ferocidade coma os ollos que brillan no sur. No seu rostro, dunha fermosura rigorosa, estaba escrito o máis profundo e amargo dos odios; no seu ollar resplandecía a coraxe; o poder falaba no brío co que a delgada man sostiña a arma, e quedou manifesta a vontade indomable da muller, até na firme forza do pequeno pé que estaba medio agochado na pel de tigre.

—A que é magnífica? —exclamou Bella polo baixo.

—Parece que lle vai dar bo uso á espada cando chegue o momento —dixo alguén con admiración.

—Boa noite, Holofernes! O seu destino é seguro —engadiu outra persoa.

—Con esas barbas, é a viva imaxe de Sydney.

—Acaso non dá a impresión de odialo?

—Se cadra é que o odia.

Fora Coventry o que formulara esta última intervención, logo de que as dúas anteriores suxerisen unha explicación daquel maravilloso cambio en Jean. Non todo era arte: aquel intenso aborrecemento, mesturado cun xúbilo salvaxe por ver que o obxecto do seu odio se atopaba baixo o seu poder, era demasiado perfecto para se tratar dun finximento. Ao posuír a clave dunha parte da historia da rapaza, a Coventry pareceulle sospeitar a verdade. Así e todo, non puido máis que entrevela, pois, cando a cortina descendeu, aínda non tiña nin medio analizado o significado daquel estraño rostro.

—Horrible! Alégrome de que acabase —queixouse Lucia con frialdade.

—Espectacular! Máis! Máis! —berraba Gerald con grande entusiasmo.

Non obstante, a escena xa acabara e non houbo aplauso que lograra facer saír de novo a actriz. Sucedérona dous ou tres cadros elegantes ou alegres, pero Jean non estaba en ningún e en todos faltaba o engado que o talento verdadeiro lle confire ao papel máis sinxelo.

—Coventry, queren que vaias —chamou unha voz.

E, para a sorpresa de todos, Coventry foi, se ben até aquel momento sempre rexeitara participar cando se precisaban actores barís.

—Que papel teño que desbaratar? —preguntou ao entrar na sala de bastidores, onde había varios mozos emocionados vestíndose e ensaiando as súas poses.

—Un realista<sup>2</sup> fuxitivo. Métase neste traxe e non perda o tempo facendo preguntas. A señorita Muir diralle

---

<sup>2</sup>Os realistas ou *cavaliers* foron os seguidores do rei Carlos I de Inglaterra (Dunfermline, 1600-Londres, 1649) durante as guerras civís inglesas (1642-1651). Estas contendas enfrontaron estes partidarios do absolutismo da Casa dos Estuardo cos parlamentaristas ou *roundheads* (véxase a nota 3), defensores do Parlamento de Inglaterra.



o que ten que facer. Ela está no cadro, así que ninguén lle vai prestar atención a vostede —indicoulle o director provisional, que guindou un exquisito traxe antigo cara a Coventry e seguiu pintando un bigote no seu propio rostro infantil.

O resultado do aseo precipitado de Gerald foi un galante cabaleiro que, ao aparecer ante as damas, recibiu unha mirada xeral de admiración.

—Ven e colócate. Jean está lista no escenario —Bella púxose a correr diante del, namentres exclamaba cara á súa institutriz—: Velaquí o ten, sublime. A que lle vai ao pelo?

A señorita Muir, cun vestido dunha doncela parlamentarista<sup>3</sup> que posuía un puritanismo e unha afectación encantadores, estaba a colocar uns arbustos, pero deu a volta de súpeto e deixou caer a póla verde que sostíña en canto os seus ollos se atoparon coa relucente figura que avanzaba cara a ela.

—É vostede! —proferiu cunha mirada de preocupación, para logo engadir, dirixíndose a Bella—: Por que llo pediu a el? Pedinlle que non o fixese.

—É o único mozo ben parecido que hai aquí e, se quere, pode ser o mellor dos actores. Non acostuma actuar, así que sáquelle o máximo partido.

Decontado, Bella marchou rematar de empoar o cabelo para representar *Marriage à la mode*<sup>4</sup>.

—Mandáronme chamar e eu vin. Prefire a outra persoa? —preguntou Coventry, incapaz de comprender a ex-

---

<sup>3</sup>Os parlamentaristas ou *roundheads* foron os defensores do Parlamento de Inglaterra durante as guerras civís inglesas fronte ao absolutismo que defendían os realistas ou *cavaliers*.

<sup>4</sup>Refírese á serie pictórica de carácter satírico composta por seis cadros da autoría de William Hogarth (Londres, 1697-1764) nos que o fío condutor é unha parella que, previo acordo financeiro, se une en matrimonio.

presión entre inqueda e ansiosa daquel rostro baixo a pequena touca.

Esta mudou a un xesto de anoxo mesturado con resignación cando dixo:

—É demasiado tarde. Póñase aquí de xeonllos, algo por detrás dos arbustos, saque o chapeu e... Con permiso... é que vai demasiado elegante para ser un fuxitivo.

Así que se axeonllou diante da rapaza, ela desguedelloulle o cabelo, púxolle o colo de encaixe de lado, desfíxose das luvas e da espada e medio lle desatou a capa que lle colgaba dos ombreiros.

—Así está mellor. Ten unha palidez excelente... Veña, non o bote a perder. Temos que representar o cadro que está colgado no pazo. Non fai falla que lle diga máis nada. Parlamentaristas, agora cada un ao seu sitio e logo que levanten o pano.

Coventry obedeceuna cun sorriso, posto que o cadro era de dous amantes: o mozo realista, de xeonllos, arrodeaba co brazo a cintura da rapaza, que trataba de agochalo co seu pequeno manto, e el apertaba a cabeza contra o peito dela nunha éxtase de medo, namentres que a moza botaba a mirada atrás cara aos perseguidores que se lles aproximaban. Jean dubidou un instante e ceou un pouco cando a man del a tocou. Arroxo coma unha brasa e os seus ollos abaixaron ante os del. Despois, cando soou a campaiña, meteuse no papel cun xenio inesperado. Un brazo cubría parte do mozo coa súa capa, o outro sostíñalle a cabeza contra o pano de muselina que se pregaba sobre o seu peito, e miraba cara a atrás con tal horror que máis dun espectador novo e cabaleiroso arelaba acudir presto ao rescate.

Non durou máis dun intre, pero bastou para que Coventry experimentase outra sensación nova. Foran moitas

as mulleres que lle sorriran, mais el nunca se namorara; mantivérase frío e despreocupado, sen darse de conta do poder que posúe e sabe utilizar unha muller, mal que lles pese aos homes. Naquel momento, estando el alí axeonllado cun suave brazo arrodéandoo, cunha cintura delgada rendéndose ante o seu tacto e cun corazón virxinal latexándolle contra a fazula, sentiu por primeira vez na vida o indescritible feitizo das mulleres e imitou á perfección o amante ardente. Xusto cando o seu rostro adquiría aquel novo cariz tan favorecedor, descendeu a cortina, e os clamorosos aplausos fixérono volver á realidade e decatarse de que a señorita Muir tentaba zafarse do seu brazo, que comezara a mancala pola forza que facía de xeito inconsciente. El púxose en pé dun chimpo, medio desconcertado, e cun aspecto que nunca antes adoptara.

—Outra vez! Outra vez! —berraba *sir* John. Os mozos que representaban os parlamentaristas, ansiosos por participar no aplauso, suplicaron repetir con poses novas.

—O ruído do seu vestido revelounos a súa presenza; nós disparamos e ferimos a afouta rapaza, e ela xace moribunda, xa me entende. Seguro que resulta. Probe a facelo, señorita Muir —suxeriu un deles.

Jean obedeceu, cun suspiro prolongado.

A cortina levantouse e deixou ver o amante aínda axeonllado, sen lles prestar atención aos captadores que o agarraban polo ombro, posto que aos seus pés xacía a rapaza moribunda. Agora, a cabeza da moza estaba sobre o seu peito e os ollos dela fitaban os seus, pero xa non estaban alterados polo medo, senón cheos da elocuencia que causa ese amor que nin a morte é quen de vencer.

O poder daqueles tenros ollos provocou en Coventry unha estraña compracencia e púxolle o corazón á mesma velocidade coa que antes latexara o da rapaza. Ela sentiu

que lle tremían as mans, viu como a cor lle subía ás meixelas, soubo que por fin lograra entenrecelo e, cando se ergueu, fíxoo cunha sensación de triunfo que lle custou disimular.

Os demais consideraron que só se trataba dunha boa interpretación, e o propio Coventry trataba de pensar así, pero Lucia resolveu actuar con firmeza e, aínda ben non caera a cortina despois daquel segundo cadro, abandonou o seu sitio e buliu aos bastidores, decidida a rematar con aquel perigoso xogo. Había varios actores felicitando os mímicos amantes. Jean tomábao con bo humor, pero Coventry, sen querelo, revelaba que estaba emocionado por algo máis profundo ca pola simple satisfacción da súa vaidade.

Ao aparecer Lucia o comportamento del regresou á súa habitual indiferenza, mais non foi quen de apagar o insólito lume dos seus ollos nin de varrer a emoción do seu rostro, e ela notouno e sentiu unha dor punxente.

—Veño para ofrecer a miña axuda. Debe estar cansa, señorita Muir. Podo substituíla? —apurouse a dicir Lucia.

—Pode, grazas. Estarei encantada de deixarlle o resto a vostede e de gozar deles dende diante.

Deste xeito, Jean marchou, cun sorriso doce e con paso lixeiro, pero, para a consternación de Lucia, Coventry foi detrás súa.

—Precísote, Gerald. Queda, por favor —berrou.

—Xa fixen o meu papel. Eu xa me deixo de traxedias por esta noite.

Dito iso, marchou antes de que ela puidese rogarlle ou ordenarlle algo.

Non había que facerlle: tiña que quedar e encargarse do que lle correspondía, ou expoñería os seus celos ante os

ollos espelidos que a arrodeaban. Aguantou un anaco, mais a visión do seu curmán inclinado sobre a cadeira que ela abandonara e parolando coa institutriz, que agora sentaba alí, tornou insoportable, de tal modo que enviou unha nena cunha mensaxe para a señorita Muir.

—Desculpe, pero a señorita Beaufort quere que faga da raíña Isabel, xa que vostede é a única dama co cabelo rubio. Podería vir? —bisbou a cativa, inconsciente do agullón que agochaban as súas palabras.

—Claro, rula, con moito gusto, aínda que non posúo toda a grandiosidade nin toda a beleza que se precisa para facer da Súa Maxestade —respondeu Jean, que se ergueu cunha expresión sosegada no rostro, malia que estaba molesta pola aldraxe da muller.

—Precisa dun Essex<sup>5</sup>? Estou vestido para a ocasión —ofreceuse Coventry, que a seguiu cara á porta cun ollar amoucado.

—Non, a señorita Beaufort dixo que vostede non podía vir. Non quere que os dous anden xuntos —retrucou a cativa con decisión.

Jean lanzoulle unha mirada expresiva, encolleu os ombros e marchou con aquel sorriso particular de seu. Coventry quedou paseando dun lado para o outro do vestíbulo nun curioso estado de desacougo que lle fixo esquecerse de todo, até que a xente nova saíu alborozada para a cea.

—Ven, fermoso príncipe Carlos, lévame abaixo e fai o papel do amante con tanto engado como fixeches hai

---

<sup>5</sup>Robert Devereux, segundo conde de Essex (Netherwood, 1566-Londres, 1601), foi un militar e valido da raíña Isabel I de Inglaterra (Greenwich, 1533-Surrey, 1603). Era moi novo cando entrou na corte e a monarca axiña comezou a sentir debilidade por el. Non obstante, tras o fracaso dunha campaña militar que el dirixiu en Irlanda e de varios encontróns coa raíña, el acabou por se rebelar contra a soberana en 1601 e foi executado por traizón.

unha hora. Xamais pensei que houbese tanta tenrura dentro de ti —gabouno Bella, mentres o collía polo brazo e tiraba del contra a súa vontade.

—Non sexas parva, nena. Onde vai... Lucia?

Non podería explicar o motivo polo cal refreara o nome de Jean nos seus beizos e o substituíra polo doutra persoa, pero de súpeto posuíuno a timidez á hora de falar dela e, a pesar de que non a vía por ningures, non ousou preguntar onde estaba. A súa curmá estaba estupenda cando baixou, vestida cun traxe clásico, pero Gerald apenas reparou nela e, cando a algarabía estaba no seu máximo apoxeo, escapuliuse para descubrir que fora da señorita Muir.

Atopouna soa no salón, que quedara deserto, e detívose para observala un momento antes de falar, pois notou algo na súa actitude e no seu rostro que o impresionou.

Estaba reclinada con aire canso na gran cadeira que fixera as veces de trono. Aínda non mudara as roupaxes reais, mais si que quitara a coroa, de xeito que todo o cabelo claro lle caía derredor dos ombreiros. A axitación e o esforzo facíana brillar, o exquisito vestido acaíalle de marabilla e un aire de desleixo suntuoso facía que a submisia institutriz mudase nunha muller encantadora. Repousaba nos coxíns de veludo, coma se estivese afeitada a tal apoio, xogaba coas xoias que a coroaran cun aire tan despreocupado, coma se nacesse para levalas; a súa actitude estaba chea dunha graza negligente e tiña unha expresión no rostro entre orgullosa e meditabunda, coma se os seus pensamentos fosen agridoces.

«Calquera que a vise agora se daría de conta de que é de bo berce. Coitada! Canto lle debe pesar levar unha vida de dependencia a un espírito coma o seu! Pregúntome que estará a pensar tan concentrada», pensou Co-

ventry, quen se compraceu en botar outra ollada antes de falar.

—Quere que lle traia algo de cear, señorita Muir?

—Cear! —exclamou, sobresaltada—. Quen pensa no corpo cando ten a alma... —detívose, torceu o fociño e soltou unha débil risada ao tempo que engadía—: Non, grazas. O único que quero é consello e iso non me atrevo a pedirillo a ninguén.

—Por que non?

—Porque non teño dereito.

—Todo o mundo ten dereito a pedir axuda, sobre todo os débiles aos fortes. Podo axudala? Créame, ofrézolle os meus humildes servizos de moi boa gana.

—Ai, que axiña esquece! Este vestido, o esplendor empréstado destas xoias, a liberdade deste serán tan alegre, o romanticismo do papel que vostede interpretou... Esas cousas cégano ante a realidade. Por un momento deixei de ser unha serventa e tratoume como unha igual.

Certo! Xa lle esquecera. Aquela mirada tenra e reprobatoria conmoveuno, a súa desconfianza dispouse ante aquel novo engado, e respondeu, cunha auténtica emoción na voz e no rostro:

—Trátoa como unha igual porque o é, e cando lle ofrecín a miña axuda, non só me dirixía á institutriz da miña irmá, senón á filla da señora Howard.

—Quen lle contou iso? —preguntou ela, colocándose ergueita no asento.

—Meu tío. Non llo recrimine. Non seguirei co asunto, se vostede non quere. Desgústalle que o saiba?

—Si.

—Por que?

—Porque non quero que se compadezan de min! —os seus ollos escintilaron mentres facía un xesto desafiante.

—Daquela, se non podo compadecerme do duro destino que lle tocou a unha vida inocente, permíteseme admirar a coraxe que con tanto valor se enfrenta á adversa fortuna e que conquista o mundo gañando o respecto e a estima de todo aquel que a observa e reverencia?

A señorita Muir apartou a cara, alzou a man e respondeu a correr:

—Non, non, iso non! Non sexa amable ou derrubará a única barreira que queda entre nós. Sexa frío comigo, coma antes, esqueza o que son e déixeme seguir polo meu camiño sen que ninguén repare en min, sen que ninguén me compadeza e sen que ninguén me ame!

Ao que pronunciou a última palabra, a súa voz esmoreceu e tapou o rostro coas mans. Houbo algo nas súas palabras que enfatiou a Coventry e que o impulsou a replicarlle, cun ton case groseiro:

—Non me tema. Lucia confirmaralle que son frío coma o xeo.

—Pois Lucia estaría a darme unha información errada. Teño a funesta facultade de ler a personalidade da xente. Eu coñezoo mellor ca ela e ben vexo que... —freou de golpe.

—Que? Dígamo, demostre a súa destreza —retrucou.

Ela xirouse e cravou a mirada na del cun penetrante poder que o fixo recuar. Dixo, paseniño:

—Debaixo do xeo vexo lume, e advírtolle que debe ter coidado por se resulta ser un volcán.

Durante uns instantes, el ficou sentado sen dar unha fala, sorprendido ante a perspicacia da rapaza, dado que era a primeira en descubrir a tenrura agochada dunha natureza demasiado orgullosa para confesar os seus impulsos agarimosos ou as ambicións que tiña adormecidas até que unha voz potente as fixo acordar. A maneira di-



recta e case severa coa que o advertiu de que se mantivese arredado dela fíxoa aínda máis atractiva, pois non encerraba ningunha presunción nin arrogancia, senón só un temor agoireiro que o sufrimento pasado inducía á franqueza. De súpeto, o mozo interveu con ímpeto:

—Ten razón! Non son o que parezo e a miña indiferenza desleixada non é máis ca a máscara baixo a cal oculto o meu verdadeiro carácter. Podería ser tan apaixonado, tan enérxico e tan ambicioso coma Ned, se tivese algún propósito na vida. Mais non teño ningún e por iso son o que vostede me chamou unha vez: un ser penoso e desprezable.

—Nunca tal dixen! —berrou Jean, indignada.

—Se cadra non con esas palabras, pero transmitiuno e pensouno, aínda que o expresase con máis delicadeza. Daquela merecía, pero xa non. Comezo a espertar da miña deshonrosa folganza e devezoo por unha ocupación que faga de min un home. Por que marcha? Amóloa coas miñas confesións. Perdóeme. Son as primeiras que fago na vida e han ser as derradeiras.

—Non! Oh, non! Hónrame moito a súa confianza, pero é sensato e leal que me conte as súas esperanzas e os seus propósitos a min? Non ten a señorita Beaufort máis dereito ca ninguén a ser a súa confidente?

Coventry recuou, con aire molesto, posto que aquel nome lle recordaba moitas cousas que el esquecería de bo grado ante a inusitada excitación do momento: o amor de Lucia, as palabras de despedida de Edward e a súa propia reticencia, que desaparecera dun xeito tan estraño e que era tan difícil recuperar. As palabras que ía dicir refreáronse ao ver como unha carta medio aberta caía do vestido de Jean cando esta se dispoñía a marchar. El colleuna de forma mecánica para lla devolver, pero, ao

facelo, recoñeceu a letra de Sydney. Jean ripoulla, púxose pálida coma a cera e deu en berrar:

—Leuna? Que viu? Dígamo, polo que máis queira!

—Doulle a miña palabra de que non vin máis ca esta frase: «Polo amor que lle profeso, crea o que lle digo». Máis nada, pois son un cabaleiro. Coñezo a letra, imaxino a intención da carta e, como amigo de Sydney, quero axudala de todo corazón, se está ao meu alcance. É este o asunto sobre o cal quere consello?

—É, si.

—Daquela, déixeme darlo.

—Non pode, sen sabelo todo, e é moi duro contalo!

—Déixeme adiviñalo e aforrarlle o sufrimento de ter que contarmo. Permíteme? —Coventry agardou degoirado pola resposta, pois aínda se atopaba baixo os efectos do feitizo.

Ela agarrou ben a carta, acenoulle para que a seguise e avanzou con sixelo diante del cara a un pequeno recuncho apartado que semellaba entre un toucador e unha terraza interior. Unha vez alí detívose, agardou un anaco, coma se dubidase, e logo ergueu a vista cara a el cunha mirada confiada e díxolle, decidida:

—Vou facelo, porque, por estraño que pareza, vostede é a única persoa coa que podó falar. Coñece a Sydney, descubriu que son igual ca vostede e ofreceume a súa axuda. Acéptoa, pero... Ah, non vaia pensar que fago cousas impropias para unha muller! Recorde o soa que estou, o nova que son e todo o que confío na súa sinceridade, na súa solidariedade!

—Fale sen trabas. Son o seu amigo —Coventry sentou ao seu carón e esqueceuse de todo o que non fose aquela rapaza de ollos tenros que depositaba nel toda a súa confianza.

Jean continuou falando, acelerada:

—Xa sabe que Sydney estaba namorado de min, e que eu o rexeitei e marchei. Mais o que non sabe é que as súas importunidades case me fan tolear, que me ameazou con despoxarme do meu único tesouro, a miña boa reputación, e que, desesperada, tratei de suicidarme. Si, por desequilibrado ou por perverso que fose, arelaba acabar coa miña vida, que, no mellor dos casos, era unha carga e que baixo a súa persecución se convertera nun tormento. Agora está desconcertado, pero o que lle digo é a pura verdade. A señora Sydney pode confirmalo e as enfermeiras do hospital confesarán que non foi unha febre o que me levou alí. Malia que xa sandou a ferida externa, aínda me doe e me arde o corazón por mor da vergoña e da indignación que só pode sentir unha muller orgullosa.

Calou e sentou cos ollos acesos, as meixelas candentes e as dúas mans apertadas contra o peito arquexante, coma se aquela aldraxe de vello espertase de novo o seu xenio. Coventry non deu un chío, posto que na súa mente se mesturaban a sorpresa, a carraxe, a incredulidade e a admiración dun xeito tan confuso que esqueceu falar, de maneira que Jean proseguíu:

—O salvaxismo do meu acto convenceuno da miña indomable aversión. Marchou, e eu crin que a ausencia sería o remedio para aquel amor tormentoso seu, pero non, así que vivo cada día comesta polo temor a que veñan máis rogos e a que volva a persecución. A súa nai prometeu que non revelaría o meu paradiro, pero el atopoume e escribiume. A carta que lle pedín que lle levase á señora Sydney era unha resposta á del, na que lle suplicaba que me deixase tranquila. Vostede non a entregou e eu alegreime, porque me pareceu que o silencio podía matar a esperanza. Todo en balde: esta é unha súplica máis

apaixonada ca nunca e el xura que non desistirá do seu empeño até que eu non lle dea a outro home o dereito a protexerme. Estou tentada a facelo, pero rebélome contra semellante crueldade. Adoro a miña liberdade e non teño gana de casar por orde deste home. Que podo facer? Como liberarme disto? Sexa o meu amigo e axúdeme!

As bágoas escorregábanlle polas meixelas, os saloucos afogábanlle as palabras e xuntou as mans nun xesto implorante asemade que se xiraba cara ao mozo ensumida no desamparo da mágoa, do medo e da súplica.

A Coventry custoulle mirar aqueles ollos elocuentes e responder con calma, posto que non tiña experiencia en tales situacións e non sabía como interpretar o seu papel. «Son estas absurdas roupaxes e as andrómenas románticas as que me fan sentir tan raro», pensou, sen decatarse do perigoso poder que sobre el exercían aquel cuarto escuro, a calor e a fragancia de pleno verán, a lembranza daquelas «andrómenas románticas» e, por riba de todo, a presenza dunha muller fermosa e aflixida. Abandonouno a súa habitual serenidade e só foi quen de repetir as palabras que máis o impresionaran:

—Está tentada a facelo. Ese home que pode protexela é Ned?

—Non —contestou ela con suavidade.

—Entón, quen?

—Non me pregunte. Un home bo e honorable, alguén que me quere ben e que consagraría a súa vida a min, alguén co que noutrora sería unha ledicia casar, pero que agora... —a súa voz rematou nun suspiro e caéronlle arredor da cara todos os claros cabelos, que a agocharon baixo un veo brillante.

—Por que agora non? É un xeito seguro e rápido de rematar coa súa angustia. É imposible?

De xeito involuntario, Gerald achegouse máis, tomou unha daquelas pequenas mans entre as súas e apertouna mentres falaba, cun ton de urxencia, de compaixón e case de tenrura. De detrás do veo saíu un suspiro forte e unha breve resposta:

—É imposible.

—Por que, Jean?

Ela botou o cabelo cara a atrás cun xesto inesperado, apartou a man e contestou, dun xeito case feroz:

—Pois porque non o quero! Por que razón me atormenta con esas preguntas? Dígolle que me atopo nun grande apuro e que non lle dou atopado solución. Debo enganar ese bo home e garantir a paz á custa da liberdade e da verdade? Ou debo desafiar a Sydney e levar unha vida de pavor? Se ameazase a miña vida, non tería medo, pero as súas ameazas atacan algo ao que lle teño máis aprecio ca á vida: a miña boa reputación. Unha mirada ou unha palabra mancharíana. Un sorriso de desprezo ou un encollemento de ombros elocuente faríanme máis mal ca calquera golpe, porque son unha muller, sen amigos, pobre e a mercé da lingua del. Ah, mellor me sería estar morta para aforrar este amargo sufrimento que padezo!

A muller ergueuse dun chimpo, xuntou as mans por riba da cabeza e púxose a andar de aquí para alá na pequena estancia, sen chorar, pero cunha expresión máis trágica ca as bágoas. Coventry aínda se sentía coma se de súpeto estivese no medio dunha novela, pero atopou un inmenso pracer no papel que se lle asignara, así que se meteu nel de cheo e con xenio; de boa gana fixo canto puido por consolar aquela pobre rapaza que tanto precisaba de auxilio. Dirixiuse cara a ela e díxolle, con máis ímpeto aínda do que adoitaba poñer Ned ao falar:

—Señorita Muir... Non, chamareille Jean, se iso a reconforta... Mire, teña por seguro que non sufrirá dano ningún se está na miña man evitalo. Alármase sen motivo. Ai, Señor! Eu entendo que estea indignada, pero penso que se engana con Sydney. Ben sei que é violento, pero é un home demasiado honorable para prexudicala con palabras lixeiras ou con actos inxustos. Non fixo máis que ameazala coa esperanza de abrandala. Déixeme ir velo ou escribirlle. El é amigo meu, escoitarame. Diso estou seguro.

—Non estea seguro de nada. Cando un home como Sydney está namorado e o seu amor se ve frustrado, non hai nada que aplaque a súa teimuda vontade. Prométabe que non irá velo e que tampouco non lle escribirá. Por moito que lle teña medo e que o desprece, prefiro someterme antes de que vostede ou o seu irmán sufran calquera dano. Prométemo, señor Coventry?

El dubidou. Ela agarróuselle do brazo cunha auténtica expresión de preocupación no rostro, ansioso e suplicante, e el non foi quen de resistirse.

—Prométollo, pero a cambio vostede ten que prometerme que me deixará axudala no que poida. E, Jean, nunca máis diga que non ten amigos.

—É vostede tan amable! Que Deus o bendiga por isto, pero non ousa aceptar a súa amizade. Ela non o vai permitir e non teño dereito ningún a perturbar a súa paz.

—Quen non o vai permitir? —preguntou el, visiblemente acalorado.

—A señorita Beaufort.

—Vaia o demo coa señorita Beaufort! —exclamou Coventry, con tanta enerxía que Jean rompeu a rir cunhas gargalladas musicais, a pesar das súas preocupacións. El uníuselle e botaron un anaco ollando o un para o ou-

tro, coma se botasen abaixo a derradeira barreira e fosen auténticos amigos.

Jean parou de socato, co sorriso nos beizos e coas bágoas aínda nas fazulas, e fixo un aceno de advertencia. El aguzou a orella: un ruído de pasos mesturado con chamadas e risadas demostraba que alguén os botaba en falta e os buscaba.

—Traizoáronnos estes risos. Vostede quede aquí e sáialles ao encontro. Eu non подо.

Jean marchou coma un lóstrego para a campeira. Coventry seguiuna, pois a idea de enfrontarse a tantas miradas e a tantas preguntas intimidábao, así que fuxiu como un covarde. Guiado polo ruído dos pasos alados de Jean, alcanzouna xusto cando ela se detiña detrás dun mato de roseiras para coller alento.

—Que cabaleiro tan apoucado! Debería quedar e cubrir a miña retirada. Escoite! Velaí veñen! Agóchese! Veña! —arquexou, entre temerosa e xovial, consonte os alegres perseguidores se lles achegaban lixeiros—. Aníquese, que está saíndo a lúa e o traizoará a brillantez dos seus bordados —cuscubiñou Jean, mentres se encollían detrás das roseiras.

—E a vostede van traizoala os seus brazos e o seu cabelo. Como di a canción, «Veña baixo o meu manto<sup>6</sup>» —Coventry tratou de cubrir aqueles brancos ombreiros e aqueles cabelos claros coa súa capa de veludo.

—Agora representamos os nosos papeis na realidade. Como se deleitará Bella con todo isto cando llo conte! —comentou Jean cando o barullo foi esmorecendo.

—Non llo conte —murmurou Coventry.

---

<sup>6</sup> *Come Under My Plaidie* é unha canción escocesa na que se relata como un vello trata de cortexar unha muller máis nova. A súa letra foi escrita polo poeta escocés Hector Macneill (Midlothian, 1746-Edimburgo, 1818).

—E logo por que non? —preguntou ela, namentres erguía a mirada cara a aquel rostro que se atopaba tan preto do seu, cun ollar desprovisto de malicia.

—Non é capaz de adivíñalo?

—Ah, é tan orgulloso que non atura que se rían de vostede.

—Non é iso. É que non quero que a anden a amolar as malas linguas. Xa sofre dabondo. Agora son o seu amigo e fago canto está na miña man para demostralo.

—Que amable é comigo! Como podo agradecerllo? —musitou Jean. Entón, de xeito involuntario, acurrunchouse máis preto del baixo a capa que os protexía a ambos.

Ningún dos dous falou durante un cacho e, no medio do silencio, sentíase o rápido latexo dos seus corazóns. Para amortecer aquel son, Coventry borboriñou:

—Está asustada?

—Non, gústame isto —musitou ela, e logo engadiu, de repente—: Pero por que nos agochamos? Non temos nada que temer. É tarde. Teño que marchar. Está axeonllado enriba da cola do meu vestido. Levántese, por favor.

—A que veñen esas présas? A fuxida e o perseguimento non fan senón aumentar o engado do serán. Non penso levantarme aínda. Quere unha rosa, Jean?

—Non quero. Insisto, señor Coventry, déixeme marchar. Xa está ben desta toleada. Vostede perde o control.

Falara cun ton imperioso, saíu de debaixo da capa e apartouno dela. El levantouse de inmediato e afirmou, coma quen acorda de súpeto dun soño pracenteiro:

—Pois claro que perdo o control.

Entón, chegou até eles un balbordo de voces, máis preto ca antes. El sinalou un camiño escondido que conducía á mansión e indicou, co seu ton frío e calmo:



—Vaia naquela dirección. Eu cubrirelle a retirada.

Dito isto, deu a volta e saíu ao encontro dos xoviais cazadores.

Media hora despois, cando se dissolveu a xuntanza, a señorita Muir uniuse aos demais co seu discreto vestido habitual, máis esbrancuxada, submissa e tristeira do normal. Coventry deuse de conta, aínda que non a mirou nin se dirixiu a ela. Lucía tamén se decatou e alegrouse de que a perigosa rapaza regresase ao lugar que lle correspondía, pois sufrira moito aquel serán. Apropiouse do brazo do seu curmán para atravesar o xardín, pero el andaba morriño, así que todos os esforzos que Lucía fixo por conversar foron en balde. A señorita Muir camiñaba soa, cantaruxando en voz baixa mentres os seguía no solpor. Estaría Gerald tan calado porque trataba de escoitar aquela canción intermitente? Lucía cría que se trataba diso e sentiu como a súa aversión medraba de contado até se converter en odio.

Cando a rapazada marchou e os da familia xa se despedían, Coventry sorprendeu a Jean ofrecéndolle a man, cousa que nunca antes fixera, e bisbándolle, mentres lla apertaba, a pesar de que Lucía non paraba de observalo:

—Aínda non lle dei o meu consello.

—Grazas, pero xa non o preciso. Tomei unha determinación por min mesma.

—Podo preguntarlle cal?

—Facerlle fronte ao meu inimigo.

—Así me gusta! Pero que fixo que se decidise tan axiña?

—O feito de atopar un amigo —respondeu, e logo, cunha mirada de agradecemento, marchou.

## VI EN GARDA

—Desculpe, señor Coventry, déronlle a carta onte pola noite? —tales foron as primeiras palabras que escoitou o «señorito» ao abandonar o seu cuarto á mañá seguinte.

—Que carta, Dean? Non lembro carta ningunha —respondeu, e detívose, xa que reparou en algo peculiar no comportamento da doncela.

—Chegou xusto ao marchar vostede para o pazo, señor. Benson foi correndo atrás súa con ela, porque poñía que era urxente. Non lla deron, señor? —preguntou a muller, ansiosa.

—Ai, Deus! Si que ma deron, pero esquecina por completo até agora. Supoño que a teño na outra chaqueta, se é que non a perdín. Esa absurda mascarada fixo que me despreocupase do demais —falando máis para si mesmo ca para a doncela, Coventry deu volta para buscar a carta desaparecida.

Dean quedou onde estaba, finxindo andar ocupada arranzando as cortinas da fiestra do corredor, mais ao asexo mentres tanto con insólita curiosidade.

—Non estaba alí, xa me parecía a min! —murmurou, ao tempo que Coventry metía a man nun peto detrás

doutro, impaciente. Con todo, mentres pronunciaba esas palabras, púxoselle na cara unha expresión de abraio, ao ver como a carta aparecía de socato.

—Poñería a man no lume por que non estaba aí! Non o entendo, pero ou moito me engano ou esa rapaza é lista coma un allo.

Dean sacudiu a cabeza coma se estivese perplexa pero non convencida.

Coventry soltou unha exclamación de satisfacción ao ver o enderezo e abriu a carta alí mesmo.

Benquerido C.:

Marcho para Baden. Ven e reúnete comigo. Así, estarás a salvo, pois, se te namoras de J. M. (e iso é inevitable se quedas onde está ela), terás que enfrontarte ao pequeno inconveniente de que che levante a tapa dos miolos.

O teu amigo,  
F. R. Sydney

—Este deu en tolo! —exclamou Coventry, que fitaba a carta co rostro acendido pola carraxe—. Que diante pretende escribíndome dese modo? Que me reúna con el! Érache boa! E a ameaza, ríome eu dela. Pobre Jean! Parece que este parvo testán está decidido a atormentala. E logo a que agarda, Dean? —preguntou, coma se se decatase de súpeto da súa presenza.

—A nada, señor. Só quedei para ver se atopaba a carta. Píddolle desculpas, señor.

Cando a doncela se dispoñía a marchar, Coventry preguntoulle, cunha ollada receosa:

—Que lle fixo pensar que se perdera? Seica lle interesan moito os meus asuntos hoxe.

—Meu Deus, non, señor. Estaba algo preocupada. Benson é moi despistado e fun eu a que o enviou atrás súa, porque o vin saír a vostede por casualidade, así que me sentía responsable. Como poñía que era urxente, pensei que se cadra era importante e por iso lle preguntei por ela.

—De acordo, pode marchar, Dean. Xa ve que está todo en orde.

—Eu non estou tan segura... —musitou a muller, que fixo unha respectuosa reverencia e retirouse, pesarosa coma se non desen atopado a carta.

Dean era a doncela da señorita Beaufort. Era unha muller circunspecta de mediana idade, de bo ollo e cun talante un tanto adusto. Como levaba moito tempo na mansión, gozaba dos privilexios de ser unha serventa leal que contaba co favor da familia. Adoraba a súa señora cun afecto case celoso. Miraba por ela co coidado vixilante dunha nai e molestábanlle os intentos de entremeterse dos demais. Ao principio, apreciara a Jean Muir e compadeceráa, logo desconfiara dela e agora odiábaa con todas as súas forzas, por ser a causa da crecente indiferenza de Coventry cara á súa curmá. Dean sabía o profundo que era o amor de Lucia, así que, malia que aos seus ollos ningún home era merecedor da súa señora, como esta o honrara coa súa estima, sentíase na obriga de apreciálo, e o recente cambio do seu comportamento agoniaba a doncela case tanto como apesaraba a señora. Observaba a Jean de preto, algo que, até entón, lle causara moita diversión e pouca molestia a aquela amable criatura, habida conta de que o lento enxeño inglés de Dean non era rival para a mente perspicaz da institutriz.

A noite anterior, Dean fora enviada ao pazo con traxes e alí vira algo que a deixara moi preocupada. Puxérase a falar diso namentres axudaba a súa señora a espirse, pero Lucia, que estaba triste, mandáralle parar de laretar con tanta severidade que deixara a historia sen contar, e vírase na obriga de aturar o seu estado de ánimo.

«A ver agora con que facha aparece esta despois do que ocorreu, aínda que moito non se pode sacar da cara desa pendanga alburgueira», pensou Dean, que camiñaba polo corredor adiante e torcía o bico a medida que avanzaba.

—Bo día, señora Dean. Espero que non quedase derreada pola foliada de onte á noite. A vostede tocoulle o traballo e a nós, a diversión —dixo unha voz despreocupada.

A serventa deu a volta de golpe e atopouse de fronte coa señorita Muir. Descansada e risoña, a institutriz inclinou a cabeza cunha cordialidade que resultaría irresistible para calquera menos para Dean.

—Estou ben, grazas, señorita —respondeu con frialdade, namentres cravaba o seu bo ollo na rapaza, coma se quixese observar o efecto das súas palabras—. Descansei un bo anaco mentres que as señoritas e os señoritos estaban na cea, porque, en tanto que as doncelas deixaban todo ordenado, eu fun sentar á «pequena antesala».

—Si, ben a vin, e dábame medo que a collese o frío. Alégrome de que non fose así. Como está a señorita Beaufort? Onte á noite parecía que non se atopaba moi ben —respondeu Jean con serenidade, colocando os pequenos volantes derredor dos seus delicados pulsos. Con aquela pregunta indiferente devolvíalle a xogada a Dean despois de que ela insinuase que estivera nun lugar dende onde puidera ver a Coventry e a señorita Muir falando.

—Anda algo cansa, como estaría calquera *dama* despois dun serán coma o de onte. Talvez a unha persoa que está *afeita a facer teatro* non lle afecta, pero á señorita Beaufort non lle gusta tanto andar de *esmorga* coma a *outras*.

A énfase que Dean puxera en determinadas palabras fixera que soasen tan impertinentes como quería. Emporiso, Jean limitouse a rir até que, ao sentiren os pasos de Coventry detrás delas, botou a correr escaleiras abaixo mentres dicía, impasible, mais cun ollar perverso:

—Agora non vou parar para lle dar as grazas, non vaia ser que o señor Coventry me dea os bos días e a señorita Beaufort se lle indispoña aínda máis.

Os ollos de Dean escintilaron ao tempo que seguía coa mirada a rapaza cunha expresión colérica. Logo, seguiu o seu camiño e afirmou cun ton adusto:

—Hei agardar a que chegue o meu momento, pero penso acabar ganándolle a partida.

Coventry entrou devagar na sala do almorzo co seu habitual aire de indiferenza desganada, convencido de que a «ridiculez da outra noite» quedaba xa moi lonxe, aínda que con curiosidade por ver cal sería a reacción de Jean ante el. Un aceno e un murmurio lánguidos foron todo o que concedeu como resposta aos saúdos da súa curmá, da súa irmá e da institutriz cando sentou e colleu o seu xornal.

—Chegouche unha carta de Ned? —preguntou Bella, mirando para a nota que aínda levaba o seu irmán.

—Non —contestou el con brevidade.

—De quen é? Seica che deron malas novas...?

Non houbo resposta ningunha, así que Bella botou unha ollada por riba do brazo del e, ao albiscar o selo, exclamou, cun ton de decepción:

—Boh! É o brasón dos Sydney. Daquela tanto me ten a nota esa. As cartas que vos mandades os homes non teñen nada de interesante.

A señorita Muir dáballa de comer tranquilamente a un dos cans de Edward, pero, ao oír aquel nome, ergueu a mirada e atopouse cos ollos de Coventry. Ruborizouse cunha expresión tan agoniante que este sentiu mágoa por ela. O mozo non se detivo a pensar por que se debía molestar el en ocultar a confusión da rapaza, mais ao ver o xesto de moca na cara de Lucia, dirixiuse a ela de súpeto con desagrado:

—Ti sabías que Dean anda bastante impertinente? Abusa da súa idade e da túa indulxencia, e esquece cal é o seu lugar.

—Que fixo? —preguntoulle Lucia con frialdade.

—Preocuparse polos meus asuntos e mandar en Benson sen que ninguén llo pedise.

Entón, Coventry contoulle o que acontecera coa carta e a evidente curiosidade da muller.

—Pobre Dean, nin as grazas lle dás por recordarche algo que esqueceras. A próxima vez que deixe as túas cartas á súa sorte, que se cadra até é mellor, visto que te poñen de tan mal xorne, Gerald.

Lucia falara calmada, pero tiña as fazulas vermellas por mor da carraxe cando se ergueu e saíu da sala. Coventry semellaba moi amolado, xa que no rostro de Jean detectou un leve sorriso, entre lamentoso e retranqueiro, que o agoniou aínda máis ca a insinuación da súa curmá. Bella rompeu o incómodo silencio apuntando, cun suspiro:

—Pobre Ned! Relouco por volver ter noticias del. Pensei que chegara unha carta para algún de nós. Dean dixo que onte viu unha coa súa letra na mesa do vestíbulo.

—Parece que anda coa teima de controlar as cartas. Non o permitirei. Para quen era a carta, Bella? —inquiriu Coventry, que deixou o xornal a un lado.

—Non quixo ou non soubo dicirmo, pero parecía moi molesta e mandoume preguntarche a ti.

—Que raro! A min non me chegou nada —estrañouse Coventry.

—Pois a min si que me chegou unha hai uns días. Léaa, e tamén a miña resposta, por favor.

Mentres falaba, Jean púxolle diante dúas cartas.

—Nada diso. Non sería decoroso ler algo que Ned escribiu para que só o visen os seus ollos. É vostede moi escrupulosa para algunhas cousas, pero non para outras, señorita Muir.

Coventry devolveulle as dúas cartas cun aire decidido e circunspecto que non conseguiu encubrir a intriga e o abraio que sentía.

—Ten razón. Deberíamos respectar a nota do señor Edward, porque nela o pobre rapaz me abriu o seu corazón. Agora ben, a miña rógolle que a lea, para que vexa como trato de cumprir o que lle prometín. Fágame ese favor, señor Coventry, teño dereito a pedirlo.

Falara con tanta urxencia e tiña un aspecto tan amoucado que el non puido negarse; xa que logo, dirixiuse á fiestra e leu a carta. Non había dúbida de que se trataba dunha resposta a unha súplica apaixonada do amante, e estaba escrita con suma habelencia. Mentres lía, Gerald non puido evitar pensar: «Se esta rapaza lle escribe así a un home do que non está namorada, canta forza e paixón terán as palabras que lle dedique ao que ame de verdade». Este pensamento non paraba de virlle á cabeza ao que os seus ollos devoraban unha liña tras outra de argumentos razoables, de suaves reprimendas, de bos consellos e de



amigable estima. De cando en vez, unha palabra ou unha frase revelaban o que ela confesara, e Coventry esqueceu devolver a carta, pois abstraérase pensando en quen sería o home do que Jean se namorara.

Fíxoo volver á realidade o son da voz de Bella, que dicía, cun ton entre amable e soberbio:

—Non se contriste, Jean. Seguro que Ned sobrevive. Acórdese de que unha vez me contou que os homes endexamais morrían de amor, aínda que iso si que lles podía acontecer ás mulleres. Na nota que me enviou a min, falaba marabillas de vostede e pedíame que a tratase con amabilidade por el, algo que intento facer con todo o meu corazón, aínda que, se fose outra en lugar de vostede, abofé que penso que a odiaría por facer tan infeliz o meu querido irmán.

—É moi amable, Bella, e moitas veces penso en irme de aquí para os librar da miña presenza. No entanto, por perigoso e pouco asinado que sexa quedar nesta casa, non teño a coraxe necesaria para marchar. Fun moi feliz aquí.

Namentres falaba, Jean abaixou a cabeza cara ao can, que se acaroo a ela con agarimo.

Antes de que Bella puidese pronunciar a metade das palabras aloumiñeiras que lle abrollaban dos beizos, Coventry achegouse a elas sen rastro de langor no rostro e no porte, puxo a carta de Jean diante dela e admitiu, cun ton baixo cheo dunha profunda emoción naquela súa voz, adoito imperturbable:

—Unha carta feminina, elocuente e correcta, pero temo que só vai servir para avivar o lume que con ela se trata de apagar. Agora máis ca nunca teño mágoa polo meu irmán.

—Enviareina? —preguntou Jean, mirándoo directamente, coma se tivese plena confianza no seu criterio.

—Si, eu non teño valor abondo para privalo dun sermón tan doce sobre a abnegación. Quere que a mande por vostede?

—Agradeceríallo. Déame un momento.

Cun ollar cheo de gratitude, Jean abaixou os ollos. Entón, sacou a súa pequena carteira, escolleu un penique, envolveuno nun trisco de papel e, logo, deulle a carta e mais a moeda a Coventry, nun acto de responsabilidade tan primoroso que el non puido reprimir unha risada.

—Así que non quere estar en débeda comigo por un penique? É unha muller ben orgullosa, señorita Muir.

—Sono, é unha tacha que me vén de familia.

A seguir lanzoulle unha mirada expresiva que lle fixo recordar con quen estaba a tratar. O mozo entendeu como se sentía e apreciouna aínda máis por iso, consciente de que el actuaría igual de estar no seu lugar. Fora un detalle ben pequeno, pero, se o fixera buscando impresionalo, funcionaríalle á perfección, pois puxera de manifesto que posuía unha gran perspicacia que lle permitía coñecer ben o carácter del e demostráralle ao mozo a existencia dun orgullo co que simpatizaba por completo. El demorouse un cacho ao pé de Jean, observando como queimaba a carta de Edward na chama do queimador de alcohol que estaba debaixo da teteira.

—Por que fai iso? —preguntou Coventry de maneira involuntaria.

—Porque é a miña obriga esquecer —respondeu ela.

—Sempre conseguí esquecer se se trata dunha obriga?

—Oxalá! Quen me dera!

Falaba con paixón e semellaba que as palabras saían da súa boca en contra da súa vontade. Daquela, ergueuse ás présas e marchou ao xardín, coma se tivese medo de quedar.

—Miña pobre Jean! Hai algo que a fai moi infeliz, pero non dou descuberto o que. Onte pola noite atopeina chorando sobre unha rosa e agora colle e marcha correndo, coma se tivese o corazón roto. Alégrome de non ter leccións hoxe.

—Que clase de rosa? —preguntou Coventry dende detrás do seu xornal cando Bella fixo un silencio.

—Unha branca e preciosa. Tivo que vir do pazo, que aquí non temos desas. Pregúntome se é que Jean ía casar e perdeu o seu amante e agora está tristeira porque aquela flor lle recordou as rosas nupciais.

Coventry non respondeu, pero sentiu como lle cambiaba a expresión ao lembrar a pequena escena que tivera lugar detrás da sebe de roseiras, onde lle dera a Jean unha flor que ela rexeitara mais que acabara levando. Nese momento, para a sorpresa de Bella, tirou co xornal, rachou en anacos a nota de Sydney e deu orde de que lle trouxesen o cabalo cunhas enerxías que deixaron a nena abraiada.

—Pero, Gerald, que che deu? É para pensar que o xenio inqueda de Ned te posuíu de repente. Que vas facer?

—Vou traballar —respondeu, inesperadamente, namentres se viraba cara a ela cun cariz que tan raro era ver no seu fermoso rostro.

—Que fixo que te espelises así de vez? —preguntou Bella, cada vez máis sorprendida.

—Ti —contestou, achegándoa a el.

—Eu! Cando? Como?

—Non te acordas de que unha vez dixeches que nun home a enerxía era mellor ca a beleza e que ninguén lle tería respecto a un lurchán?

—Eu nunca dixen nada nin a metade de asisado ca iso. Penso que Jean afirmou algo parecido unha vez, pero

xa non me lembro. Por fin te fartaches de estar sen facer nada, Gerald?

—Así é. Desatendín a miña obriga de cara a Ned, até que el se meteu en problemas, e agora cúlpome por iso. Aínda non é demasiado tarde para me encargar doutras tarefas que teño descoidadas, de modo que me vou poñer a traballar con dedicación. Non lle digas nin unha palabra disto a ninguén nin te rías de min, porque falo en serio, Bella.

—Ben o sei, e por iso mesmo te admiro e te quero, meu irmán —berrou Bella con entusiasmo ao tempo que lle pasaba os brazos derredor do pescozo e o bicaba con efusión—. Dime, que é o primeiro que tes intención de facer? —preguntou, en tanto que el aloumiñaba con aire pensativo a brillante cabeza que se apoiaba no seu ombreiro, con aquela nova expresión aínda nítida e firme na faciana.

—Vou percorrer todas as nosas propiedades e ocuparme das cousas como debe facer un señor, en lugar de deixar que o leve todo Bent, de quen xa me teñen dado queixas, aínda que fun demasiado lacazán para me interesar por elas. Pedireille consello ao tío e hei esforzarme por ser todo o que o meu pai foi no seu tempo. Paréceche unha ambición respectable, rula?

—Oh, Gerald, déixame que llo conte a mamá. Vaise poñer contenta a rabiarse. Es o seu referente, e oírche dicir estas cousas e ver canto lle imitas ao querido papá háballe dar máis folgos ca todos os doutores de Inglaterra xuntos.

—Agarda até que demostre canto vale a miña determinación. Cando realmente faga algo, dareille unha sorpresa a mamá cunha mostra do meu traballo.

—A Lucía si que llo dirás, ou?

—Por min non vai sabelo. É un pequeno segredo entre nós os dous, así que tes que gardalo ben até que eu che dea permiso para o contares.

—Pero Jean darase conta deseguida. Non lle escapa unha, é espelida e intelixente. Preocúpache que o saiba?

—Non creo que teña maneira de evitalo, se ela ten un don tan extraordinario. Que se dea conta do que queira, non me preocupa. Agora marchó.

Coventry deulle un bico á súa irmá e, cun sorriso inesperado no rostro, subiu ao cabalo dun chimpó e afastouse a tanta velocidade que o mozo o seguiu coa vista abraiado.

Non se deixou ver máis até a hora do xantar, momento no que chegou tan eufórico pola enérxica cabalgada e pola axitada mañá, que lle resultou difícil adoptar o seu comportamento de costume, e máis dunha vez deixou pampa a familia falando animado de diversos asuntos que até daquela sempre lle pareceran totalmente carentes de interese. Lucia estaba asombrada, a súa nai, compracida, e a Bella custáballe controlar o desexo de explicar aquel misterio, pero Jean tomouno con moita calma e observábao coma se quixese dicir: «Entendo, pero logo se ha cansar diso». Aquilo molestábao máis do que estaba disposto a confesar, e esforzouse por desmentir en silencio tal profecía.

—Contestaches a carta do señor Sydney? —preguntou Bella unha vez que se dispersaron todos polo salón despois de comer.

—Non —contestoulle o seu irmán, que andaba dun lado para o outro con pasos inquedos en lugar de repousar a carón da súa fermosa curmá.

—Pregúntoche porque me lembrei de que Ned enviou unha mensaxe para el na última nota que me mandou, xa

que pensou que ti saberías o enderezo de Sydney. Velaquí a tes, é non sei que sobre un cabalo. Mándaa canda a túa carta cando lle escribas.

Bella deixou a nota no escritorio que estaba ao pé deles.

—Voulla enviar agora mesmo e así xa queda feito —murmurou Coventry, que sentou, escribiu unhas poucas liñas ás présas, selou e mandou enviar a carta, para logo retomar a súa marcha e esculcar aquelas tres mozas con tres expresións diferentes, mentres pasaba unha e outra vez por diante delas.

Lucia, sentada nun lugar apartado, finxía estar abstraída nun libro e o seu belido rostro parecía case ríxido na súa quietude fachendosa, pois, a pesar de que lle doía o corazón, era demasiado orgullosa para o recoñecer. Bella, que se deitara no sofá e estaba medio adormecida, amosábase como unha criatura miúda e rosada coa fermosura inconsciente dunha nena.

A señorita Muir, sentada nunha butaca baixa ao lado do peitoril dunha fiestra, traballaba nun bastidor de bordar cunha elegante laboriosidade que resultaba moi agradable observar. Dende había un tempo vestía con cores, pois Bella non escatimara en agasallos, e a muselina azul celeste que caía en suaves ondas arredor dela acaíalle moi ben á súa pel clara e ao seu cabelo dourado. Desapareceran as trenzas apertadas e, do gran bucle que se enrolaba derredor da súa xeitosa cabeza, desprendíanse aquí e acolá algúns rizos soltos. Podía albiscarse a punta dun pé fino, e o pequeno xesto soberbio co que cadora e cando refucía unha manga que non lle paraba de escorregar, deixaba entrever un brazo branco e arredondado. Estaba sentada, sorrindo como para si, co can aos pés e iluminada pola luz do sol que entraba

a través das follas, concentrada en bordar coas súas destras mans unha folla e unha flor. Compoñía unha encantadora imaxe, unha escena feminina e gaioleira en cuxa contemplación a poucos homes lles desgustaría demorarse.

Cabo dela había outra cadeira, e un intenso desexo de ocupala apoderouse de Coventry, que seguía camiñando dun lado para o outro. Xa estaba farto dos seus pensamentos e quería entreterse observando os cambios do expresivo rostro da rapaza, escoitando os variados tons da súa voz e tratando de descubrir o feitizo que, ao seu pesar, exercía nel unha atracción tan forte. En máis dunha ocasión desviouse do seu camiño para satisfacer aquel antollo, mais a presenza de Lucia sempre o reprimía, así que, despois de lle dirixir unha palabra ao can ou unha mirada á fiestra, como escusa para a parada, volvía retomar a andaina. Había algo no rostro da súa curmá que o reprendía; ademais, nos últimos tempos amosaba un comportamento tan repugnante, que poucos desexos sentía de recuperar a súa antiga familiaridade. De aí que, na súa ansia por demostrar que non consideraba estar comprometido, gardase as distancias.

Aquilo era unha proba silandeira do poder que cada unha das mulleres exercía sobre aquel home. Así o sentiron elas de xeito instintivo e ambas as dúas trataron de facerse co triunfo. Lucia interveu varias veces, e tentou falar con franqueza e afabilidade, pero o seu comportamento resultaba forzado, de maneira que Coventry, logo de lle contestar con educación, volvía sumirse no silencio. Jean non despechou a boca, pero atraía ás caladas a vista e o oído a través da fermosa imaxe que compoñía, dos versos das cancións que cantaba polo baixo, coma se esquecese que non estaba soa, e dunha tímida mirada de

cando en cando, entre amoucada e xovial, máis sedutora ca calquera figura elegante ou voz doce.

Non ben considerou que xa atormentara a Lucía e tentara a Coventry abondo, impuxo con discreción a súa supremacía dun xeito que deixou atónita a súa rival, que nada sabía do segredo que compartían, cuxo descubrimento tiña moito que ver co atraído e encantado que se sentía o mozo. Deixou escorregar un nobelo de seda do colo e observouno mentres rodaba cara ao paseante, quen o colleu e llo devolveu cunha alacridade que lle deu un toque de graza a aquel insignificante favor. Ao collelo, ela propúxolle, con esa franqueza que nunca lle fallaba á hora de conquistalo:

—Penso que ten que estar canso, pero se precisa algo de exercicio, utilice as súas enerxías para facer algo de proveito e ordene a cesta de sedas da súa nai. Están todas enleadas e a ela halle agradar saber que foi vostede quen se encargou de ordenala, como adoitaba facer o seu irmán.

—Heracles xunta a roca —dixo todo contento Coventry, que colleu e sentou no cobizado asento.

Jean pousoulle a cesta no regazo e, namentres el a analizaba, como intimidado ante tal tarefa, ela reclinouse e deixou escapar unha breve e musical gargallada moi agradable para o oído. Lucía quedou sen fala pola sorpresa que levou ao ver como o orgulloso e desleixado do seu curmán obedecía as ordes dunha institutriz e, ademais, parecía gozar de verdade daquilo.

Pasados dez minutos todos se esqueceran dela por completo, coma se estivese a millas de distancia, posto que Jean semellaba estar dun humor do máis gracioso e alegre e, visto que comezara a tratar o «señorito» coma se fose un igual, non quedaba rastro da súa antiga e submisiva



timidez. Así e todo, en moitas ocasións abaixábenselle os ollos, mudáballe a cor e confundíanselle na lingua as interesantes ocorrencias, namentres Coventry observaba sen querer os fermosos ollos que con tanta tenrura reflectirían nel o seu brillo naquela traxedia mímica. Non o daba esquecido e, aínda que ningún deles aludía ao asunto, a lembranza do serán anterior semellaba perseguilos aos dous e conferíalle un engado secreto a aquel momento.

Lucia aturou aquilo até que non puido máis e, entón, abandonou a estancia co aire dunha princesa aldraxada, mais Coventry non a viu marchar e Jean fixo coma quen que non se apercibira. Bella non tardou en adormecer e, sen saber ben como, o mozo atopouse escoitando a historia da vida da rapaza. Era un relato tristeiro, narrado cunha habelencia tan marabillosa que axiña quedou absorto nel. A cesta escorreulle do regazo sen que ninguén se decatase, o can foi deixado á marxe e o mozo, inclinado cara a adiante, escoitaba anheloso o relato en voz baixa das miserias, a soidade e o sufrimento da curta vida da rapaza. No medio dun lance conmovedor ela asustouse, detívose e mirou cara a adiante, cun xesto de concentración que se transformou noutro de profundo desprezo. Despois, dirixiu os seus ollos aos de Coventry e anuncioulle, sinalando a fiestra que estaba detrás del:

—Alúcanos.

—Quen? —preguntou el, que se puxo en pé dun chimpó, anoxado.

—Cale, non diga nada, deixe estar. Eu xa estou afeitada.

—Pois eu non, e non penso aguantalo. Quen era, Jean? —inquiriu, acalorado.

Ela sorriu con expresividade, ollando para unha cinta rosada cun lazo que un maino refacho facía voar cara a eles polo pórtico adiante. Un cello escuro ensombrecou o

rostro do mozo, que saíu dun pulo pola ventá alongada e desapareceu nun abrir e pechar de ollos para esculcar por todos e cada un dos verdes currunchos polos que pasaba. Jean ría pola calada mentres o observaba e murmurou, cos ollos cravados na cinta ondeante:

—Que accidente máis afortunado e que inspiración máis oportuna. Si, querida señora Dean, verás como ese xogo de espías non vos trae máis ca problemas a ti e á túa señora. Non vas recibir advertencia ningunha e deberás aterte ás consecuencias, por moi reticente que eu sexa a prexudicar unha malpocada respectable coma ti.

De alí a un pouco sentiu volver a Coventry. Jean afinou o oído e contivo a respiración para oír as súas primeiras palabras, xa que non estaba só.

—Como insiste en que foi cousa súa e non da súa señora, pasareino por alto, malia que aínda albergo sospeitas. Dígalle á señorita Beaufort que quero vela un momento na biblioteca. Xa pode marchar, Dean, pero teña coidado a partir de agora, se quere quedar na miña casa.

A doncela retirouse e o mozo entrou, cun cariz colérico e severo.

—Máis me valía estar calada, pero collín medo e falei ás toas. Agora vostede está anoxado e metín a pobre señorita Lucia en problemas. Perdóeme como eu a perdoou a ela, e déixeo estar. Xa me afixen a aguantar esa vixilancia e compadézome dos celos infundados que ela sente —pediu Jean, cun aire cheo de remorsos.

—Vou perdoar ese acto tan pouco decoroso, pero non podoo esquecelo, e o que pretendo é acabar con todo isto. Como xa lle expliquei, non estou prometido coa miña curmá, pero parece que vostede, igual ca todos os demais, fíncase en crer que si. Até agora, non me preocupara en exceso por aclarar este asunto, pero demostrarei dunha

vez, para que non quede a máis mínima dúbida, que son libre.

Ao pronunciar a última palabra, Coventry lanzoulle a Jean unha ollada que lle provocou unha estraña sensación. Palideceu, caelle o labor no colo e alzou a mirada cunha expresión ansiosa e inquisitiva que foi mudando aos poucos a outra dunha mestura de sufrimento e compaixón, ao tempo que apartaba a cara e musitaba, cun tenro ton de mágoa:

—Pobre Lucia, quen a vai consolar?

Coventry quedou mudo un bocado, coma se sopesase na súa cabeza unha determinación transcendental. Ao que escoitou o conmovido suspiro de compaixón de Jean, xa este resoara no seu interior e arrependírase un pouco da súa decisión. Logo, ollou para a rapaza que tiña diante, que parecía tan senlleira e chea de doce empatía que o seu corazón adoeceu por ela. Nos seus ollos xurdiu un lume inesperado, unha calor imprevista substituíu a fría severidade do seu rostro e a súa firme voz entrecortouse de xeito inesperado cando dixo, en voz moi baixa, aínda que moi serio:

—Jean, eu intentei amala, pero non podo. Acaso debo enganala e converterme nun infeliz desgraciado para compracer a miña familia?

—É fermosa e boa, e quero con tenrura. Non ten ningunha posibilidade? —preguntou Jean, aínda pálida pero moi tranquila, malia que apertaba unha man contra o corazón, coma se quixese acalmar ou ocultar o seu rápido latexo.

—Ningunha —respondeu Coventry.

—E non pode aprender a querela? Vostede ten unha firme vontade, e aos máis dos homes non lles resultaría difícil.

—Non podo. Estou a mercé de algo máis forte ca a miña propia vontade.

—De que? —Jean cravou nel os seus ollos escuros, ateigados dun abraio inocente.

El abaixou os seus e confesoulle precipitadamente:

—Aínda non me atrevo a contarllo.

—Desculpe! Non debín preguntar. Non me pida axuda neste asunto, eu non son a persoa que debe aconsellalo. O único que lle podo dicir é que me dá a sensación de que calquera home co corazón baleiro estaría contento de ter unha muller tan fermosa coma a súa curmá.

—Eu non teño o corazón baleiro —explicou Coventry, que deu un paso á fronte e falou cunha voz apaixonada—. Jean, teño que contarllo. Escóiteme. Non podo querer a miña curmá porque a quero a vostede.

—Cale! —Jean ergueuse dun pulo e fixo un xesto autoritario—. Non penso escoitalo mentres haxa un compromiso que o una a outra persoa. Lembre os desexos da súa nai, as esperanzas de Lucia, as últimas palabras de Edward, o seu propio orgullo e a miña humilde sorte. Que axiña perde o control, señor Coventry! Pense ben antes de falar, sopesese as consecuencias deste acto e recorde quen son antes de aldraxarme con paixóns pasaxeiras e con falsas promesas.

—Xa pensei, xa ponderei as consecuencias e xúrolle que quero cortexala coa mesma humildade e honradez coa que lle faría a corte a calquera muller do mundo. Vostede fala do meu orgullo. Acaso me estou rebaixando ao amar alguén do meu mesmo rango? Fala da súa modesta sorte, pero a pobreza non é desgraza ningunha e a coraxe coa que a soporta fai que resulte fermosa. Debín romper a miña relación con Lucia antes de confesarllo, pero non puiden controlarme. A miña nai está encanta-

da con vostede e hase alegrar ao ver a miña felicidade. Edward terá que perdoarme, porque eu fixen todo o que puiden, pero ninguén pode resistirse ao amor. Dígame, Jean, teño algunha posibilidade?

El colléralle a man e falaba con fervor, cun rostro ardente e dun xeito impetuoso; no entanto, non obtivo ningunha resposta, pois xusto no momento en que Jean xiraba cara a el a súa elocuente faciana, chea dunha vergoña virxinal e dun amor tímido, apareceu na porta a figura afectada de Dean e a súa áspera voz rompeu aquel silencio momentáneo para anunciar con severidade:

—A señorita Beaufort agarda por vostede, señor.

—Veña, bula, e sexa amable. Fágao por min, Gerald —cuscubiñou Jean ao ver que el ficaba alí parado, coma se quedase mudo e cego ante todo o que non fose a súa voz e o seu rostro.

Cando ela inclinou a cabeza para bisbarlle, a súa fazula rozou a do mozo e, a pesar da presenza de Dean, el bicouna con paixón e respondeu nun murmuro:

—Miña Jean! Por vostede podó facer o que sexa.

—A señorita Beaufort está a agardar. Vai ir ou non, señor? —inquiriu Dean, pálida e seria por mor da indignación.

—Si, si, xa vou. Agarde por min no xardín, Jean.

Coventry liscou deseguida, sen gana ningunha de ter aquel encontro pero desexoso de rematar co asunto.

Mal se pechou a porta detrás del, Dean foi dereita cara á señorita Muir, tremendo coa carraxe. Agarrouna forte polo brazo e espetoulle, en voz moi baixa:

—Xa imaxinaba eu que ía pasar todo isto, lagarteira. Descubrín o seu xogo e fixen todo o que estaba na miña man para botalo a perder, pero é vostede rápida de máis para min. Pensa que xa o ten encandeado, mais aí está

enganada, porque como que me chamo Hester Dean que o vou impedir, ou, se non eu, *sir* John.

—Quíteme a man de enriba e tráteme co debido respecto ou será despedida desta casa. Vostede sabe quen son? —Jean ergueuse cun aquel fachendoso que causou na muller unha impresión máis profunda ca as súas palabras—. Son a filla da señora Howard e, se me peta, podo ser a esposa do señor Coventry.

Dean recuou, abraiada pero non convencida. Como era unha serventa disciplinada, ademais dunha muller prudente, tivo medo de traspasar os límites do respecto, de ir demasiado lonxe e de facer algo que puidese traerlle problemas á súa señora e tamén a ela. Por iso, a pesar de que aínda dubidaba de Jean e de que a odiaba máis ca nunca, coutouse. Fixo unha reverencia, adoptou o seu aire de deferencia habitual e desculpouse con submisión:

—Ten que perdoar, señorita. De sabelo, non me comportaría así, non teña dúbida ningunha, pero as institutrices normais fan tantas raposadas nunha casa que unha non pode evitar desconfiar delas. Eu non quero entremeterme nin ser ousada de máis, pero, con todo o cariño que lle teño á miña querida señorita, é natural que me poña da parte dela, e debo dicir que o señor Coventry non actuou como un cabaleiro.

—Pense o que queira, Dean, pero aconséllolle que fale o menos posible disto se quere quedar aquí. Eu aínda non aceptei o señor Coventry e coido que, se decide anular o compromiso que a súa familia escolleu por el, está no seu dereito. Á señorita Beaufort tampouco non lle había facer graza desposalo en contra da súa vontade, e el sente mágoa polo amor malfadado desa muller.

Despois, cun sorriso sereno, a señorita Muir marchou de alí.



## VII

### A DERRADEIRA OPORTUNIDADE

«Vaille ir co conto a *sir* John, va que si? Nese caso, debo adiantarme e acelerar os acontecementos. Máis vale ter todo ben atado antes de que xurda algún perigo. Miña pobre Dean, non es rival para min, pero podes chegar a ser un fastío, así e todo».

Eses pensamentos pasáronlle á señorita Muir pola cabeza namentres percorría o corredor. Detívose uns intres á altura da porta da biblioteca, ao sentir balbordo. Porén, non entendeu nin unha palabra e non puido parar máis ca uns intres, xa que a perseguían os pasos firmes de Dean. Jean deu volta, arrastrou unha cadeira até diante da porta, acenoulle á muller e díxolle, aínda sorrindo:

—Sente aquí e faga de can gardián. Eu vou onda a señorita Bella, así que pode moquear un pouco se quere.

—Grazas, señorita. Agardarei pola miña señora. Se cadra precisa de min cando remate este momento tan difícil.

Daquela, Dean colleu e sentou cun rostro resolto.

Jean riu e seguiu o seu camiño, pero nos seus ollos reluciu unha malicia inesperada e lanzou unha mirada



por enriba do ombro cunha expresión que non lle agoirou nada bo á vella e leal serventa.

—Recibín unha carta de Ned e hai unha breve nota para vostede —berrou Bella ao que Jean entrou no toucador—. A miña é unha carta moi rara, escrita ás présas, sen máis novas ca o seu encontro con Sydney. Espero que a súa sexa mellor, porque, se non, non vai ser moi interesante.

A cor do rostro da señorita Muir esvaeceuse cando dos beizos de Bella saíu o nome de Sydney; a nota comezou a abanearse por mor do tremor da súa man. Até os seus beizos estaban esbrancuxados, pero contestou con calma:

—Grazas. Como anda ocupada, vou ir ler a miña carta á campeira.

E antes de que Bella tivese tempo de responder, ela xa marchara.

Jean buscou ás carreiras un recanto tranquilo, abriu a nota e leu as escasas liñas esbarranchadas que contiña.

Estiven con Sydney e contoumo todo. Aínda que me custou moito crelo, non me deixou lugar a dúbidas, porque descubriu probas que son innegables. Non lle fago reproche ningún nin lle pido que confese nin que se emende, pois non podo esquecer que estiven namorado de vostede. Doulle tres días para que atope outro fogar, antes de que eu regrese para lle contar á miña familia quen é vostede. Rógolle que marche decontado e que me aforre o sufrimento de ter que asistir á súa desgraza.

Volveuna ler dúas veces, amodo e sen pestanexar, e logo ficou inmóbil alí sentada, co cello pregado, abstraí-

da nos seus pensamentos. De alí a un anaco, soltou un suspiro prolongado, rachou a nota, levantouse e dirixiuse devagar ao pazo, mentres cavilaba: «Tres días, só tres días! Darei feito en tan pouco tempo? Terei que dar, se o enxeño e a vontade mo permiten, pois é a miña derradeira oportunidade. Se isto falla, non hei volver á vida de antes, senón que acabarei con todo dunha vez».

Coas mans e cos dentes fortemente apertados, coma se a aguilloase algunha acordanza, foi en pleno luscofusco ao encontro de *sir* John, que agardaba para lle dar unha calorosa benvida.

—Parece cansa, querida. Non se preocupe pola lectura desta noite. Vostede descanse e deixe o libro —propúxolle con amabilidade ao observar o seu aspecto esgotado.

—Grazas, señor. Estou cansa, pero preferiría ler, porque, se non, non imos dar acabado o libro antes de que marche.

—Marchar, nena? Onde vai? —preguntou *sir* John, mirándoa con preocupación namentres ela tomaba asento.

—Direillo máis adiante, señor —Jean abriu o libro e leu un anaco.

Con todo, desaparecera o engado habitual: non había xenio na voz da lectora nin interese ningún no rostro do oínte, que non tardou en espetarlle, de golpe:

—Querida, fágame o favor de parar! Non podó escoitar se teño a cabeza noutro sitio. Que a preocupa? Cóntello ao seu amigo e permita que a console.

Coma se aquelas palabras amables a superasen, Jean deixou caer o libro, tapou a cara e rompeu a chorar con tanta amargura que lle causou unha grande inquedaanza a *sir* John, pois tal demostración era o dobre de conmovedora en alguén que acostumaba ser todo alegría e sorrisos.

No seu intento de acougala, as súas palabras entenrecéronse, a súa atención encheuse dunha preocupación máis ca paternal, e o seu amable corazón desbordouse con mágoa e con afecto cara a aquela rapaza que se desfacía en bágoas. Cando ela se calmou un pouco, animouna a falar con franqueza e prometeu axudala e aconsellala, fose cal for o affiximento ou a culpa que a atormentaban.

—Ah, é vostede moi amable, moi xeneroso! Como vou marchar e renunciar ao meu único amigo? —suspirou Jean, que secou as bágoas e ergueu os ollos cara a el cunha mirada agradecida.

—Daquela, algo de cariño lle ten a este vellouqueiro, non si? —preguntou *sir* John con ansia, apertando de maneira involuntaria a man que sostíña.

Jean virou a cara e contestou, en voz moi baixa:

—Nunca ninguén foi tan amable comigo coma vostede. Como non ía terlle máis cariño do que son quen de expresar?

Por veces, *sir* John estaba algo xordo, pero aquilo oíuno ben e pareceu quedar moi compracido. Dende había un tempo, comportábase dun xeito bastante abnegado, vestía cun coidado excepcional, amosábase especialmente galante e alegre sempre que o visitaban as rapazas e, en máis dunha ocasión na que Jean se detivera no medio da lectura para lle facer algunha pregunta, vírase na obriga de confesar que non estivera escoitando, aínda que, como ela ben sabía, tivera os ollos cravados nela. Dende que descubrira a orixe da rapaza, o seu comportamento fora particularmente benevolente e o seu interese e a súa boa vontade quedaran de manifesto a través de diversos detalles. Naquel intre, ao falar Jean de marchar, o pánico apoderouse del, e a desolación parecía estar a piques de caer sobre o antigo pazo. Había algo na insólita axitación

da rapaza que lle resultou peculiar e que lle espertou curiosidade. Nunca semellara tan interesante coma naquel momento, no que se atopaba sentada ao seu carón cos ollos chorosos e con algún problema sinxelo no corazón que non ousaba confesar.

—Cóntemo todo, nena, e deixe que o seu amigo a axude se pode.

Antes, acostumaba dicir «pai» ou «o vello», pero dun tempo a esta parte sempre se refería a el como o seu «amigo».

—Vullo contar, pois non teño ninguén máis a quen acudir. Teño que marchar porque o señor Coventry tivo a debilidade de namorarse de min.

—Como? Gerald? —berrou *sir* John, abraiado.

—Si. Contoumo hoxe mesmo e marchou de onda min para romper con Lucia, de modo que vin correndo a xunto de vostede para que me axude a evitar que frustre as esperanzas e os plans da súa nai.

*Sir* John erguérase dun pulo e paseaba pola estancia, pero cando Jean calou, virouse cara a ela e preguntoulle, co rostro alterado:

—Daquela vostede non está namorada del? É iso?

—Non, non estou namorada del —contestou ela sen demora.

—Pero se ten todo o que as mulleres adoitan atopar atractivo. Como é que vostede lle escapou, Jean?

—Estou namorada doutra persoa —respondeu cunha voz apenas audible.

*Sir* John regresou ao seu asento co aire dun home decidido a chegar ao fondo dun misterio, de ser posible.

—Sería inxusto deixala sufrir por culpa das toleadas deses cativos, miña nena. Ned marchou e eu tiña o convencemento de que Gerald non supoñía ningún perigo,

pero agora que lle tocou a el estou desconcertado, porque non podemos mandalo para outro sitio.

—Non, son eu a que teño que marchar, pero fáiseme moi difícil abandonar este lar seguro e feliz, e volver vagar polo ancho e frío mundo. Foron todos moi amables comigo e agora rómpeme o corazón ter que separarme de vostedes.

Un salouco pechou a súa intervención e a cabeza de Jean volveu afundirse entre as súas mans. *Sir* John observouna uns instantes e o seu rostro, vello e fermoso, encheuse de auténtica emoción cando lle propuxo, devagar:

—Jean, quere quedar e converterse nunha filla para este vello solitario?

—Non, señor —contestou ela de xeito inesperado.

—E logo por que non? —quixo saber *sir* John, que parecía sorprendido, aínda que máis compracido ca anoxado.

—Porque non podería ser unha filla para vostede e, aínda podendo, non resultaría asisado, xa que os lingoreteiros garlarían por aí que vostede non é vello abondo para ser o pai adoptivo dunha rapaza coma min. *Sir* John, malia que son nova, teño bastante mundo e estou segura de que este amable plan non é práctico, pero agradézollo dende o máis fondo do corazón.

—Onde vai ir, Jean? —preguntou *sir* John, logo dunha pausa.

—A Londres, para tratar de encontrar outro lugar onde non poida causar ningún dano.

—Vaille custar atopar outro fogar?

—Si. Non lle podo pedir á señora Coventry que me recomende tras lle ocasionar inocentemente tantos problemas á familia, e a señora Sydney marchou, así que non me queda amizade ningunha.

—Agás John Coventry. Xa me encargo eu de amañar todo iso. Cando marcha, Jean?

—Mañá.

—Que pronto! —a voz do vello revelou o desacougo que trataba de agochar.

Jean serenárase, aínda que era a calma da desesperación. Puxera as súas esperanzas en que as primeiras bágoas provocarían a confesión pola que agardaba. Emporiso, non o fixeran, e comezaba a temer que lle escapase a súa derradeira oportunidade. Estaba o vello namorado dela? Se o estaba, por que non falaba? Ansiosa por tirar proveito de cada momento, púxose alerta na busca de calquera insinuación esperanzadora, de calquera palabra, mirada ou acción propicias, cos nervios nun estado de máxima tensión.

—Jean, podo preguntarlle algo? —inquiriu *sir* John.

—O que sexa, señor.

—Ese home que vostede ama... non pode axudala?

—Podería, se estivese ao tanto, pero el non debe sabelo.

—Se estivese ao tanto de que...? Do seu actual problema?

—Non. Do meu amor.

—Entón non o sabe?

—Non, grazas a Deus! E nunca o vai saber.

—Por que non?

—Porque son demasiado orgullosa para recoñecelo.

—E el ámaa, miña nena?

—Non sei... Non me fago ilusións —murmurou Jean.

—Non podo axudala eu con iso? Créame, quero vela segura e feliz. Non hai nada que eu poida facer?

—Non, nada.

—Podo saber como se chama?

—Non! Non! Déixeme marchar, non podo aturar esta interrogación! —O rostro angustiado de Jean advertiuno de que non debía seguir preguntando.

—Perdóeme e déixeme facer o que estea na miña man. Quede aquí tranquila. Voulle escribir unha carta a un bo amigo meu que lle ha buscar un fogar, se nolo permite.

Cando *sír* John se dirixiu ao seu estudio interior, Jean observouno cun ollar desesperado, retorceu as mans e preguntouse: «Abandonoume toda a miña habelencia cando máis a preciso? Como podo facer para que entenda sen traspasar os límites da modestia que se espera dunha doncela? A súa cegueira, timidez ou torpeza é tal que non se dá conta, e o tempo bule. Que podo facer para abrialle os ollos?».

Percorreu a estancia coa mirada na procura dalgunha axuda procedente dos obxectos que non tardou en atopar. Moi preto, detrás do diván no que estaba sentada, penduraba unha fermosa miniatura de *sír* John. Ao principio o seu ollar pousouse nela, mentres comparaba a plácida elegancia da imaxe coa insólita palidez e inquedanza do rostro de carne e óso que entrevía a través da porta aberta. Entre tanto, o vello, sentado no seu escritorio, trataba de escribir e lanzaba miradas ocasionais á figura da rapaza que deixara quedar atrás.

Jean finxiu non apercibirse e seguiu coa mirada alí cravada, coma se se esquecese de todo aquilo que non fose o cadro e, de súpeto, como guiada por un impulso ante o cal non se podía resistir, descolgouno, mirouno durante un bo anaco con agarimo e logo sacudiu os rizos a fin de que lle caesen arredor do rostro, como para ocultar aquela acción, apertouno contra os seus beizos e fixo que choraba sobre el nun ataque incontrolable de tenro sufrimento. Asustouna un ruído e, coma quen se sente

culpable de algo, virouse para devolver o cadro ao seu sitio. Porén, caeulle das mans ao tempo que soltaba un berro apagado e agochaba o rostro, posto que *sir* John estaba diante dela, cunha expresión que non deixaba lugar a dúbidas.

—Jean, por que fixo tal cousa? —preguntoulle el, cunha voz impaciente e perturbada.

Non recibiu ningunha resposta e a rapaza afundiuse aínda máis, abafada pola vergoña. O cabaleiro púxolle a man sobre a cabeza inclinada, inclinou a súa e bisboulle:

—Dígame, chámase John Coventry?

Ela calou de novo, mais un son afogado reveloulle ao home que as súas palabras deran no cravo.

—Jean, debería volver e escribir esa carta ou podo quedar e confesarlle que este vello a quere máis do que se lle quere a unha filla?

Ela non respondeu, pero unha man miúda emerxeu con cautela de debaixo do cabelo que lle caía por diante da cara, nun ademán de retelo. El colleuna cunha exclamación entrecortada, levantou a rapaza para abrazala e apoiou a súa cabeza agrisada na dela, de cabelo claro, demasiado feliz para que lle saísen as palabras. Durante uns intres, Jean Muir gozou do seu logro. Despois, por temor a que calquera contratempo inesperado o arruinase, apresurouse a deixar todos os cabos ben atados. Ergueu a mirada cunha timidez que sabía finxir ben e cun afecto que só confesara a medias, e murmurou:

—Perdóeme por ser incapaz de ocultalo mellor. Tiña a intención de irme e de non contalo nunca, pero vostede foi tan amable que marchar me resultaba o dobre de difícil. Por que me fixo unhas preguntas tan perigosas? Por que mirou, cando debería estar escribindo sobre a miña partida?



—Como ía eu supoñer que estaba namorada de min, Jean, se rexeitou o único ofrecemento que me atrevín a facerlle? Podería ser tan vaidoso como para imaxinar que ía rexeitar amantes novos por un vello coma min? —preguntou *sir* John mentres a acariñaba.

—Non é vello para min, senón todo aquilo que amo e venero! —interrompeuno Jean, cunha pincelada de remorse real, xa que aquel cabaleiro xeneroso e honorable lle abrira as portas do seu corazón e do seu lar, sen se decatarse do engano—. A vaidosa son eu, por atreverme a amar a alguén tan superior a min, pero non sabía canto o quería até que me din conta de que tiña que marchar. Non debo aceptar esta felicidade. Non a merezo, e vostede lamentará a súa amabilidade cando toda a xente o culpe por ofrecerlle un fogar a unha persoa tan pobre, tan sinxela e tan humilde coma min.

—Estea calada, meu ben. Tanto me teñen os díxomes da xente. Se vostede é feliz aquí, que as malas linguas falen o que queiran. Hei estar demasiado ocupado gozando da ledicia da súa presenza como para lle facer caso ao que aconteza ao meu redor. Pero, Jean, está segura de que me ama? Paréceme increíble que eu ganase un corazón que foi tan frío con homes mellores e máis novos ca min.

—Meu querido *sir* John, téñao por seguro, de verdade que o amo. Farei todo o posible por ser unha boa esposa para vostede e por demostrar que, a pesar de todos os meus defectos, posúo a virtude do agradecemento.

Se el soubese o apuro no que se atopaba a moza, entendería a causa do inesperado fervor das súas palabras, da intensa gratitude que iluminaba o seu rostro e da auténtica humildade que a fixo inclinarse e bicar a xenerosa man que tanto lle ofrecía. Durante uns instantes

gozou e deixouno gozar do feliz presente, sen perturbacións. Con todo, a angustia que a devoraba e o perigo que a ameazaba fixérona regresar á realidade decontado e obrigárona a espremer aínda máis o confiado corazón que conquistara.

—Xa non é preciso escribir carta ningunha —apuntou *sir* John, namentres sentaban un ao lado do outro e a lúa do verán glorificaba toda a estancia—. Atopou vostede un lar para toda a vida, e espero que sexa un fogar feliz.

—Aínda non é meu, e teño o estraño presentimento de que nunca o vai ser —respondeu ela, tristeira.

—Por que, meu ben?

—Porque teño un inimigo que tratará de destruír a miña paz, de envelenarlle a mente contra min e de expulsarme do meu paraíso para que eu volva sufrir como sufrín este último ano.

—Refírese a ese Sydney desequilibrado do que me falou?

—Si. Así que chegue aos seus oídos a boa fortuna da pobre de Jean, non vai perder nin un momento para botala a perder. El é o meu destino, non lle podó escapar. Alí onde vai, abandónanme os meus amigos, pois el ten poder e utilízao para destruírme. Déixeme marchar e agocharme antes de que el veña, porque, despois de gozar da súa confianza, romperíame o corazón ver como recea e se arreda de min, en lugar de amarme e de protexerme.

—Miña pobre nena, si que é vostede supersticiosa. Estea tranquila. Agora ninguén pode facerlle dano, ninguén se atrevería a intentalo. E, canto ao de que eu a abandone, dentro de pouco xa non estará nas miñas mans, se se fan as cousas ao meu xeito.

—Como é iso, meu querido *sir* John? —preguntou Jean, sentindo un estremecemento de profundo alivio no

corazón, posto que lle pareceu que ese xeito seu había resultar un camiño chan.

—Se mo permite, vouna converter na miña muller sen demora. Así, quedará libre do amor de Gerald, estará protexida da persecución de Sydney, conseguirá un fogar seguro e eu terei dereito a coidalala e a defendela con todo o meu entusiasmo e corazón. Consente en que sexa así, meu ben?

—Consinto, pero... Ai, lembre que vostede é o meu único amigo! Prométame que me será fiel até o final, que crerá en min, que confiará en min, que me protegerá e me amará a pesar de todas as desgrazas, os erros e os disparates. Eu hei serlle fiel coma un can e facerlle a vida tan feliz como merece. Prometámonos estas cousas agora e cumpramos as promesas até o final.

O seu aire solemne conmoveu a *sir* John. El, demasiado honorable e recto para sospeitar que alguén estivese a mentir, só viu o impulso natural dunha rapaza adorable nas palabras de Jean, así que colleu a man que ela lle tendía entre as súas e prometeu todo o que lle pedía, e cumpriuno até o final. Ela quedou calada un momento, cun cariz pálido e ausente, coma se estivese a buscarse a si mesma, e logo dedicoulle unha profunda mirada a aquel rostro confiado que a observaba dende arriba e fixo unhas promesas que cumpriu con lealdade nos anos posteriores.

—Cando vai ser, meu amor? Déixoo todo nas súas mans, só lle pido que sexa axiña, porque, se non, aparecerá algún amante novo e alegre, e marcharame con vostede —dixo *sir* John en broma, desexoso de escorrentar a escura expresión que se asentara no rostro de Jean.

—Pode gardar un segredo? —preguntou a rapaza, dirixíndolle un sorriso e recuperando todo o seu engado.

—Compróbeo vostede mesma.

—De acordo. Edward chega dentro de tres días e eu terei que marchar antes. Non llo conte a ninguén, pero el pretende darlles unha sorpresa. E, se me ama, non lle fale a ninguén do noso inminente casamento. Non revele o cariño que me ten até que eu sexa súa de verdade. Habería tal axitación, tantas protestas, explicacións e reproches que acabaría esgotada e marcharía de onda vostede só para fuxir deses padecementos. O que eu faría sería irme mañá a algún lugar tranquilo e esperar alí até que vostede fose recollerme. Sei moi pouco destas cousas, non podoo dicirlle cando estariamos casados, pero supoño que non até dentro dunhas semanas.

—Se queremos, mañá mesmo. Hai unha licenza especial que permite casar cando e onde se queira. O meu plan é mellor ca o seu. Escolle e dígame se podemos levalo a cabo. Eu vou mañá á cidade, consigo a licenza, convido o meu amigo, o reverendo Paul Fairfax, a regresar comigo, e mañá ao serán vostede vén á súa hora e, na presenza dos meus discretos e vellos serventes, convérteme no home máis feliz de toda Inglaterra. Que lle parece así, miña señora Coventry?

Aquel plan, que parecía satisfacer os seus obxectivos, aquel nome, que era a máis elevada das súas ambicións, e a marabillosa sensación de seguridade que sentiu Jean Muir enchérona dunha satisfacción e dunha emoción tan fondas que se lle arrasaron os ollos, e o feliz asentimento que deu foi a palabra máis sincera que saíra dos seus beizos dende había meses.

—Marcharemos ao estranxeiro ou a Escocia pola nosa lúa de mel, até que pase a tormenta —propuxo *sir* John, que era consciente de que aquel casamento precipitado había coller por sorpresa ou ofender a todos os

seus parentes, e que, coma Jean, devecía por escapar dos primeiros momentos de axitación.

—A Escocia, por favor. Anhelo coñecer a terra do meu pai —pediu Jean, que sentía arrepíos ante a posibilidade de se atopar con Sydney no continente.

Aínda falaron un anaco máis para arranxar todas as cousas, pero *sir* John estaba tan determinado a acelerar o evento que Jean non tivo nada que facer máis que dar un presto asentimento a todas as súas suxestións. Só un aspecto a atemorizaba. Se *sir* John ía á cidade, podía encontrarse con Edward, e escoitar e crer as súas afirmacións. Daquela todo estaría perdido. En troques, cumpría correr ese risco se quería que o casamento se levase a cabo con rapidez e seguridade, de maneira que evitar aquel encontro se converteu na única inquietude de Jean. Namentres cruzaban o xardín (*sir* John insistira en levala á casa), agarrouno de ganchete e díxolle:

—Querido amigo, debe ter presente unha cousa para non acabarmos moi amolados e todos os nosos plans desbaratados. Evite os seus sobriños. Posúe vostede tal franqueza que seguro que o traizoa o seu rostro. Os dous están namorados de min, os dous teñen mal xenio e poderían poñerse violentos nos primeiros momentos de axitación tras descubriren a nova. Non debe correr ningún perigo nin sufrir ningunha falta de respecto por min, así que esquíveos até que esteamos seguros, sobre todo a Edward. El sentirase aldraxado polo seu irmán e considerará que vostede conseguiu chegar onde el non puido. Iso vaino irritar, e temo que se prepare unha boa escena. Prométame que os evitará un par de días. Non os escoite, non se reúna con eles, non lles escriba nin acepte cartas súas. É unha parvada, seino, pero vostede é todo o que teño e perségume o estraño presentimento de que o perderei.

Conmovido e afagado pola súa tenra preocupación, *sir* John prometeulle todo aquilo, aínda que a el non o inquietaban aqueles medos. O amor non lle deixaba ver ao vello cabaleiro a rareza de tal petición. A novidade, o romanticismo e o segredo que arrodeaban aquel asunto desconcertábano bastante, pero tamén o engaiolaban, e saber que deixara fóra de combate tres amantes novos e ardentes satisfacía a súa vaidade máis do que estaba disposto a confesar. Tras se despedir da rapaza na cancela do xardín, deu a volta cara á casa, sentíndose de novo igual ca un rapaz; demorouse cantaruxando unha canción de amor e esqueceuse por completo do orballo das noites, da gota e dos cincuenta e cinco anos que tan pouco lle pesaban no lombo dende que nel repousaran os brazos de Jean. Ela buliu cara á mansión, desexosa de evitar a Coventry, pero este agardábaa e viuse na obriga de reunirse con el.

—Como puido tardar tanto e terme neste estado de incerteza? —díxolle el en ton de reproche, namentres lle collía a man e trataba de albiscar o seu rostro na sombra da á do seu sombreiro—. Vamos descansar á gruta. Teño moito que contarlle, moito que oír e moito co que deleitarme.

—Agora non, estou rendida. Déixeme ir para dentro e durmir. Falaremos mañá. Orballa, vai frío e dóeme a cabeza por culpa de toda esta preocupación —Jean falaba con aire canso, aínda que cun toque de soberbia, e Coventry, convencido de que estaba resentida porque non a fora buscar, apresurouse a dar explicacións cunha tenrura ansiosa.

—Miña Jean, coitada, precisa descansar. Entre todos, deixámola esgotada e vostede nunca se queixa. Debina ir buscar para traela á casa, pero Lucia retívome e, cando

conseguín escapar, vin que o meu tío se me adiantara. Vou ter que poñerme celoso do vello, se é tan abnegado. Jean, dígame unha cousa antes de marcharmos: agora son libre coma o vento e teño dereito a falar. Vostede está namorada de min? Son eu o afortunado que ganhou o seu corazón? Atrévome a pensar que si, a crer que a traizoou ese revelador rostro seu e a confiar en que eu conseguín o que perderon o pobre Ned e o atoleirado Sydney.

—Antes de que lle conteste, cónteme como foi o encontro con Lucia. Teño dereito a sabelo —pediu Jean.

Coventry dubidou, xa que a mágoa e os remorsos axitaron o seu corazón cando recordou o sufrimento da coitada Lucia. Jean teimaba en escoitar fose como for a humillación da súa rival. Vendo que o mozo quedaba calado, pregou o cello, alzou o rostro, engalanado co máis delicado dos sorrisos, pousou a man no brazo del e rogoulle, poñendo no seu nome unha énfase do máis efectiva, entre tímida e agarimosa:

—Por favor, Gerald, cóntemo!

El non foi quen de resistir aquela mirada, aquel contacto e aquel ton, así que colleu a pequena man dela coa súa e respondeu ás présas, coma se tal tarefa lle resultase ingrata:

—Díxenlle que non a amaba e que non podía amala, que me sometera á vontade da miña nai e que, durante un tempo, sentira que tiña un compromiso tácito con ela, aínda que nós non faláramos nin unha soa palabra ao respecto. Porén, expliqueille que eu agora reclamaba a miña liberdade e que lamentaba que a separación non fose un desexo mutuo.

—Ela que dixo? Como fixo para soportalo? —inquiriu Jean, sentindo no seu corazón de muller a profunda ferida que aquela confesión lle debiera causar ao de Lucia.

—Pobre rapaza! Mire que era difícil de soportar, pero o seu orgullo fixo que conservase a enteireza até o final. Recoñeceu que non había ningún compromiso que me atase, renunciou por completo a todos os dereitos que parecera outorgarlle o meu comportamento pasado e rezou por que atopase outra muller que me amase con tanta sinceridade e tenrura coma ela. Jean, sentínme un canalla, pero o certo é que nunca lle dei a miña palabra, nunca cheguei a amala de verdade e, se quería, tiña todo o dereito do mundo a deixala.

—Dixo algo de min?

—Dixo.

—Que?

—Teño que contarlló?

—Si, cóntemo todo. Sei que me odia e perdóoa, porque son consciente de que eu odiaría a calquera muller da que vostede estivese namorado.

—Está celosa, querida?

—Por vostede, Gerald? —Entón, ergueu os seus fermosos ollos cara a el, cheos dun brillo que semellaba a luz do amor.

—Xa me converteu no seu escravo. Como o fai? Nunca antes obedecera os desexos de ningunha muller. Jean, coido que é vostede unha meiga. Escocia é fogar de seres extravagantes e enigmáticos que adoptan belas formas para enfeitizar almas febles e desgraciadas. É vostede unha desas impostoras gaioleiras?

—Moi cumprimenteiro é —riu a rapaza—. Son meiga, si, e algún día o meu disfrace desaparecerá e verame como son: vella, fea, ruín e depravada. Gárdese a tempo de min. Queda avisado. Agora, ámeme pola súa conta e risco.

Coventry detivérase namentres falaba e esculcábaa cun ollar inqueda, sentindo unha fascinación que o con-



quistaba, pero que non lle provocaba felicidade ningunha. Posuía unha excitación febril pero pracenteira, unha actitude temeraria que o tornaba ansioso por eliminar o pasado mediante algunha acción impulsiva ou algunha experiencia nova á que o conducise a súa paixón.

Jean observouno un breve instante cun rostro melancólico, case desconsolado. Logo esbozou un sorriso extraño que acompañou un malicioso ton de mofa, tras o cal se agochaba o amargor dunha triste verdade. Coventry semellou un chisco desconcertado e os seus ollos foron da face misteriosa da rapaza até unha fiestra da que saía unha luz tenue, detrás de cuxas cortinas agochaba o seu dorido corazón a pobre Lucia, que rezaba por el as tenras pregarías que as mulleres namoradas lles dedican a aqueles que, por amor, conseguen o perdón de todos os seus pecados. Remordeulle a conciencia e invadiuno un sentimento momentáneo de repulsa ao mirar para Jean. Ela notouno e anoxouse, aínda que tamén sentiu unha sensación de alivio, pois, como faltaba tan pouco para que a súa seguridade quedase garantida, non tiña o menor desexo de andar con enredos, senón que, máis ben, quería desfacer o que xa estaba feito e estar en paz con todo o mundo. Para que el recuperase a súa lealdade, ela suspirou e seguiu camiñando, e insistiu, cun ton asemade doce e frío:

—Vaime contestar ao que lle preguntei antes de que eu lle responda a vostede, señor Coventry?

—O que dixo Lucia de vostede? Pois ben, foi o seguinte: «Gárdate da señorita Muir. Desconfiamos dela de xeito instintivo cando non tiñamos ningún motivo para facelo. Eu creo no instinto e o meu nunca mudou, pois ela non tentou enganarme. Posúe unhas artes marabillosas. Eu síntoas, pero non podoo explicalas nin detectalas

agás no desenvolvemento dos acontecementos, que parecen guiados pola súa man. Trouxo dor e desavinxza a esta familia, que até entón era feliz. Todos cambiamos, e foi por culpa desa rapaza. A min xa non me pode facer máis dano, pero a ti vaite arruinar, se pode. Gárdate a tempo dela, porque, se non, vas acabar ben arrepentido deste capricho cego que che entrou».

—E vostede que contestación lle deu? —preguntou Jean, en tanto que as últimas palabras saían de mala gana dos beizos de Coventry.

—Díxenlle que eu a amaba a vostede ao meu pesar e que a había converter na miña esposa fronte a calquera oposición. Agora a súa resposta, Jean.

—Déame tres días para pensalo. Boa noite.

Marchou con sixilo de onda el e desapareceu no interior da mansión. El botou media noite a errar, atormentado polos remorsos, pola incerteza e por aquela vella desconfianza que regresaba sempre que Jean non estaba alí para disipala coa súa arte.



## VIII INCERTEZA

Jean pasou o día seguinte enteiro comesta por unha in-  
quedanza do máis intensa, xa que cada hora achegaba  
máis o momento da crise e podía traer o fracaso, pois  
mesmo o máis perspicaz dos talentos humanos se ve frus-  
trado en moitas ocasións por algún accidente imprevisto.  
Rabiaba por asegurarse de que *sir* John marchara do  
pazo, pero ningún servente viñera nin fora aquel día, e  
non deu atopado ningunha escusa para enviar a alguén  
a fin de conseguir información. Tampouco non ousaba ir  
en persoa, por temor a que unha acción tan excepcional  
levantase sospeitas, xa que nunca marchaba para alí até  
o serán. Aínda que decidise arriscarse, non lle daría tem-  
po, pois á señora Coventry acometéraa un deses arran-  
ques de nerviosismo seus e non podía entretela ninguén  
fóra da señorita Muir; Lucia andaba enferma e a señorita  
Muir debía encargarse de dar as ordes; a Bella déralle  
a arroutada de estudar e Jean tiña que axudala. Covent-  
ry demorouse pola casa durante varias horas, pero Jean  
non se atreveu a mandalo a el, por medo a que chegase  
aos seus oídos algún indicio da verdade. Ao ver que Jean

non aparecía, marchara para se ocupar das súas novas obrigas. O día fíxose longo e pesado.

Á fin, chegou a noite e, cando Jean se preparaba para a cea serodia, custoulle recoñecerse ao poñerse diante do espello, con aquela cor e aquel brillo que a emoción lle confería á súa faciana. Coa voda que ía celebrarse aquela noite en mente, puxo un sinxelo vestido branco e engadiu unhas cantas rosas brancas no peito e no cabelo. Non era raro que levase flores, mais, a pesar do seu desexo de ter o aspecto e a aparencia habituais, as primeiras palabras de Bella en canto entrou no salón foron:

—Vaites, Jean, talmente parece unha noiva! Un veo e unhas luvas e xa ten o atavío completo!

—Esqueces outro detalle sen importancia, Bella... —sinalou Gerald, cuns ollos que se iluminaron ao pouxarse na señorita Muir.

—Cal? —interesouse a súa irmá.

—O noivo.

Bella mirou a Jean para ver como tomara aquilo, pero ela parecía moi serena e lucía un deses sorrisos inesperados de seu. Limitouse a retrucar:

—Non teño dúbida ningunha de que ese detalle aparecerá cando chegue o momento. A señorita Beaufort atópase mal para vir cear?

—Píde que a desculpemos. Dixo que pensaba que vos tede quería ocupar o seu asento.

Cando a inocente Bella entregou esa mensaxe, Jean ollou para Coventry, que evadiu a súa mirada e pareceu violentarse.

«Vénlle ben un chisco de remorso que o prepare para o arrepentimento que vai sentir despois do gran golpe», maliciou a rapaza, que se mostrou especialmente alegre durante a cea, se ben Coventry miraba cadora para o

asento baleiro de Lucia, coma se a botase en falla. Non ben abandonaron a mesa, a señorita Muir mandou a Bella onda a súa nai e, como sabía que Coventry non se había demorar moito co seu viño, marchou ás carreiras para o pazo. Na porta atopouse cun servente que estaba alí a pasar o tempo e preguntoulle, cun ton que resultou anguriente, pese a todos os seus esforzos por aparentar calma:

—Está *sir* John na casa?

—Non, señorita, acaba de marchar á cidade.

—Que acaba de marchar! Que quere dicir con iso?

—berrou Jean, que esquecera o alivio de escoitar que non estaba coa sorpresa do retardo da súa partida.

—Marchou hai media hora, no último tren, señorita.

—Pensei que ía marchar pola mañá cedo. Díxome que estaría de volta pola noite.

—Creo que tiña esa intención, pero atrasouse por mor dunhas visitas. Presentouse o administrador para trataren uns asuntos e tamén viñeron velo unha morea de señores, así que *sir* John non puido saír até pola noite, cando xa non se atopaba en condicións de marchar: estaba esgotado e de todo menos ben.

—E logo pensa que pode estar enfermo? Parecía?

—namentres falaba, un arreguizo de medo percorreulle o corpo a Jean, que temeu que a morte a despoxase do seu premio.

—En fin, vostede xa sabe, señorita: as présas, sexan as que foren, non son boa cousa para os homes de idade con inclinación á apoplexía. *Sir* John botou o día enteiro preocupado e raro. Eu quería que o acompañase o seu servente, pero el negouse e partiu cun aspecto eufórico e emocionado ao mesmo tempo. Estou preocupado por el, porque sei que algo acontece para que marche ás présas.

—Cando tornará, Ralph?

—Mandoume dicirle a quen viñese por aquí que mañá ao mediodía, se lle é posible, ou, xa con certeza, pola noite.

—Non deixou ningunha nota nin ningunha mensaxe para a señorita Coventry nin para ninguén da familia?

—Non, señorita, nada.

—Grazas.

Jean regresou para pasar unha noite axitada e erguerse fronte a fronte cunha incerteza renovada.

A mañá pareceulle interminable, pero á fin chegou o mediodía e, coa excusa de ir tomar o fresco á gruta, escapuliuse a unha pendente dende onde se vía a cancela que daba ao xardín do pazo. Botou dúas longas horas vixiando, mais non chegou ninguén. Xusto cando se dispoñía a marchar, un xinete pasou pola cancela coma un lóstrego e dirixiuse ao galope cara ao pazo. Sen se preocupar por nada que non fose a arela incontrolable de obter algunha información, correu cara ao home, convencida de que traía malas novas. Era un mozo da estación, que freou en canto a divisou, cunha expresión axitada e indecisa.

—Pasou algo? —berrou ela, sen alento.

—Houbo un accidente espantoso no ferrocarril, xusto do outro lado de Croydon. A nova chegou nun telegrama hai media hora —respondeu o home, mentres secaba o seu rostro acalorado.

—O tren do mediodía? Ía nel *sir* John? Axiña, cóntemo todo!

—Era ese tren, señorita, pero non sabemos se ía nel *sir* John ou non, porque o xefe do tren está morto e hai tal confusión que non se pode dar nada por seguro. Están a traballar para sacar os falecidos e os feridos. Soubemos que se esperaba a chegada de *sir* John, así que vin

para llo dicir ao señor Coventry, xa que pensei que que-  
rería achegarse. Sae un tren dentro de quince minutos.  
Onde o podo atopar? Dixéronme que estaba no pazo.

—Vaia, axiña! Encóntreo, se é que está aí. Eu vou  
correndo á casa para buscalo. Non perda tempo. Vaia!  
Veña!

Entón, Jean deu a volta e pegou a correr coma un  
foguetete, en tanto que o home subía a fume de carozo  
polo camiño para revolucionar o pazo.

Coventry estaba alí e partiu de inmediato, e o pazo e a  
mansión quedaron en estado de consternación. Por medo  
a que se lle notase a terrible inqedanza que a domina-  
ba, Jean encerrouse no seu cuarto e sufriu unha angustia  
indicible consonte decorría a xornada e comprobaba que  
non chegaba nova ningunha. Á noitiña resoou de súpe-  
to un berro na mansión e Jean baixou nun alustro para  
saber cal era o motivo. Bella estaba de pé no vestíbulo,  
cunha carta na man, namentres un grupo de serventes  
alborotados rebulía preto dela.

—Que é iso? —preguntou a señorita Muir, pálida e  
firme, aínda que sentiu como o corazón lle morría por  
dentro en canto recoñeceu a letra de Gerald. Bella en-  
tregoulle a nota e acalou os seus saloucos para volver  
escoitar a grave noticia que recibiran.

Benquerida Bella:

O tío está a salvo, non ía no tren do mediodía.  
Así e todo, hai varias persoas que aseguran que  
Ned si viaxaba nese tren. De momento, non hai  
rastros del, pero quedan moitos corpos no río,  
baixo os cascallos da ponte, e eu estou a facer



todo o posible para atopar o pobre rapaz, se é que está aí. Mandeí ir a todos os lugares que adoita frecuentar da cidade e, como ninguén o viu, espero que esta sexa unha información falsa e que estea a salvo co seu rexemento. Que ninguén lle diga nada disto a madre até que esteamos seguros. Escriboche a ti porque Lucia está enferma. A señorita Muir hache dar consolo e apoio. Teñamos esperanzas, rula.

O teu irmán,  
G. C.

Os que observaron a señorita Muir namentres lía aquelas palabras sorprendéronse ante os estraños xestos que adoptou o seu rostro, pois o xúbilo que nel apareceu ao coñecer que *sir* John estaba a salvo non se converteu en sufrimento nin en horror polo posible destino do pobre Edward. O sorriso esmoreceu nos seus beizos, pero a voz non se lle entrecortou e nos seus ollos abaixados reluciu unha inexplicable expresión de algo que se asemellaba ao triunfo. Non era de estrañar, pois, se aquilo era certo, o perigo que a ameazaba quedaría apartado durante un tempada e o casamento podería consumarse sen aquelas présas desesperadas. Parecíalle que aquel suceso triste e inesperado era o misterioso cumprimento dun desexo secreto e, aínda que estaba sorprendida, non se sentía intimidada, senón arrufada, pois o destino semellaba favorecer os seus designios. Consolou a Bella, controlou a casa alborotada e evitou que os rumores chegasen á señora Coventry durante toda aquela noite espantosa.

Na alborada, Gerald chegou á casa esgotado, sen ningunha noticia do desaparecido. Enviara un telegrama ao

cuartel xeral do rexemento e recibira unha resposta na que lle explicaban que Edward marchara para Londres o día anterior, coa intención de pasar pola casa antes de regresar. Tamén quedara confirmado o feito de que estivera na estación londiniense, pero aínda non se esclarecera se collera o tren ou non. Aínda procuraban entre os cascallos e o seu corpo ben podía aparecer.

—Vai vir *sir* John ao mediodía? —preguntou Jean ao sentaren os tres xuntos na rosada quietude do abrente, tratando de manter a esperanza.

—Non, o fillo dos Gower, que acaba de chegar da cidade, díxome que estivera enfermo e que por iso non puidera acabar de arranxar os seus asuntos. Mandeille aviso de que agardase até pola noite, pois non se vai poder cruzar a ponte até entón. Agora teño que tentar descansar unha hora: pasei a noite enteira traballando e non me quedan forzas. Avíseme decontado se chega algún mensaxeiro.

Dito iso, Coventry dirixiuse ao seu cuarto. Bella seguiu para atendelo e Jean botou a andar dun lado para outro da casa e polo eido adiante, incapaz de descansar. A mañá xa estaba ben avanzada cando chegou o mensaxeiro. Jean acudiu para recibir as noticias, coa perversa esperanza aínda asexándolle no corazón.

—Atopárono? —preguntou con calma, ao ver que o home non se decidía a falar.

—Si, señora.

—Ten certeza diso?

—Estou seguro, señora, inda que algúns non se atreven a aseguralo até que non veña o señor Coventry.

—Está vivo?

Os esbrancuxados beizos de Jean tremeron ao formular a pregunta.

—Ai, non, señora, iso sería imposible, debaixo de todas esas pedras e toda esa auga. O pobre mozo está tan mollado, esmagallado e esgazado que ninguén o recoñecería de non ser polo uniforme e pola man branca co anel.

Jean sentou, moi pálida, e o home describiu como atoparan o corpo esnaquizado do coitado. Cando rematou, apareceu Coventry e, cun ollar no que se mesturaban o remorso, a vergoña e a dor, o irmán máis vello partiu para buscar e traer á casa o máis novo. Jean dirixiuse paseniño ao xardín, coma quen se sente culpable de algo, tratando de agochar unha satisfacción que forcexaba co compadecemento natural dunha muller pola fin tan triste que lle tocara a aquela vida curta e afouta.

—Para que vou desperdiciar bágoas ou finxir mágoa cando teño que estar contenta? —murmurou, paseando de aquí para acolá polo pórtico—. O pobre rapaz quedou liberado do sufrimento e eu quedei libre do perigo.

Non proseguii, pois, ao dar a volta mentres falaba, atopouse cara a cara con Edward. Alí estaba, e nin a súa vestimenta nin o seu corpo amosaban sinal de que pasase por perigo ningún. Semellaba tan roxo e forte coma sempre, mirando para ela, co desprezo e a compaixón loitando no seu rostro. A rapaza ficou inmóbil, como convertida en pedra, cos ollos dilatados, coa respiración entrecortada e as meixelas cada vez máis pálidas. El non deu un chío, senón que a observou en silencio até que ela estendeu unha man trémula, coma se quixese tocalo e así asegurarse de que se trataba del de verdade. Entón, el retrocedeu e, coma se aquela acción resultase tan convincente coma as palabras, ela faloulle devagar:

—Dixéronme que estaba morto.

—E ben contenta que se puxo pensando que era certo. Non, foi o meu compañeiro, o fillo dos Courtney, o que,

sen sabelo, os enganou a todos e perdeu a vida, como me acontecía a min se non fose a Ascot tras me despedir del onte.

—A Ascot? —repetiu Jean, ao tempo que recuaba, pois Edward non lle quitaba o ollo de enriba e a súa voz soaba severa e fría.

—Si, xa coñece ese lugar. Fun alí para pescudar acerca de vostede e quedei bastante satisfeito. Como é que aínda anda por aquí?

—Os tres día aínda non acabaron. Espero que cumpra a súa promesa. Ireime antes de que anoiteza. Até entón, vostede gardará silencio, se é tan honorable como para manter a súa palabra.

—Sono —Edward sacou o seu reloxo para gardalo de novo e comentar cunha fría precisión—: Agora son as dúas, ás seis e media sae o tren para Londres. Terá unha carruaxe agardando por vostede na porta de atrás. Permítame aconsellarlle que marche daquela, pois penso falar en canto acabemos de cear.

Acto seguido fixo unha reverencia e entrou na casa, deixando a Jean case asfixiada cunha chea de emocións encontradas.

Durante uns minutos semellou paralizada, pero a enerxía innata daquela muller impedíalle chegar á desesperación absoluta até perder a derradeira esperanza. Pese ao fráxil que era o seu plan naquel momento, aínda se aferraba a el con teimosía, decidida a ganar aquel xogo contra todo prognóstico. Ergueuse dun chimpó e foi ao seu cuarto, meteu na maleta os seus poucos obxectos de valor, vestiuse con esmero e logo sentou á espera.

Ao pouco tempo sentiu unha axitación xubilosa embaixo, viu como Coventry volvía ás carreiras e unha doncela paroleira informouna de que o corpo era do fillo dos

Courtney. O uniforme, igual ca o de Edward, e mais o anel, que fora un agasallo del, fixéranlles crer aos homes que o cadáver desfigurado correspondía ao rapaz máis novo dos Coventry. A doncela foi a única que se lle achegou. Nunha ocasión chamouna a voz de Bella, pero alguén detivo a rapaza e a chamada non volveu repetirse.

Ás cinco leváronlle un sobre que estaba escrito coa letra de Edward e que contiña un cheque co que de sobra se lle pagaba o salario dun ano. Ningunha palabra acompañaba o agasallo, mais a xenerosidade que translucía conmoveuna, pois Jean Muir posuía os vestixios do que algunha vez fora unha natureza honrada e, a pesar da súa falsidade, aínda era quen de admirar a nobreza e de respectar a virtude. Unha bágoa de auténtica vergoña caeu no papel, e o seu corazón encheuse dunha gratitude real, pois pensou que, mesmo se todo o demais lle fallaba, ao menos non a botaban sen un can ao mundo, pois este non sentía compaixón ante a pobreza.

Cando o reloxo deu as seis, sentiu unha carruaxe nos arredores e baixou ao seu encontro. Un servente acomodou o seu maletín, deu a orde «Á estación, James», e así, marchou de alí sen se reunir con ninguén, sen falar con ninguén e, ao parecer, sen que ninguén a vise. Invadiuna unha sensación de absoluta fatiga e desexou con todas as súas forzas deitarse e esquecer. Con todo, aínda lle quedaba a derradeira oportunidade e, até que aquilo lle fallase, non tiña pensado renderse. Despediu a carruaxe e sentou para vixiar o tren de Londres das seis e cuarto, pois nel había chegar *sir* John, se é que chegaba aquela noite. Persegúíaa o medo de que Edward se atopase con el e llo contase todo. A primeira visión do franco rostro de *sir* John revelaríalle a verdade. Se o sabía, xa non quedaría ningunha esperanza e ela tomaría

o seu camiño soa. Se non sabía nada, aínda estaban a tempo de casar e, unha vez que fose a súa esposa, sabía que estaba a salvo, porque el, polo honor do seu nome, había amparala e protexela.

O tren chegou axiña e *sir* John apeouse. Jean sentiu como o corazón lle morría por dentro. Traía un cariz circunspecto, pálido e esgotado, e apoiaba o seu peso no brazo dun home corpulento vestido de negro. «O reverendo Fairfax! Por que viría, se xa saíu á luz o segredo?», pensou Jean, namentres avanzaba amodo ao seu encontro, con medo de ler o seu destino na face de *sir* John. El avistouna, descolgouse do brazo do amigo e acelerou o paso co ardor dun mozo, e exclamou, ao coller a man dela, cun rostro radiante e cunha voz alegre:

—Miña nena! Pensabas que non ía regresar nunca?

Ela non puido contestar; a reacción era demasiado forte, pero agarrouse a el, sen reparar no tempo nin no espazo, convencida de que non lle fallara a súa derradeira esperanza. O señor Fairfax demostrou estar á altura das circunstancias. Sen facer preguntas, fixo subir enseguida a *sir* John e a Jean a unha carruaxe, e el montou despois, escusándose cun ton insulso. Jean non tardou en volver ao seu e, logo de confesar os medos que sentira ante o seu atraso, escoitouno ansiosa namentres el lle relataba os diversos contratempes que o retiveran.

—Viu a Edward? —preguntoulle ela antes de nada.

—Aínda non, pero sei que está aquí e xa me contaron que se librou polos pelos. Eu ía coller ese tren, pero atrasoume unha indisposición que naquel momento mal-dixen, mais que agora bendigo. Está preparada, Jean? Arrepíntese da súa decisión, miña nena?

—Non! Estou lista, invádeme a dita por me converter na súa esposa, meu querido e xeneroso *sir* John —clamou

Jean, cunha alacridade xovial que tocou o corazón do vello e engaiolou o reverendo Fairfax, que agochaba o romanticismo dun rapaz baixo as roupas clericais.

Chegaron ao pazo. *Sir* John ordenou que non entrase ninguén e, tras cearen ás présas, mandou chamar a súa vella ama de chaves e o seu administrador, explicoulles as súas intencións e pediulles que fosen testemuñas do seu casamento. A obediencia fora a norma pola que se rexeran as súas vidas, e o señor non podía facer nada mal aos seus ollos, así que desempeñaron os seus papeis con moito gusto, pois Jean gozaba do favor do pazo.

Ela, pálida coma o seu longo vestido, pero calma e firme, púxose ao lado de *sir* John, pronunciou as súas promesas cun ton claro e asumiu os votos dunha esposa cunha docilidade aínda maior da habitual nunha noiva. Cando tivo o anel posto no seu sitio, debuxóuselle un sorriso no rostro. Cando *sir* John a bicou e lle chamou a súa «mulleriña», caéronlle un par de bágoas de verdadeira felicidade e, cando o señor Fairfax se dirixiu a ela como «señora», riu con esas gargalladas musicais súas e levantou a mirada cara a un cadro de Gerald cos ollos cheos de exultación.

Logo de saíren os serventes da estancia, chegou unha mensaxe da señora Coventry, que lle suplicaba a *sir* John que fose onda ela sen demora.

—Non irás e me abandonarás tan axiña, verdade? —pregou Jean, que sabía ben o motivo polo cal o mandaran chamar.

—Teño que ir, meu amor.

A pesar da súa tenrura, o comportamento de *sir* John era demasiado resolto para lle levar a contra.

—Daquela, vou contigo —exclamou Jean, que decidiu que ningún poder terreal os había separar.

IX  
A SEÑORA COVENTRY

Tan pronto como amainou a axitación inicial polo regreso de Edward, e antes de lle preguntaren o motivo da súa inesperada visita, el díxolles que despois de cear había satisfacer a súa curiosidade e, entre tanto, pediu que deixasen a señorita Muir tranquila, posto que recibira malas novas e non debían molestala. Non sen dificultade, a familia contivo a lingua e agardou con impaciencia.

Gerald confesou o amor que sentía por Jean e pediulle perdón ao seu irmán por traizoar a súa confianza. Contaba con que lle daría unha arroutada, pero Edward limitouse a mirar para el cos ollos cheos de compaixón e exclamou con tristeza:

—Ti tamén! Non teño nada que reprocharche, pois sei o que vas sufrir cando saia á luz a verdade.

—Que queres dicir? —preguntou Coventry.

—Axiña o saberás, meu pobre Gerald, e habemos consolarnos un ao outro.

Non puideron sacarlle máis nada a Edward até que rematou a cea, marcharon os serventes e a familia quedou a soas. Daquela, pálido e circunspecto, pero moi sereno,



pois as dificultades fixeran del un home, sacou un paquete de cartas e explicou, dirixíndose ao seu irmán:

—Jean Muir enganounos a todos... Eu coñezo a súa historia. Permitídemme que vola conte antes de ler as cartas.

—Abonda! Non penso escoitar contos falsos contra ela. A coitada ten inimigos que a contradín! —berrou Gerald, poñéndose en pé dun chimpó.

—Polo honor da familia tes que escoitar e saber como nos puxo en ridículo. Podo demostrar o que digo e convenceste de que posúe a arte do demo. Senta aquí calado dez minutos e logo marcha, se queres.

Edward falara con autoridade e o seu irmán obedeceuno, cun presentimento no corazón.

—Estiven con Sydney e pediume que tivese coidado con ela. A ver, escoita, Gerald! Sei que che contou a súa historia e que ti a cres, pero condénana as súas propias cartas. Tratou de engaiolar a Sydney como fixo connosco, e a piques estivo de convencelo para que casase con ela. Con todo, por moi impulsivo e atoleirado que sexa, segue a ser un cabaleiro e, cando unha palabra incauta dela o fixo sospeitar, negouse a convertela na súa dona. Logo, montouse unha boa escena e ela, nun intento de intimidalo, finxiu que se apuñalaba coma se estivese desesperada. Chegou a ferirse, pero non deu saído coa súa e porfiou en marchar a un hospital para morrer. A señora Sydney, unha alma boa e sinxela, creu a versión da historia da rapaza, pensou que o seu fillo actuara mal e, en canto el marchou, tratou de compensar a Jean Muir pola equivocación do mozo buscándolle outro fogar. Pensaba que Gerald non había tardar en casar con Lucia e que eu estaba fóra, así que a enviou aquí considerando que este era un refuxio seguro e comfortable.

—Pero, Ned, estás seguro diso? Debemos crer a Sydney? —interveu Coventry, aínda incrédulo.

—Para te convencer, vou ler as cartas de Jean antes de dicir máis nada. Escribiullas a unha cómplice súa, pero Sydney comprounas. As dúas mulleres tiñan o pacto de que se habían manter ao corrente de cadansúas aventuras, tramas e plans, e de que habían compartir a fortuna que lles tocase en sorte. Así, Jean escribía con total liberdade, como has poder ver. As cartas só se refiren a nós. A primeira escribiuna poucos días despois de chegar aquí.

»Querida Hortense:

»Outro fracaso. Sydney era máis arteiro do que pensaba. Todo ía ben até que un día me vin acurrallada polo meu antigo defecto: tomei viño de máis e recoñecín á lixeira que fora actriz. El quedou dunha peza e botouse atrás. Entón, monte unha escena e fíxenme unha pequena ferida sen perigo, para lle meter medo. Emporiso, o moi brután non colleu medo ningún, senón que me abandonou con frialdade á miña sorte. Se me atrevese, deixaríame morrer para facerlle dano, pero como non ousei, sobrevivín para atormentalo. Até o de agora non tiven a oportunidade de facelo, pero non me vou esquecer del.

»A súa nai é unha miñaxoia que utilicei ao meu antollo e, a través dela, atopei un lugar estupendo. Unha nai doente, unha filla babeca e dous fillos que poden ser bo partido. Un deles está comprometido cun fermoso carambo de xeo, pero iso só fai que resulte máis interesante aos meus ollos:

a rivalidade fai que medre moito o engado das conquistas que unha pretende.

»O caso, querida, é que cheguei aquí, ataviada cun estilo submisivo e coa intención de facer o número da rapaza patética, pero antes de ver a familia, anoxeime tanto que traballo me custou non perder o control. Por culpa do desleixo do señorito Monsieur non enviaron carruaxe ningunha a recollerme e, antes ou despois, quero que me compense por esa grosaría. O fillo máis novo, a nai e a rapaza recibíronme con condescendencia, e eu comprendín deseguida aquelas almas sinxelas.

»Monsieur (como lle vou chamar, posto que non é seguro utilizarmos os seus nomes) amosouse inaccesible e non puxo coidado ningún en ocultar a manía que lles tiña ás institutrices. A curmá era encantadora, pero detestable polo seu orgullo, a súa frialdade e a súa máis ca evidente adoración por Monsieur, que deixaba que ela o venerase, coma se fose un ídolo inanimado, como de feito é. Odieinos aos dous, claro, e, a cambio da súa insolencia, a ela penso atormentala con celos e a el ferirlle o corazón, para lle ensinar como se lle fai a corte a unha muller.

»É unha familia inmensamente orgullosa, pero coido que lles poden dar unha lección de humildade a todos, cativando os fillos para logo me desfacer deles así que estean comprometidos e casar co vello do seu tío, que ten un título que me chama bastante.

—Iso non o escribiu ela! É imposible. Unha muller non sería quen de facer tal cousa —berrou Lucia, indignada,

namentres que Bella ficaba desconcertada no seu asento e a señora Coventry se axudaba dos seus sales e do seu abano.

Coventry foi cara ao seu irmán, examinou a letra e regresou ao seu sitio, dende onde sinalou, cun ton de furia reprimida:

—Si que o escribiu ela. Eu mesmo mandei por correo algunhas desas cartas. Continúa, Ned.

»Mostreime disposta e agradable cos que eran amables, até que sorprendín a conversa dos amantes. Como non me conviña, desmaieime para detela e espertar o interese da irritante parella. Pensei que o conseguira, pero Monsieur sospeitou de min e deixoumo ver. Daquela esquecín o meu papel submisivo e lanceille unha mirada teatral. Causou un bo efecto e penso volver probala. Ao home este paga a pena conquistalo, pero eu prefiro o título e, como o tío é un cabaleiro baril e robusto, non podo agardar a que morra, aínda que Monsieur resulta encantador, con ese langor elegante seu e con ese corazón, tan profundamente durmido que ningunha muller tivo aínda poder abondo para espertar.

»Conteilles a miña historia e eles crérona, malia que tiveron o atrevemento de dicir que non tiña máis ca dezanove anos, de falar escocés e de confesar con timidez que Sydney quería casar comigo. Monsieur coñece a S. e está claro que sospeita algo. Teño que telo ben vixiado e ocultarlle a verdade, se me é posible.

»Esa noite, cando quedei soa, sentínme moi desgraciada. Hai algo na atmosfera deste fogar fe-

liz que me fixo desexar ser calquera cousa menos o que son. Namentres estaba aquí sentada tratando de coller folgos, pensei naqueles días nos que era nova e adorable, boa e alegre. O espello devolvíame a imaxe dunha vella de trinta anos, pois xa me desfixera dos cabelos falsos, xa limpara a maquiillaxe e o meu rostro estaba sen a súa máscara. Boh! Como odio o sentimentalismo!

»Bebín á túa saúde da túa pequena petaca e marchei para a cama a soñar con que estaba a representar o papel de Lady Tartufo<sup>7</sup>, como de feito estou a facer. Adeus, escribireiche pronto.

Ao que Edward quedou calado, ninguén falou, de xeito que colleu outra carta e seguiu lendo:

»Querida amiga:

»Todo vai ben. Ao día seguinte comecei o meu labor e, tan pronto como tiven unha pista de como era o carácter de cadaquén, puxen a proba o meu poder sobre eles. Pola mañá cedo fun ver o pazo nunha carreira. Compraceume, e dei o primeiro paso para me converter na súa señora, picando a curiosidade e afagando o orgullo do seu señor.

---

<sup>7</sup>*Lady Tartuffe* (1853) é unha comedia en cinco actos de Delphine de Girardin (Aquisgrán, 1804-París, 1855) coa que a súa autora fai unha clara alusión ao *Tartufo* de Molière. A protagonista, Madame de Blossac (Lady Tartuffe), quere casar co Maréchal de Clairmont, un home rico e moito máis vello ca ela que garantiría a súa seguridade financeira. Así e todo, está namorada ás agachadas de Héctor, un nobre novo e aposto, de xeito que trata de arruinar a reputación da súa prometida, Jeanne, para evitar o seu casamento e tamén para distanciar o Maréchal de Clairmont da súa familia, que tenta convencelo de que non se despose con ela. O papel de Madame de Blossac foi interpretado pola actriz Rachel na Comédie-Française (véxase a nota 1).

El idolatra as súas propiedades, así que llas gabei e lle botei uns cantos piropos sen malicia; quedou encantado. O fillo máis novo da familia adora os cabalos, así que xoguei o pescozo para darlle mecos ao seu animal; cativeino. A rapaza é unha namorada das flores, así que aviei un ramallete e adoptei unha actitude sentimental; conquisteina. O esbrancuxado carambelo de xeo adora a súa defunta nai, así que me extasiei diante dun cadro antigo; derreteuse. Monsieur está afeito a que o veneren, así que non lle fixen caso ningún, e, pola perversidade natural da natureza humana, el comezou a facerme caso a min. Gústalle a música, así que me puxen a cantar e parei cando el escoitara abondo para querer máis. Ao moi nugallán encántalle que o entreteñan, así que lle amosei o meu talento, pero negueime a empregalo para el. En resumo, non o deixei tranquilo até que comezou a espelirse. Para me desfacer do rapaz máis novo, encandeeino e mandárono fóra. Coitado, gustábame bastante e, se o título non lle quedase tan lonxe, casaría con el.

—Moitas grazas por ese honor —Edward puxo un xesto de moca cargado dun profundo desprezo.

Con todo, Gerald ficaba sentado coma unha estatua, cos dentes apertados, cos ollos acesos e co fociño torcido, agardando polo final.

»O apaixonado do rapaz case mata o seu irmán, pero eu tirei proveito do asunto e seducín a Monsieur facendo o papel de enfermeira, até que Vashti (o carambelo) se meteu no medio. Entón,

interpretei a virtude ferida e mantiven as distancias con el, pois sabía que me había botar en falla. Confundino co tema de S. enviándolle unha carta a un enderezo onde S. non ía recibila, e argallei todo tipo de escenas sensibles para conquistar este malpocado orgulloso. Fun facendo progresos e, entre tanto, encandeei en privado a *sir* J. cunha actitude filial e abnegada. É un vello respectable, simple coma un neno, leal coma a mesma lealdade e xeneroso coma un príncipe. Hei ser unha muller feliz se o dou conquistado, e ti has compartir a miña fortuna, así que deséxame sorte.

—Esta é a terceira e contén algo que te vai sorprenden —dixo Edward, collendo outro papel.

»Hortense:

»Fixen algo que tiña pensado facer noutra ocasión. Xa sabes que o baril e disoluto do meu pai tomou unha muller de bo rango como segunda esposa. Non vin a señora H——d máis ca unha vez, posto que me mantiveron arredada dela. Un día, descubrín que o bo de *sir* J. sabía algo de cando ela era cativa e, despois de me asegurar de que non estaba ao corrente da morte da súa filla, armeime de valor e díxenlle que eu era esa rapaza, e logo narreille un conto lamentoso sobre os meus primeiros anos de vida.

Funcionou de marabilla: el contoullo a Monsieur e ambos os dous comezaron a sentir unha compaixón do máis cabaleirosa pola filla da señora Howard, malia que antes desprezaran en segredo a miña persoa, a miña pobreza verdadeira e a

miña humildade. O outro rapaz sentía mágoa por min cunha tenrura sincera e non tivo que agardar a saber do meu nacemento. Iso non o esquezoo e hei corresponderlle, se podo.

»Co ánimo de que o tema con Monsieur chegase a unha conxuntura propicia, organiceí un serán de teatro, onde estiven coma a troita no río. Teño que contarche un pequeno suceso que aconteceu, porque cometín unha falta procesable e case me descubren. Non baixei á cea, xa que sabía que a avelaiña había volver para revoar arredor da candeia e prefería que aquel voo tivese lugar en privado, tendo en conta que os celos de Vashti están a volverse incontrolables. Ao pasar polo camerino dos cabaleiros, os meus áxiles ollos avistaron unha carta tirada entre os traxes. Non era ningún trebello para o escenario, e unha estraña sensación de medo percorreu o meu corpo cando recoñecín a letra de S. Temía que ocorrese isto, pero creo no azar e, xa que atopara a carta, examineina.

»Sabes que podo imitar case calquera letra. Cando lin naquel papel toda a historia da miña aventura con S., a versión verdadeira, e tamén que pescudara o meu pasado e descubrira a a verdade, alporiceime. Estar tan preto do éxito e fracasar era terrible, así que decidín arriscalo todo. Abrín a carta introducindo a folla quente dun coitelo por debaixo do selo, así que o sobre quedou en perfecto estado. Redactei unhas poucas liñas imitando a letra de S., con ese estilo apurado seu, e puxen que estaba en Baden, para que, no caso de que Monsieur lle contestase, non lle chegase a resposta, pois disque se atopa en Londres. Metín



esta carta no peto de onde debiera caer a outra e, xusto cando me felicitaba por conseguir escapar polos pelos, apareceu Dean, a doncela de Vashti, que semellaba estar a vixiarme. Era obvio que me vira coa carta na man e que sospeitaba algo. Ignoreina, pero debo andar con ollo, pois está alerta.

»Despois disto, o serán rematou cunhas representacións teatrais estritamente privadas nas calles Monsieur e mais eu fomos os únicos actores. Para me asegurar de que recibía en primeiro lugar a miña versión dos feitos, conteille unha historia romántica segundo a cal S. me tiña sometida a unha persecución, e el creuna. Logo, montei unha escena á luz da lúa, detrás dunha sebe de roseiras, e mandei o mozo para a casa medio atordado. Que parvos son os homes!

—Ten razón! —murmurou Coventry, que arrubiara coa vergoña e a carraxe ao ver como se descubría a súa necidade e como Lucia escoitaba en atónito silencio.

—Só unha máis e a miña ingrata tarefa case chegará á súa fin —sinalou Edward namentres despregaba o último dos papeis—. Isto non é unha carta, senón a copia dunha escrita hai tres noites. Dean tivo a coraxe de rexistrar de arriba abaixo o escritorio de Jean Muir mentres ela ía no pazo e, como temía delatarse se levaba a carta con ela, fixo unha copia ás présas e deuma hoxe, suplicándome que salvase a familia da desgraza. Con isto péchase o círculo. Gerald, marcha agora, se queres. De boa gana che aforraría o sufrimento de ter que escoitar isto!

—Non quero que mo aforres, merézoo. Sigue lendo —retrucou Coventry, que xa supoñía o que viña e se armou de valor para escoitalo.

O seu irmán leu aquelas liñas a contragusto:

»O inimigo entregouse! Que alegría, Hortense! Podo ser a esposa do orgulloso Monsieur, se me peta. Pénsao ben: isto é todo un honor para a muller divorciada dun actor de mala fama! Esta farsa faime rir e gozar a un tempo, pois só agardo que o premio que quero sexa meu de veras para volver e rexeitar este amante que demostrou ser desleal co seu irmán, coa súa amante e coa súa propia conciencia. Decidín vingarme dos dous e non vou faltar á miña palabra. Por min, abandonou unha muller fermosa que o amaba de verdade, esqueceu a promesa que lle fixera ao seu irmán e deixou de lado o seu orgullo para me implorar que lle entregase este corazón desgastado que non é merecedor do amor dun bo home.

»Pois ben, estou satisfeita, porque Vashti sufriu a dor máis punxente que pode aturar unha muller orgullosa, e aínda vai sentir outra punzada cando lle confese o desprezo que sinto polo seu covarde amante e llo devolva para que faga con el o que lle praza.

Coventry ergueuse dun pulo do seu asento cunha exclamación feroz, mais Lucia abaixou a cabeza cara ás mans e botouse a chorar, coma se a punzada resultara máis dolorosa aínda do que Jean previra.

—Mandade chamar a *sir* John! Esa muller tenme morta de medo. Levádea de aquí, facede algo con ela. Miña pobre Bella, vaia dama de compañía che fomos buscar! Mandade chamar por *sir* John decontado! —berrou de xeito incoherente a señora Coventry, que rodeou a

súa filla cos brazos, coma se Jean Muir fose irromper na estancia para aniquilar a familia toda. Edward era o único que mantiña a calma.

—Xa o mandei chamar e, namentres agardamos, deixádemme rematar esta historia. Certo é que Jean é filla do esposo da señora Howard, o suposto pastor que, na realidade, é un home desprezable que casou con ela polos seus cartos. A filla dela morreu, pero esta rapaza, posuidora de beleza, de enxeño e dun espírito ousado, tomou as rendas do seu destino e converteuse en actriz. Casou cun actor, levou unha vida de irresponsabilidade durante varios anos, máis tarde rifou co marido, divorciouse e marchou para París, e despois deixou o escenario e tratou de ganhar o pan como institutriz e dama de compañía. Xa sabedes como lle foi cos Sydney, como nos enganou a nós e, de non ser por este descubrimento, como enganaría a *sir* John. Grazas a Deus, cheguei a tempo para evitalo. Xa marchou, ninguén sabe a verdade alén de Sydney e de nós. El gardará silencio, pola conta que lle ten, e nós, polo noso ben, tamén; abandonaremos esta perigosa muller á súa sorte, que seguro que lle acaba dando unha boa sorpresa.

—Xa lle deu unha sorpresa, grazas, e unha ben afortunada, ao parecer dela.

Fora unha voz suave a que pronunciara aquelas palabras. Na porta xurdiu unha sombra que fixo que todos se sobresaltasen e se botasen cara a atrás abraiados: Jean Muir apoiada no brazo de *sir* John.

—Como se atreve a volver? —estalou Edward, perdendo o autocontrol que tanto tempo lograra manter—. Como se atreve a insultarnos volvendo aquí para gozar do dano que nos fixo? Tío, vostede non coñece esa muller!

—Está calado, neno, non penso escoitar nin unha palabra até que recordes onde estás —dixo *sir* John cun xesto autoritario.

—Lembra a túa promesa: ámame, perdóame, protéxeme e non escoites as súas acusacións —bisbou Jean, cuxos áxiles ollos descubriran as cartas.

—Si, meu ben, non te preocupes —respondeulle *sir* John, que a achegou máis a el ao se dirixir ao sitio que acostumaba ocupar diante do lume, que sempre estaba aceso cando baixaba a señora Coventry.

Gerald, que paseaba axitado pola estancia, detívose detrás da cadeira de Lucia, como para protexela da aldraxe. Bella agarrouse á súa nai e Edward, facendo un grande esforzo para se serenar, entregoulle as cartas ao seu tío e limitouse a dicirlle:

—Bótelles un ollo, señor, e que sexan elas as que falen.

—Non penso mirar nada, escoitar nada nin crer nada que poida minguar dalgún xeito o respecto e o afecto que sinto por esta dama. Ela xa me preparou para isto. Coñezo o inimigo, que fai cousas tan impropias dun home como contradicila e ameazala. Sei que vós os dous sodes uns amantes fracasados e iso explica o voso xeito de a tratar agora, inxusto e descortés. Todos cometemos algún erro e fixemos algunha toleada. Eu perdóolle libremente a Jean as súas faltas e non quero saber nada delas a través de vós. Se ela ofendeu de maneira inocente a alguén, desculpádeas por min e esquecede o pasado.

—Pero, tío, temos probas de que esta muller non é o que parece. Condénana as súas propias cartas. Léaas e non se deixe enganar ás cegas —berrou Edward, indignado ante as palabras do seu tío.

Un riso polo baixo sobresaltounos a todos e deseguida descubriron a súa causa. Namentres *sir* John falaba, Jean

colléralle as cartas da man, que el levará ás costas nun dos seus xestos favoritos, e, sen que ninguén se decatase, tiráraas ao lume. O riso de mofa e a repentina lumarada poñían de manifesto o que acontecera. Os dous mozos deron un chimpo cara a adiante, pero xa era demasiado tarde: as probas non eran máis ca cinzas. Desafiáronos os ollos ousados e brillantes de Jean Muir, que dixo, facendo un pequeno aceno desdeñoso:

—Non metan aí as mans, cabaleiros! Poden degradarse ao labor dos detectives, pero eu aínda non estou presa. Á pobre Jean Muir si que podían facerlle dano, mais a señora Coventry está fóra do seu alcance.

—A señora Coventry! —repetiu a familia, consternada, cuns tons variados de incredulidade, de indignación e de abraio.

—Así é, en efecto, a miña querida e honorable esposa —reafirmou *sir* John, que arrodeou cun brazo protector a delgada figura que se atopaba ao seu carón, imprimindo unha tenra dignidade naquela acción e nas palabras que conmoveu os oíntes con compaixón e respecto por aquel home enganado—. Recíbídea como tal e abstédevos de seguir acusándoa; facédeo por min —proseguiu con firmeza—. Son moi consciente do que fixen. Non teño medo de me arrepentir. Se estou cego, deixádeme seguir así até que o tempo me abra os ollos. Marcharemos durante un tempo e, á nosa volta, gustárame recuperar a nosa vida de sempre, sen cambios, agás polo feito de que Jean estará aquí para alegrar a miña existencia e tamén a vosa.

Ninguén falou, porque ninguén sabía que dicir. Jean rompeu o silencio para inquirir, con frialdade:

—Podo preguntar como chegaron ao seu poder esas cartas?

—Ao indagar sobre o seu pasado, Sydney deu coa súa amiga Hortense. Era pobre, comprouna o diñeiro e as súas cartas fóronlle entregadas a el tan pronto como ela as recibía. Aos traidores sempre acaban por delatalos —respondeu Edward con severidade.

Jean encolleu os ombros, lanzoulle unha mirada a Gerald e díxolle, co seu expresivo sorriso:

—Non se esqueza diso, *monsieur*. Espero que co casamento sexa máis afortunado ca co cortexo. Reciba os meus parabéns, señorita Beaufort. Implórolle que siga o meu exemplo, se quere conservar os seus amantes.

Entón, desapareceu todo o sarcasmo da súa voz e o desafío dos seus ollos, e o único atributo que aínda permanecía intacto na habilidosa natureza daquela muller brillou no seu rostro cando se virou cara a Edward e Bella, que estaban ao pé da súa nai.

—Vostedes portáronse ben comigo —sinalou, cun ton cálido e agradecido—. Agradézollelo e correspondereilles, se está na miña man. Ante vostedes recoñezo que non son merecedora de ser a dona deste bo home e ante vostedes fago a solemne promesa de que vou dedicar a miña vida á súa felicidade. Perdóenme, fágano por el, e esteamos en paz.

Ninguén respondeu, pero os ollos indignados de Edward abaixáronse ante os dela. Bella quixo estender a man e a señora Coventry deixou escapar un salouco, coma se algún pesar se mesturase co seu resentimento. Parecía que Jean non agardaba ningunha mostra de cordialidade, que entendía que, se estaban a conterse, era por *sir* John, non por ela, e que aceptaba o seu desprezo como o seu xusto castigo.

—Ven para a casa, meu amor, e esquece todo isto —suxeriu o seu esposo en tanto que tocaba a campai-

ña, ansioso por marchar de alí—. A carruaxe da señora Coventry!

Cando el deu aquela orde, no rostro dela debuxouse un sorriso, pois o son daquelas palabras confirmáballe que a partida estaba ganada. Antes de desaparecer da súa vista, detívose uns intres no limiar, ollou cara a atrás e cravou en Gerald aquela estraña mirada, que el tan ben lembraba, para dicir coa súa penetrante voz:

—Acaso non é a última escena mellor ca a primeira?